# ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
## Sesión do 28 de maio de 2020 (817/1102)

**ASISTENTES:**

**Membros :**
D. Abel Caballero Álvarez
Dª Mª Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
Dª Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
Dª Yolanda Aguiar Castro
Dª Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

Dª Mª José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira
Dª Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e oito de maio de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(368).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión da sesión extraordinaria e urxente do 19 de maio, ordinaria do 21 e extraordinaria e urxente do 22 de maio de 2020. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(369).- ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN VIDA DIGNA” PARA O MANTEMENTO DUN COMEDOR SOCIAL E DISPENSACIÓN DE AXUDAS DE ALIMENTOS A PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (2019-2021). EXPTE. 199740/301**.
Visto o informe de fiscalización do 20/05/2020, dáse conta do informe-proposta do 18/05/2020, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto ao

servizo, o xefe de Área, a concelleira de Política de Benestar Social e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.1. A «Asociación VIDA DIGNA» é unha organización sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro de asociacións de Pontevedra co nº 2001/005526-1, que ten como obxectivo a atención integral ás persoas en estado de necesidade, facilitándolles a axuda necesaria para satisfacer as súas necesidades materiais, formativas, psicolóxicas, administrativas e ocupacionais.

Entre os seus proxectos e programas de asistencia, desenvolve unha actividade de apoio con alimentos básicos a familias en situación de risco ou exclusión social e, ademais, xestiona un comedor social de fin de semana, proporcionando ás persoas usuarias alimentación todos os sábados e domingos do ano, complementando deste xeito ós outros servizos de comedor da cidade.

I.2. A Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo ven traballando desde hai anos coa «Asociación VIDA DIGNA», entidade colaboradora que presta un servizo inestimable cubrindo, en parte, as carencias da estrutura municipal actual na atención ás necesidades básicas de moitas persoas e familias en situación de precariedade económica.

I.3. Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 30.05.2019 (Exp. nº 180999/301) aprobouse o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN VIDA DIGNA" PARA O MANTEMENTO DUN COMEDOR SOCIAL E DISPENSACIÓN DE AXUDAS DE ALIMENTOS A PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (2019 – 2021)», que foi asinado polas partes o 17.06.2019.

I.4. O gasto total, para todo o periodo de vixencia deste Convenio, era de 135.000€, a razón de 45.000€/ano, con cargo no exercicio de 2019 á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.12 - *"Convenio Vida Digna"* As achegas correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021) estarían condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

I.5. Na súa Cláusula Quinta estableceuse o réxime de pagamentos nestes termos:

*«QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:*

- *No ano 2019, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2020 e 2021, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.*

- *O 50% restante, unha vez xustificados os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos tres exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.*

*Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incursa en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións».*

I.6. Con todo, no contexto actual de grave crise sanitaria e social derivada da pandemia provocada polo COVID-19, resulta absolutamente necesario garantir tanto o normal funcionamento dos servizos sociais municipais como os daqueles que se realizan a través das diversas entidades colaboradoras que prestan un servizo inestimable de atención ás necesidades básicas de moitas persoas e familias en situación de precariedade económica; entidades de iniciativa social que están a atravesar tamén por graves dificultades de funcionamento debido ó incremento das solicitudes de axuda de alimentación básica.

I.7. É por este motivo polo que resulta necesario neste momento introducir unha modificación puntual no contido do Convenio asinado coa «Asociación VIDA DIGNA» (Cláusula Quinta) a fin de **permitir o aboamento do 50% da contía anual pendente (22.500€), unha vez xa xustificado o primeiro 50% (consta no Exp. n.º 196068/301)**. Mantense, iso sí, a obriga de xustificación do 100% da subvención concedida con anterioridade ó 01.11.2020.

I.8. Dacordo co previsto na súa Cláusula Décimo primeira: *«Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente Addenda».*

I.9. Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar, co contido indicado, a ADDENDA Ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN VIDA DIGNA" PARA O MANTEMENTO DUN COMEDOR SOCIAL E DISPENSACIÓN DE AXUDAS DE ALIMENTOS A PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (2019 – 2021)».

I.10. Tendo en conta a modificación proposta, considérase que, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), esta Addenda deberá ser sometida a informe da Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL e Base nº 40.3).

I.11. A competencia para aprobar a Addenda ó precitado Convenio correspóndelle á Xunta de Goberno Local, por proposta da Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social (Art. 127.1.g) LRBRL, Art. 31 LSG e Apdo. terceiro, Ptos. 5, 13 e 14 das Resolucións da Alcaldía – Presidencia do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e do 26.06.2019, de delegación de competencias (2019-2023) nos/as concelleiros/as delegados/as de Área.

I.12. Enténdese que, pola materia obxecto desta Addenda e a finalidade do Convenio que na súa virtude se modifica, a súa aprobación polo órgano competente municipal estaría expresamente abeirada polo RD.463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (modificado polo RD.465/2020, do 17 de marzo), que estableceu con carácter xeral a suspensión da totalidade dos trámites e a interrupción dos prazos de tramitación dos procedementos administrativos, a non ser a daqueles referidos a situacións estreitamente vencelladas ós feitos xustificativos do estado de alarma e os indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 4).

No mesmo sentido exprésase, para o ámbito interno do Concello de Vigo, a Concellería delegada de Xestión municipal na súa *"Nota informativa suspensión de prazos administrativos (Estado de Alarma RD 463/2020 e RD 465/2020)"*, do 20.03.2020 (Exp. Nº 788/1102).

I.13. A súa sinatura corresponde ó Alcalde – Presidente da Corporación (Arts. 124.4.a] LRBRL e 61.1.a] LALGA) e, por delegación súa (Resolucións do 18.06.2019 e 26.06.2019, Apdo. Terceiro, Pto. 5 e Base nº 40.2), á Concelleira delegada de Política de Benestar Social.

I.14. O preceptivo informe xurídico (Base nº 40.3 das de execución do orzamento xeral) dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Acordar, ó abeiro do previsto na Disp. Adic. 3ª, Apdo. 4, do RD.463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (modificado polo RD.465/2020, do 17 de marzo), a continuación do procedemento incoado para a aprobación da Addenda ó Convenio de colaboración entre este Concello e a «Asociación VIDA DIGNA», por consideralo incluído nos supostos exceptuados da suspensión de trámites e interrupción de prazos de tramitación pola súa directa vinculación cos feitos xustificativos do estado de alarma, a protección do interese xeral e o funcionamento básico dos servizos sociais no contexto da actual situación de crise sanitaria global e de resposta social inmediata ás necesidades básicas da cidadanía.

SEGUNDO.- Prestar aprobación á ADDENDA Ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN VIDA DIGNA" PARA O MANTEMENTO DUN COMEDOR SOCIAL E DISPENSACIÓN DE AXUDAS DE ALIMENTOS A PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (2019 – 2021)», co texto que a seguir se transcribe.

TERCEIRO.- Publicar este acordo no "Portal da Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Vigo (**http://transparencia.vigo.org**) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ADDENDA Ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN VIDA DIGNA” PARA O MANTEMENTO DUN COMEDOR SOCIAL E DISPENSACIÓN DE AXUDAS DE ALIMENTOS A PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (2019 – 2021)».

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, Dª Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno Local, Dª. Mª Concepción Campos Acuña.

Doutra parte,

D. Ricardo Misa Díaz, con DNI nº 76.990.621-F, Vicepresidente da «Asociación VIDA DIGNA», CIF nº G-36884708, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Vázquez Varela nº 21, baixo, de Vigo, CP 36204.

INTERVEÑEN

Dª. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, dacordo cos Decretos do Alcalde – Presidente do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. Terceiro, Pto. 5).

D. Ricardo Misa Díaz, actuando en representación da «Asociación VIDA DIGNA», segundo así resulta dos seus estatutos e da certificación do Secretario da Asociación de data 21.02.2019 achegado ó expediente, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

Dª. Mª Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización da presente Addenda e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I. O 17.06.2019 foi asinado polas partes o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN VIDA DIGNA" PARA O MANTEMENTO DUN COMEDOR SOCIAL E DISPENSACIÓN DE AXUDAS DE ALIMENTOS A PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (2019 – 2021)», aprobado na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 30.05.2019 (Exp. nº 180999/301).

II. Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Asociación VIDA DIGNA», que se comprometeu a prestar atención ás persoas en situación de emerxencia ou risco de exclusión social, sen distinción ideolóxica, relixiosa ou étnica, cun servizo de comedor social os fins de semana e festivos durante todo o ano.

Atenderá tamén ás persoas que sexan derivadas pola Concellería de Política de Benestar Social para axuda de alimentos por medio de paquetes quincenais que comprendan alimentos básicos e, ademais, bocadillos diarios e paquetes adaptados semanalmente a persoas sen fogar ou que non teñen acceso a cociñar.

III. Na súa Cláusula Quinta estableceuse o réxime de pagamentos:

*«QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:*

- *No ano 2019, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2020 e 2021, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.*

- *O 50% restante, unha vez xustificados os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos tres exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.*

*Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incursa en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións».*

IV. Por outra banda, nas Bases de execución dos Orzamentos (Base nº 38: *"Subvencións"*, Apdo. 7), establécense as seguintes limitacións ós anticipos:

*«En supostos excepcionais, tras a motivación que o xustifique, polo órgano competente poderanse outorgar subvencións con xustificación diferida ata o límite do 50% do importe concedido; queda condicionada a liquidación desta á presentación e conformidade dos documentos orixinais que xustifiquen a realización da actividade. A segunda entrega e liquidación da mesma, está condicionada a xustificación total do gasto, tendo en conta a aplicación a finalidade prevista como gasto elixible e a presentación da documentación xustificativa. Cabe a posibilidade de establecer nas bases ou se fose o caso na convocatoria un segundo ou posteriores anticipos, sempre e cando teña xustificado o primeiro ou anterior, non excedendo cada un deles o 50% da contía concedida pendente de xustificar».*

V. Con todo, no contexto actual de grave crise sanitaria e social derivada da pandemia provocada polo COVID-19, resulta absolutamente necesario garantir tanto o normal funcionamento dos servizos sociais municipais como os daqueles que se realizan a través das diversas entidades colaboradoras que prestan un servizo inestimable de atención ás necesidades básicas de moitas persoas e familias en situación de precariedade económica; entidades de iniciativa social que están a atravesar tamén por graves dificultades de funcionamento debido ó incremento das solicitudes de axuda de alimentación básica.

VI. A entrada en vigor do estado de alarma decretado a partir do 14.03.2020 supuxo a aplicación de severas medidas restritivas da mobilidade e do desenvolvemento das actividades cotiás da poboación. A finalidade primordial segue a ser frear o ritmo da transmisión comunitaria para evitar un colapso do sistema sanitario con medidas drásticas e apelando á responsabilidade da poboación no seu conxunto.

Sen embargo, esta situación está a ter un enorme impacto nas persoas máis vulnerables, vencelladas ou non ós servizos sociais, por dous motivos fundamentais:

1) Semella demostrado que o COVID-19 incrementa a súa letalidade sensiblemente en persoas de idade con patoloxías previas.

2) O único remedio aplicable nestes momentos, o aillamento e/ou o distanciamento social, recae sobre moitas persoas para as que esta medida pode ter uns efectos moi negativos de non se arbitrar medidas de compensación inmediatas.

Consciente desa vulnerabilidade e da necesidade de seguir ofrecendo os apoios indispensables, o mesmo RD.463/2020 establecera xa no seu Art. 7.1.e] unha excepción ás limitacións da liberdade de circulación de persoas, referida á asistencia e coidado a persoas maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.

A día de hoxe, tanto o Banco de España como diversos organismos internacionais (FMI, BCE, OCDE…) recoñecen a entrada en recesión económica, con efectos que poden ser devastadores para a poboación máis vulnerable, agravada polas polas masivas perdas de emprego que xa se están a producir.

Debido a toda esta situación, experimentouse na nosa cidade un incremento masivo de demandas de alimentos ás entidades que teñen conveniado co Concello de Vigo o reparto de alimentos e o funcionamento de comedores sociais.

É por este motivo polo que resulta necesario neste momento introducir unha modificación puntual no contido do Convenio asinado coa «Asociación VIDA DIGNA» (Cláusula Quinta) a fin de **permitir o aboamento do 50% da contía anual pendente (22.500€), unha vez xa xustificado o primeiro 50% (consta no Exp. n.º 196068/301)**.

Mantense, iso sí, a obriga de xustificación do 100% da subvención concedida con anterioridade ó 01.11.2020.

VII. Dacordo co previsto na súa Cláusula Décimo primeira: *«Calquera alteración do contido deste Convenio previsará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se intrumentará mediante a correspondente Addenda»*.

Tendo en conta o anteriormente exposto as partes,

ACORDAN

«PRIMEIRO: Modificar a Cláusula Quinta do «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN VIDA DIGNA" PARA O MANTEMENTO DUN COMEDOR SOCIAL E DISPENSACIÓN DE AXUDAS DE ALIMENTOS A PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (2019 – 2021)», que quedará coa seguinte redacción:

*«QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:*

- *No ano 2019, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio.* ***Nos anos 2020 e 2021, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano.*** *Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.*

- ***Con carácter excepcional e a fin de garantir o normal funcionamento da actividade de subministro de alimentos básicos por parte da «Asociación VIDA DIGNA» no contexto da grave crise provocada pola pandemia do COVID-19, o 50% restante do importe da subvención poderá aboarse tan pronto como se***

***xustifique o anterior 50%,*** ***pospoñéndose a xustificación da totalidade da subvención concedida para a data límite do 1 de novembro****; xustificación que deberá realizarse mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.*

*Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incursa en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións».*

SEGUNDO: A presente Addenda estará en vigor durante a vixencia que resta do Convenio subscrito o 17.06.2019 entre o Concello de Vigo e o representante da «Asociación VIDA DIGNA».

E en proba de conformidade, as partes asinan esta Addenda, por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

## 3(370).- BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2020». EXPTE. 199226/301.

Visto o informe xurídico do 13/05/2020 e o informe de fiscalización do 22/05/2020, dáse conta do informe-proposta do 13/05/2020, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.1. A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).

I.2. Mais especificamente, xa no eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador, constituíndose na principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación social e laboral.

I.3. En base ás competencias indicadas e co obxecto de mellorar a calidade de vida das persoas afectadas por graves discapacidades na súa mobilidade e evitar o risco de exclusión social por este motivo, o Concello de Vigo convoca a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, seguindo o procedemento que se indica nestas Bases e de acordo co marco xurídico configurado pola L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como os do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da L.38/2003.

I.4. O Concello de Vigo, a través da Concellería de Política Social e en base ás competencias indicadas nos parágrafos anteriores, considera necesario continuar co funcionamento do programa denominado "Bono-taxi", que ten por obxecto establecer axudas económicas para posibilitar un medio de transporte alternativo a aquelas persoas que, por razón da grave dificultade de acceso, non poden utilizar o transporte colectivo.

I.5. A mobilidade dentro das cidades é parte esencial da nosa vida cotiá: acceso ó lugar de traballo, hospitais, ambulatorios, relacións sociais, etc. A mobilidade dos individuos constitúe un elemento clave no desenvolvemento global e integrador na sociedade na que se enmarca. A medida que descende a capacidade de desprazamento das persoas maior é o seu afastamento dos elementos sociais nos que se desenvolve e, conseguintemente, maiores son os problemas de integración. É, polo tanto, unha necesidade para calquera cidadán poder desprazarse facilmente e con liberdade.

I.6. Con todo, o entorno non resulta igualmente accesible para todos. Existe un elevado número de persoas que por ter, temporal ou permanentemente, unha discapacidade ven a súa mobilidade reducida, necesitando a axuda doutra persoa para desprazarse ou sufrindo unha seria restrición do seu ámbito espacial de actuación.

Son, tamén, moitas persoas que, ó non dispor de vehículo propio dependen do transporte público e, precisamente, as que padecen algún problema de mobilidade son as que teñen unha maior dependencia deste tipo de transporte. Sen esquecer os custos económicos, sociais e medioambientais que o uso maioritario de transporte privado ocasiona tanto ó usuario como á sociedade en xeral.
Conclúese, pois, que o transporte é un elemento fundamental de integración na vida das persoas con discapacidade.

I.7. O taxi ten sido tradicionalmente o servizo público de transporte porta a porta, ten dispoñibilidade horaria e ás veces, hai unha atención personalizada do condutor. En contrapartida, é o sistema de transporte máis caro en superficie. Polo tanto, é un elemento clave no desprazamento de persoas con necesidades especiais de mobilidade, de ahí a importancia que ten a mellora da súa accesibilidade.

I.8. Polo anterior, a convocatoria das axudas individuais que se achega, ven a establecer o marco de actuación para o procedemento aplicable ó longo do ano 2020, respectando os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

Aclárase que, debido á situación excepcional creada pola pandemia do COVID-19, obviamente non se procederá á apertura do prazo de presentación de solicitudes en tanto no estea plenamente operativo o servizo do Rexistro xeral municipal.

I.9. O Concello de Vigo, na convocatoria das subvencións para o programa bono-taxi, prevé un contrato cunha entidade bancaria que emitirá unha tarxeta prepagamento. Trala carga do diñeiro na tarxeta por parte do Concello, o usuario da mesma pode realizar operacións ata consumir o saldo dispoñible ou ata a finalización do prazo establecido.

O titular da tarxeta prepagamento será o Concello de Vigo. A operatividade da tarxeta restrinxirase ó uso do sector de actividade da categoría comercial "taxis"; desta forma garántese que o usuario da tarxeta soamente poderá utilizala no servizo público de taxis de Vigo.

I.10. Para subvencionar ás persoas beneficiarias do programa "Bono-taxi" 2020 cóntase cunha partida específica por importe de 25.000€ (aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.11: *"Subvencións taxi descapacitados"*).

I.11. A lexislación aplicable é a que resulta da seguinte normativa configuradora do réxime xurídico das subvencións: Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polo Regulamento de Subvencións e polas propias bases da convocatoria e demais normas de desenvolvemento.

I.12. Pola materia obxecto deste expediente (axudas económicas para posibilitar un medio de transporte alternativo a aquelas persoas que non dispoñen de vehículo privado nin poden utilizar o transporte colectivo) e a finalidade perseguida (garantir a mobilidade dun colectivo de persoas en situación de vulnerabilidade), enténdese que a súa aprobación polo órgano competente municipal estaría expresamente abeirada polo RD.463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (modificado polo RD.465/2020, do 17 de marzo), que estableceu con carácter xeral a suspensión da totalidade dos trámites e a interrupción dos prazos de tramitación dos procedementos administrativos, a non ser a daqueles referidos a situacións estreitamente vencelladas ós feitos xustificativos do estado de alarma e os indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 4).

II. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Acordar, ó abeiro do previsto na Disp. Adic. 3ª, Apdo. 4, do RD.463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise

sanitaria ocasionada polo COVID-19 (modificado polo RD.465/2020, do 17 de marzo), a continuación do procedemento incoado para a aprobación das bases reguladoras das subvencións destinadas a proporcionar, no exercicio de 2020, mediante a utilización do *“Bono–taxi”*, un medio alternativo de transporte adaptado a aquelas persoas con discapacidade, gravemente afectadas na súa mobilidade, que non poden utilizar con carácter xeral o transporte público colectivo.

SEGUNDO: Aprobar as «BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2020», elaboradas polo Servizo de Benestar Social (Exp. nº 199226/301).

TERCEIRO: Autorizar o gasto de 25.000€ (VINTECINCO MIL EUROS) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.11 dos orzamentos municipais (*“Subvencións taxi descapacitados”*).

CUARTO: Aprobar, para os efectos do disposto nos Arts. 17.3.b), 18, 20.8 e 23.2 da LXS, a convocatoria destas axudas e o seu extracto, que deberá ser publicado no BOP de Pontevedra por conduto da BDNS, con indicación do Boletín oficial no que se publiquen as Bases. Remitiranse tamén á BDNS os datos esenciais que permitan identificar as axudas convocadas (*“datos estruturados”*). Cando se rexistre a convocatoria na BDNS deberá especificarse que as concesións que se realicen con cargo á mesma non deben ser obxecto de publicación, de acordo co establecido na LO.1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*«BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2020»*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).

Mais especificamente, xa no eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador, constituíndose na principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación social e laboral.

II

En base ás competencias indicadas e co obxecto de mellorar a calidade de vida das persoas afectadas por graves discapacidades na súa mobilidade e evitar o risco de exclusión social por este motivo, é intención do Concello de Vigo convocar, un ano máis, a concesión de subvencións en réxime de concorrencia, seguindo o procedemento que se indica nestas Bases e de acordo co marco xurídico configurado pola L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como os do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da L.38/2003.

## BASES

**PRIMEIRA.- Obxecto das bases reguladoras. Convocatoria.**

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras para a concesión de axudas do programa denominado "Bono-taxi". Trátase de axudas económicas de carácter individual que concede o Concello de Vigo a persoas con discapacidade que, por ter gravemente afectada a súa mobilidade, non poden utilizar con carácter xeral o transporte público colectivo, co obxecto de proporcionarlles un servizo de desprazamento en taxi.

En cumprimento do disposto na L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e na demais normativa aplicable, as Bases reguladoras destas subvencións deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno Local e publicadas no BOP de Pontevedra. O extracto da convocatoria será publicada no mesmo diario oficial por conducto da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS).

**SEGUNDA.- Finalidade das subvencións.**

A finalidade destas axudas económicas é a de favorecer o desprazamento na cidade, mediante a utilización do servizo público de taxi, a aquelas persoas afectadas de graves dificultades de mobilidade e que non poden utilizar o transporte público colectivo.

**TERCEIRA.- Financiamento.**

O importe total das subvencións a conceder non excederá do límite de 25.000€ e financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.11 "*Subvención taxis discapacitados*". Tendo en conta o crédito do que se dispoña no momento da convocatoria, concederanse as axudas ata que se esgote o orzamento.

**CUARTA.- Contía das subvencións.**

O importe destas axudas non poderá superar a cantidade anualmente presupostada para esta finalidade, repartíndose a contía mencionada no apartado anterior entre as persoas usuarias,

segundo os tramos de ingresos que a continuación se sinalan, sendo a contía máxima por usuario de 300€ e a mínima de 100€.

| Capacidade económica usuario/a | Importe da subvención bono-taxi |
|---|---|
| Entre 0 e 600,00€ | 300,00 € |
| Entre 600,01€ e 800,00€ | 200,00 € |
| Entre 800,01€ e 1.344,60€ | 100,00 € |

Cando o Concello teña coñecemento, de que un ususario non vaia a facer uso da tarxeta (por falecemento, traslado fora do termo municipal, etc.) e o saldo existente sexa superior a 100€ será adxudicado á seguinte persoa da lista de agarda.

**QUINTA.- Beneficiarios/as das subvencións.**

Poderán ser beneficiarios/as destas axudas as persoas con discapacidade que teñan recoñecida unha discapacidade que afecte gravemente á súa mobilidade, impedíndolle a utilización dos transportes públicos colectivos, sempre que non se atopen comprendidas nalgunha das prohibicións para ser beneficiario de subvencións previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Concello de Vigo poderá denegar esta subvención a aquelas persoas das que teña constancia fidedigna de que a súa situación de dependencia lles impide o desprazamento en taxi.

**SEXTA.- Requisitos dos/as solicitantes.**

Poderán solicitar a subvención destinada a “bono-taxi” as persoas con discapacidade que cumpran os seguintes requisitos:

a) Estar empadroadas no municipio de Vigo cunha antigüidade dun ano, anterior á apertura do prazo da convocatoria e permanecer de alta no Padrón Municipal mentres perciba a axuda.

b) Ter catro anos de idade cumpridos antes da finalización do prazo para solicitar as axudas.

c) Ter recoñecida a condición legal de discapacidade que afecte gravemente á súa mobilidade, non podendo utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de discapacidade, ou tarxeta acreditativa emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D,E,F,G,H).
d) Non constar como titular de vehículo automóbil propio.

e) Non dispor duns ingresos per cápita netos superiores a 2,5 do IPREM vixente (16.135,20 € anuais ou 1.344,60 € mensuais).

f) Os recursos económicos teranse en conta para establecer a lista de concesión do “bono-taxi”, que será por orde inversa á contía mensual da persoa solicitante e para a asignación do importe da subvención.

Para o cómputo dos recursos económicos terase en conta a renda persoal neta do solicitante do último exercicio fiscal.

- No caso de que a persoa solicitante teña cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal neta a metade da suma dos ingresos de ambos membros da parella.

- No caso de que a persoa solicitante careza de ingresos ou sexa menor de idade, valoraranse os ingresos da/s persoa/s da/s que dependa economicamente (pai, nai, titor, etc). Neste caso calcularase a renda *per cápita* da unidade familiar é deberá achegar a declaración do IRPF

A renda per cápita calcularase tendo en conta a totalidade dos rendementos netos derivados de:

- ➔ Rendementos do traballo
- ➔ Rendementos do capital mobiliario e inmobiliario
- ➔ Rendementos das actividades económicas
- ➔ Outros rendementos que consten na declaración.

Cando se presente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas terase en conta a base impoñible xeral (435) e base impoñible de aforro (460).

g) Estar ó corrente nos pagamentos coa AEAT, Axencia Tributaria de Galicia, Concello de Vigo e Seguridade Social.

**SÉTIMA.- Solicitude e documentación.**

As axudas serán solicitadas polas persoas que pretendan ser usuarias ou por quen ostente a súa representación, nos supostos de menores de idade ou persoas con declaración de incapacidade. A solicitude, segundo modelo do Anexo, irá acompañada da seguinte documentación:

1) Fotocopia do DNI do solicitante e, no seu caso, DNI do representante legal e documentación acreditativa da patria potestade ou representante legal do menor (libro de familia ou resolución xudicial).

2) Fotocopia do certificado oficial de discapacidade ou tarxeta acreditativa do grado de discapacidade expedido polo Equipo de Valoración e Orientación, *no que conste na súa valoración de mobilidade que ten dificultade para a utilización do transporte público colectivo*

   Aquelas persoas que teñen a certificación definitiva do EVO e xa solicitasen a subvención en anos anteriores nona presentarán de novo.

3) Declaración responsable segundo modelo Anexo na que se faga constar:

   - Que o solicitante non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición enumeradas no artigo 13 da L.38/2003, xeral de subvencións e 10 da L.9/2007, de subvencións de Galicia e que non ten pendentes de pagamento débedas tributarias coa AEAT, Axencia Tributaria de Galicia, Concello de Vigo e Seguridade Social.
   - Que non é titular de vehículo automóbil propio.

- Que acepta as actuacións de comprobación que acorde a Comisión de Valoración.
- Que se compromete a utilizar a axuda unicamente para desprazamentos dentro do termo municipal de Vigo.

4) Xustificación documental dos recursos económicos:

4.1) Teranse en conta os ingresos da persoa solicitante que achegará, en todo caso:

- Certificado anual dos ingresos percibidos no ano 2018, das pensións da seguridade social, subsidio de desemprego, pensións non contributivas, RISGA ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir (*). Teranse en conta os ingresos anuais correspondentes o derradeiro exercicio do IRPF.
- Declaración de IRPF do último exercicio de todos os membros da unidade familiar (*).

(*) Só no caso de que o solicitante non autorice ó Concello de Vigo para obter doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver a solicitude, incluída a AEAT.

4.2) Se a persoa solicitante tivese cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal a metade da suma dos ingresos netos da parella e terán que achegar a mesma documentación cá solicitante.

(*) Só no caso de que o solicitante non autorice ó Concello de Vigo para obter doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver a solicitude, incluida a AEAT.

4.3) Se o solicitante carece de ingresos ou é menor de idade, valoraranse os ingresos da/s persoa/s da/s que dependa economicamente (pai, nai, fillo, titores, etc.). Neste caso calcularase a renda per cápita familiar neta. Achegarase a declaración da renda das persoas das que dependa (*).

(*) Só no caso de que as persoas das que dependa o menor de idade non autoricen ó Concello de Vigo para obter doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver a solicitude, incluída a AEAT.

5) Cesión de datos de carácter persoal á entidade encargada de emitir as tarxetas “bono-taxi”, segundo modelo Anexo.

O Departamento de Benestar social poderá solicitar calquera outra documentación que se considere conveniente na instrución do procedemento.

**OITAVA.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes.**

As solicitudes deberán formularse mediante instancia asinada pola persoa solicitante ou representante legal que deberá axustarse ó modelo normalizado (Anexo).

O prazo de presentación das solicitudes será de 20 días naturais contados a partir do seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial de Pontevedra na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17.3.b], 18 e 20.8.a]) en relación coa BDNS (Resolucións IGAE

do 7, 9 e 10 de decembro de 2015). Así mesmo publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, nos centros de Servizos Sociais Municpais e na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org debendo inserirse no "Portal de Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Vigo http://transparencia.vigo.org

As solicitudes acompañaranse da documentación a que fai referencia a base sétima.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, requirirase á persoa solicitante que a emende no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistida a súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas (LPACAP).

A solicitude implicará a autorización ó Concello de Vigo para que realice as actuacións de comprobación que resulten procedentes, ós efectos de verificar a información facilitada polas persoas solicitantes, a concorrencia dos requisitos esixidos e o cumprimento das obrigas da persoa beneficiaria derivadas da concesión.

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou nos demais rexistros e lugares previstos no artigo 16.4 da LPACAP.

**NOVENA.- Instrución e resolución das subvencións.**

O órgano competente para a instrución do procedemento das axudas será o Departamento de Benestar Social, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

O órgano instrutor incorporará informe no que se acredite que da documentación que ten no seu poder despréndese que todos os beneficiarios cumpren os requisitos estipulados

A proposta de resolución para a concesión das subvencións corresponderá o órgano instrutor previa avaliación da Comisión de Valoración formada polo Xefe de Área de Benestar social, a Xefa do Servizo e á técnica responsable do programa "bono-taxi", ou persoas en que deleguen.

A Xunta de Goberno Local, por proposta da Comisión de valoración, acordará conceder ou desestimar as subvencións con cargo á partida e polo importe máximo sinalado na base terceira.

**DÉCIMA.- Prazo de resolución e notificación.**

A Xunta de Goberno Local resolverá, de xeito motivado, a concesión ou desestimación das axudas solicitadas no prazo de tres (3) meses, que se contará desde a data de terminación do prazo de presentación das solicitudes.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución, lexitima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

A resolución do procedemento notificaráselles ós interesados conforme co previsto no Art. 24 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo da publicidade que deste

proceso se faga na web municipal www.vigo.org, no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nos Centros de Servizos Sociais e no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” http://transparencia.vigo.org. Publicarase a relación das persoas beneficiarias (só identificadas co número de documento da solicitude e o seu DNI/NIE/Pasaporte), axudas concedidas ou desestimadas e a súa contía. Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos nacional de Subvencións (BDNS).

As persoas beneficiarias terán un prazo dun (1) mes para retirar a súa tarxeta, dende o día seguinte ó da notificación da concesión. De non facelo nese prazo, a tarxeta anularase e o seu importe concederáselle ás seguintes persoas da lista de agarda.

**DECIMOPRIMEIRA.- Compatibilidade.**

Esta subvención será compatible coa percepción doutras subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración pública ou entidade.

**DECIMOSEGUNDA.- Pagamentos.**

Esta subvención concrétase na concesión dunha axuda económica que será utilizada polas persoas beneficiarias nos seus desprazamentos persoais, facendo uso do servizo público de taxi dentro do termo municipal de Vigo. Os pagamentos serán efectuados a través dunha tarxeta prepagamento que se entregará a cada beneficiario da subvención.

**DECIMOTERCEIRA.- Normas xerais de utilización.**

a) Os servizos de taxi serán persoais, tendo como finalidade favorecer os desprazamentos mediante a utilización dos taxis públicos de Vigo. As tarxetas serán de uso exclusivo no Termo Municipal de Vigo.

b) Os beneficiarios contarán cunha tarxeta prepagamento na que se estamparán o seu nome e apelidos, sen custo ningún para o beneficiario.

c) A contía da subvención cargarase na tarxeta prepagamento no momento da concesión e iranse descontando os importes dos servizos realizados ata a finalización da cantidade concedida ou do prazo establecido.

d) A titularidade de cada tarxeta emitida recaerá no Concello de Vigo (Departamento de Benestar social). O Concello de Vigo cederá os datos de nome, apelidos e teléfono móbil, previa autorización do beneficiario para a realización das operacións e procesos relativos á activación e xestión da tarxeta prepagamento, incluíndo o envío ó número de teléfono móbil dunha mensaxe SMS informando do PIN asociado á tarxeta e do saldo inicial dispoñible con cargo a ela.

e) A persoa titular deberá asinar a tarxeta e, no momento do pagamento, fixarse no importe que asina.

f) A tarxeta prepagamento para “bono-taxi” estará operativa ata que sexa aprobada no próximo ano a convocatoria de solicitude destas axudas.

g) A tarxeta entregarase inactiva, será o Concello de Vigo quen propoña a sua activación a entidade bancaria colaboradora. Nun prazo máximo de 72 horas estará activada.

   A persoa beneficiaria non tén que ir a entidade bancaria.

h) Unha vez activada a tarxeta, será notificado ó/á beneficiario/a pola entidade bancaria colaboradora mediante SMS ó móbil que sinalou na súa solicitude. Se non achegou número de móbil a tarxeta actívase igualmente.

i) O número secreto de PIN comunicaráselle ó beneficiario da axuda a través de SMS ó seu móbil. Para facer o pagamento no taxi non é necesario o PIN, se o taxista o pide nono poña, pulse a tecla verde no TPV.

j) Para coñecer o saldo dispoñible da tarxeta pode facelo nun caixeiro da entidade bancaria colaboradora utilizando o PIN que lle foi enviado nun sms ao seu teléfono; ou a través da web https://www.damemisaldo.com pondo o seu número de tarxeta prepago

k) No caso de extravío, subtracción ou deterioro da tarxeta, o beneficiario deberá comunicalo no teléfono 902.121.314 identificándose como beneficiario da tarxeta prepagamento do Concello de Vigo, ou comunicar o extravío no Concello.

l) O uso indebido ou fraudulento da axuda poderá dar lugar, previa instrución do procedemento administrativo correspondente, á perda do dereito ó seu goce.

m) Poderá utilizarse calquera taxi da cidade sempre que o taxista acepte pagamentos con este tipo de tarxeta e dispoña de conexión on-line cunha entidade financeira. É recomendable que o usuario poña en coñecemento do taxista, antes de comezar a carreira, que vai facer o pagamento da viaxe coa tarxeta prepagamento “bono-taxi”, para asegurarse de que é posible o pagamento con tarxeta de banda magnética**.**

n) Calquera anomalía que se observe na prestación do servizo será posta en coñecemento do Concello de Vigo.

o) A operatividade da tarxeta restrinxirase ó uso do sector de actividade da categoría comercial “taxis”; desta forma garántese que o beneficiario da tarxeta soamente poderá utilizala no servizo público de taxis de Vigo.

**DECIMOCUARTA**.- **Réxime de recursos**.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten en execución das mesmas poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano municipal autor do acto administrativo no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte da notificación ou, no seu caso, publicación ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses a partir do día seguinte ó da notificación/publicación do acto que se recorra.Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten en execución das mesmas poderán interporse, potestativamente, os seguintes rec
ursos:

**DECIMOQUINTA.- Tratamento de datos persoais.**

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das persoas solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Cando se rexistre a convocatoria destas axudas na BDNS deberá especificarse que as concesións que se realicen con cargo á mesma non deben ser obxecto de publicación ó abeiro do establecido na LO.1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

**DECIMO SEXTA.- Norma final.**

En todo aquilo non previsto na presente convocatoria, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (artigo 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento (RD 887/2006, do 21 de xuño), a lexislación básica do Estado de Réxime local, a L.9/2007, de subvencións de Galicia, as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Concello de Vigo

| Concello de Vigo<br>C.I.F. P3605700H<br>Praza do Rei 1 - 36202<br>Tel: 986 810 100 | ANEXO I - IMPRESO DE SOLICITUDE<br>**SUBVENCIÓN DE BONO-TAXI**<br>CONCELLERÍA<br>POLÍTICA BENESTAR SOCIAL | Páx.<br>Selo rexistro |
|---|---|---|

| | SI | NON |
|---|---|---|
| **¿Solicita por primeira vez o BONO-TAXI?** | | |

SEÑOR/A ALCALDE/SA-PRESIDENTE/A DO CONCELLO DE VIGO

**SOLICITANTE**

| * DNI ou CIF | * Nome e apelidos | * Teléfono Fixo | * Teléfono móvil (**obrigatorio**) |
|---|---|---|---|
| | | | |

**ENDEREZO FISCAL**

| * Nome da rúa, praza, etc | * Número | Portal | Escalera | * Piso | * Porta | * Cód. Postal |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | |

| Parroquia | * Municipio | * Data nacemento | * País nacemento | Correo electrónico |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |

**REPRESENTANTE**

| DNI ou CIF | Nome e apelidos ou razón social | Teléfono 1 | Teléfono 2 |
|---|---|---|---|
| | | | |

| Nome da rúa, praza, etc | Número | Portal | Escalera | Piso | Porta | Cód. Postal |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | |

| Parroquia | Municipio | Provincia | Correo electrónico |
|---|---|---|---|
| | | | |

DATOS DO/A CÓNXUXE OU PARELLA COA QUE CONVIVE:

| * DNI ou CIF | * Nome e apelidos | Data de nacemento | Teléfono 1 |
|---|---|---|---|
| | | | |

*Campos que se deberán cubrir obrigatoriamente.

**COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA / INGRESOS**

* este apartado só se cubrirá se o/a **solicitante** carece de ingresos ou é menor de idade

| Apelidos e Nome | Parentesco co solicitante | CONCEPTO INGRESOS (traballo, pensión, RISGA, desemprego) | SINATURA |
|---|---|---|---|
| Solicitante | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |

| **Nº EXPEDIENTE RELACIONADO (SE PROCEDE)** | Pode consultar o estado da súa solicitude accedendo a Oficina Virtual do Concello na web www.vigo.org. Tamén pode recibir información adicional indicando o método desexado: | ☐ Mensaxe (SMS) ao móbil:<br>☐ Correo electrónico. |
|---|---|---|
| | | |

A persoas asinantes autorizan ao Concello de Vigo (Departamento de Benestar Social) a obter das Administracións públicas e organismos públicos e privados, os documentos e certificados necesarios para a tramitación desta solicitude.

*O/A solicitante declara que os datos que figuran nesta solicitude son certos.*



# SUBVENCIÓN DE BONO-TAXI

CONCELLERÍA
POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL

Concello de Vigo
C.I.F. P3605700H
Praza do Rei 1 - 36202
Tel: 986 810 100

1) Fotocopia do DNI do solicitante e, no seu caso, DNI do representante legal. Documentación acreditativa da patria potestade ou representante legal do menor (libro de familia ou resolución xudicial)

2) Fotocopia do certificado do grao de discapacidade, ou tarxeta acreditativa do grado de discapacidade expedido polo Equipo de Valoración e Orientación, no que conste na súa valoración de mobilidade que ten dificultade para a utilización do transporte público colectivo **(aquelas persoas que teñen a certificación definitiva e xa solicitaran a subvención en anos anteriores non a presentarán de novo).**

3) Declaración responsable, Anexo II, na que se faga constar:
   - Que o solicitante non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición enumeradas no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, entre outros (non ter pendentes de pagamento débedas tributarias coa AEAT, co Concello de Vigo, coa Seguridade Social e coa Xunta).
   - Non ser titular de vehículo automóbil propio.
   - Aceptar as actuacións de comprobación que acorde a Comisión de Valoración.
   - Utilizar a axuda unicamente para desprazamentos dentro do termo municipal.

4) Xustificación documental dos recursos económicos:
   4.1) Teranse en conta os *ingresos da persoa solicitante* que achegará, en todo caso:

   - Certificado anual dos ingresos percibidos no ano 2018, das pensións da seguridade social, subsidio de desemprego, pensións non contributivas, RISGA ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir. (terase en conta o ano do último exercicio do IRPF) (*)

   - Declaración de IRPF do último exercicio de todos os membros da unidade familiar (*)

(*) só no caso de que o solicitante non autorice ó Concello de Vigo para obter doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver a solicitude, incluida a AEAT, segundo modelo que se anexa.

4.2) No caso de que a persoa solicitante tivese cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal a metade da suma dos ingresos netos da parella e terán que achegar a mesma documentación có solicitante. (*)

(*) só no caso de que o cónxuxe ou parella de feito do solicitante non autorice ó Concello de Vigo para obter doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver a solicitude, incluida a AEAT, segundo modelo que se anexa.

4.3) Se o solicitante carece de ingresos ou é menor de idade, valoraranse os ingresos da/s persoa/s da/s que dependa economicamente (pai, nai, fillo, titores, etc.). Neste caso calcularase a renda per cápita familiar neta. Achegarase a declaración da renda das persoas das que dependa. (*)

(*) só no caso de que as persoas das que dependa o menor de idade non autoricen ó Concello de Vigo para obter doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver a solicitude, incluida a AEAT, segundo modelo que se anexa.

5) Anexo III- Cesión de datos de carácter persoal á entidade encargada de emitir as tarxetas "bono-taxi"

O Departamento de Benestar social poderá solicitar calquera outra documentación que se considere conveniente na instrución do procedemento.

Concello de Vigo
C.I.F. P3605700H
Praza do Rei 1 - 36202
Tel: 986 810 100

# SUBVENCIÓN DE BONO-TAXI

CONCELLERÍA
POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL

## ANEXO II - DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A SOLICITANTE DA AXUDA

Don/Dona_______________________________________________, con DNI/NIF núm.

Representante legal:
Don/Dona _______________________________________________, con DNI/NIF núm.________________

Declaro baixo a miña responsabilidade:

- Non estar incurso en ningunha das prohibicións para ser beneficiario de subvencións e, en particular, non ter pendentes de pagamento débedas tributarias coa AEAT, Axencia Tributaria de Galicia, Concello de Vigo e Seguridade Social.
- Non ser titular de vehículo automóbil propio.
- Aceptar as actuacións de comprobación que acorde a Comisión de Valoración.
- Utilizar a axuda para desprazamentos dentro do termo municipal de Vigo.

Vigo, ……………..de ……………………….de 2020

Asdo:……………………………………………….
(O/a solicitante ou representante legal )

# SUBVENCIÓN DE BONO-TAXI

CONCELLERÍA
POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL

Concello de Vigo
C.I.F. P3605700H
Praza do Rei 1 - 36202
Tel: 986 810 100

## ANEXO III - CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

"Eu, Don/Dona ________________________________, con DNI/NIF núm.____________________,

Representante legal:
Don/Dona ____________________________________, con DNI/NIF núm.____________________,

Quedo informado/a de que, por virtude do contrato de servizos bancarios subscrito entre o CONCELLO DE VIGO e ABANCA esta última é a entidade financeira emisora das tarxetas prepagamento da marca VISA das que o CONCELLO DE VIGO dispón e ofrece no eido das axudas ós discapacitados. En consecuencia, consinto que os datos do meu nome, apelidos e número de teléfono móbil sexan comunicados polo CONCELLO DE VIGO a ABANCA coa finalidade de que esta última poida tratalos e utilizalos para emitir ó meu favor, estampar e gravar a correspondente tarxeta, da que será titular o CONCELLO DE VIGO, así como para realizar as operacións e procesos relativos á súa activación e xestión, incluíndo o envío ó meu número de teléfono móbil dunha mensaxe SMS informándome do PIN asociado á tarxeta e do saldo inicial dispoñible con cargo a ela, así como doutras mensaxes SMS informándome das recargas que, no seu caso, o CONCELLO DE VIGO efectúe. Quedo así mesmo informado/a de que, en relación cos meus datos de carácter persoal comunicados polo CONCELLO DE VIGO á ABANCA, poderei exercitar, nos termos previstos na lexislación vixente, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndome por escrito ó Servizo de Atención ó Cliente de ABANCA: Rúa de San Andrés 135-137, baixo (A Coruña, CP 15003) / atencioncliente@abanca.

Vigo, ……………..de ……………………….de 2020

Asdo:……………………………………………….
(O/a solicitante ou representante legal )

Concello de Vigo

*CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE «SUBVENCIÓNS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2020»*

**Bases reguladoras**

As Bases reguladoras das «SUBVENCIÓNS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSONAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2020», aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº ____ do ______.

**Crédito orzamentario**.

O importe total das subvencións a conceder no excederá do límite de 25.000€ e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.11 (*"Subvencións taxis discapacitados")*.

**Obxectivo, finalidade e destinatarios.**

Trátase de axudas económicas de carácter individual que se conceden a aquelas persoas con discapacidade que, por ter gravemente afectada a súa mobilidade, non poden utilizar o transporte público colectivo. O obxectivo é proporcionarlles un servizo alternativo de desprazamento en taxi.

**Réxime de concesión.**

A concesión destas axudas realizarase en réxime de concorrencia, conforme ó procedemento establecido nas bases e de acordo cos principios de publicidade e obxectividade.

**Requisitos.**

Poderán solicitar as axudas de "bono-taxi" as personas con discapacidade que cumpran os requisitos previstos na Base sexta.

**Instrución e resolución: órganos competentes**.

O órgano competente para a instrucción do procedemento será o Departamento de Benestar social do Concello de Vigo. A proposta de resolución corresponderá ó órgano instrutor previa avaliación da Comisión de Valoración. A Xunta de Goberno Local, por proposta desa Comisión, acordará estimar ou desestimar as solicitudes.

**Presentación de solicitudes e prazo.**

As solicitudes deberán formularse mediante instancia asinada pola persoa solicitante ou representante legal e axustarse ó modelo normalizado (Anexo I). Deberán ir acompañadas da documentación indicada na Base sétima e poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou nos demais rexistros e lugares previstos no artigo 16.4 da L.39/2015.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días naturais, contados desde o día seguinte da publicación oficial do extracto da convocatoria na forma e os termos previstos na

LXS (Arts. 17.3.b], 18 e 20.8.a]) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións - BDNS (Resolucións IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015). Así mesmo publicarase no taboleiro oficial de anuncios do Concello de Vigo, nas Unidades de Traballo Social e na páxina web municipal www.vigo.org debendo inserirse tamén no seu "Portal de Transparencia e Bo Goberno" http://transparencia.vigo.org

**Prazo de resolución e notificación.**

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres meses contados desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexitimará ós interesados para entendela desestimada por silencio administrativo.

**Recursos.**

Contra as bases e as resolucións administrativas que se adopten en execución das mesmas poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano municipal autor do acto no prazo dun mes a partir do día seguinte da notificación ou, de ser o caso, publicación do acto que se recorra ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ó da notificación/publicación do acto.

**Criterios de valoración e distribución das axudas.**

O importe destas axudas non poderá superar a cantidade anualmente presupostada para esta finalidade, 25.000€, repartíndose a contía mencionada entre as persoas beneficiarias segundo os tramos de ingresos que a seguir se sinalan, sendo a máxima por usuario de 300€ e a mínima de 100€ .

| Capacidade económica usuario/a | Importe da subvención bono-taxi |
|---|---|
| Entre 0 e 600,00€ | 300,00 € |
| Entre 600,01€ e 800,00€ | 200,00 € |
| Entre 800,01€ e 1,344,60€ | 100,00 € |

**Publicidade.**

A resolución do procedemento notificaráselle ás personas interesadas, sen prexuízo da publicidade que se faga na web municipal www.vigo.org, no taboleiro de anuncios do Concello, nas Unidades de Traballo Social e no "Portal de Transparencia e Bo Goberno" http://transparencia.vigo.org. Publicarase a relación das persoas beneficiarias (só identificadas co número de documento da solicitude e o seu DNI/NIE/Pasaporte), axudas concedidas ou denegadas e a súa contía. Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Cando se rexistre a convocatoria destas axudas na BDNS deberá especificarse que as concesións que se realicen con cargo á mesma non deben ser obxecto de publicación ó abeiro do establecido na LO.1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

Concello de Vigo

*EXTRACTO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE «SUBVENCIÓNS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE UTILIZACIÓN DO BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2020»*

De conformidade co previsto nos arts. 17.3.b) e 20.8.a) da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publicase o EXTRACTO DA CONVOCATORIA do Programa de axudas indicado. O seu texto íntegro pode consultarse na web da BDNS**.**

**Obxectivo, finalidade e destinatarios.**

Tratase de axudas económicas de carácter individual que se conceden a aquelas persoas con discapacidade que, por ter gravemente afectada a súa mobilidade, non poden utilizar o transporte público colectivo. O obxectivo é proporcionarlles un servizo alternativo de desprazamento en taxi.

**Bases reguladoras**

As Bases reguladoras das «SUBVENCIONS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DO BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2020», aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº ___ do _______.

**Crédito orzamentario**.

O importe total das subvencións a conceder non excederá do límite de 25.000€ e financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.11 (*"Subvención bono-taxis descapacitados")*.

**Réxime de concesión.**

A concesión destas axudas realizarase en réxime de concorrencia.

**Requisitos.**

Poderán solicitar as axudas de "bono-taxi" as persoas con discapacidade que cumpran os requisitos previstos na Base sexta.

**Presentación de solicitudes e prazo.**

As solicitudes deberán formularse mediante instancia asinada pola persoa solicitante ou representante legal e axustarase ao modelo normalizado (Anexo I). Deberán ir acompañadas da documentación indicada na Base sétima e poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello ou nos demais rexistros e lugares previstos no artigo 16.4 da L.39/2015. O prazo será de vinte (20) días naturais, contados desde o día seguinte da publicación oficial do extracto da convocatoria

**Prazo de resolución e notificación.**

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres meses contados desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexitimará aos interesados para entendela desestimada por silencio administrativo.

**4(371).- ACORDO BISPADO DIÓCESE TUI-VIGO – CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN DO USO DE CUARTOS DA 3ª PLANTA DO SEMINARIO MAIOR "S. XOSÉ" PARA DISPOSITIVO PERSOAS SEN FOGAR – COVID-19. EXPTE. 199138/301.**

Visto o informe de fiscalización do 25/05/2020, dáse conta do informe-proposta do 18/05/2020, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto ao Servizo e pola concelleira de Política de Benestar Social, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1.O 11.03.2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 como pandemia.

I.2. O Consello da Xunta de Galicia do 13.03.2020 declaraba a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activaba o Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

I.3. Posteriormente, por RD. 463/2020, do 14 de marzo (modificado polo RD.465/2020, do 17 de marzo), declárouse o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19, prorrogado por RD.476/2020, do 27 de marzo, ata o 12.04.2020 e por RD.487/2020, do 10 de abril, ata o 26.04.2020.

I.4. Por Resolución da Alcaldía – Presidencia do Concello de Vigo do 12.03.2020 acordouse a creación dun Comité de Seguimiento de evolución do COVID-19 coa finalidade de analizar a situación e propoñer a implementación das medidas que se estimasen necesarias.

I.5. O Ministerio de Derechos sociales y Agenda 2030 elaborou o "DOCUMENTO TÉCNICO DE RECOMENDACIONES DE ACTUACIÓN ANTE LA CRISIS POR COVID-19, PARA LOS GESTORES DE SERVICIOS SOCIALES DE ATENCIÓN A PERSONAS SIN HOGAR" (v. 18.03.2020) no que prescribe que: *"Los servicios sociales municipales reforzarán, y reorganizarán para su correcto y más eficaz funcionamiento los recursos existentes de atención a personas sin hogar con el fin de atender las necesidades de esta población ante esta crisis sanitaria y el estado de alarma decretado. Así mismo, pondrán en marcha todas aquellas nuevas iniciativas necesarias para cumplir con las actuaciones señaladas en este documento"*.

II. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE E OPORTUNIDADE

II.1. O Concello de Vigo asume a atención ordinaria das PSF en virtude dos títulos competenciais contidos nos Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, dos que resulta a obriga

de prestar os servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social, a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social e a protección da salubridade pública.

II.2. Mediante Resolucións da Alcaldía de datas 06.04.2020 e 10.04.202 instouse á Concellería delegada de Política de Benestar Social para que lle comunicase á Dirección Xeral de Inclusión Social a total colaboración do Concello de Vigo para poñer a disposición un espazo para o aillamento das persoas que sexan probables ou dean positivo por COVID-19, a partires do momento en que a CA suministrase os EPIs necesarios para garantir a seguridade das persoas e o protocolo e medios para o debido seguimiento sanitario, dado que o Concello carecía dese material e deses medios.

Ó mesmo tempo, reiterouse que: «*... ninguén na cidade de Vigo ou no entorno da Área quedará sin un lugar de confinamento (en positivo ou en observación) en tanto dispoñamos do material necesario, e que o Concello de Vigo está a facer todo o necesario para obter este material*».

II.3. O 05.04.2020, representantes do Concello de Vigo e do Seminario Maior “S. Xosé” de Vigo realizaron unha visita ás instalacións deste Centro, na Estrada de Madrid, a fin de valorar a viabilidade de habilitar parte do seu espazo actualmente dispoñible para acoller ás Persoas Sen Fogar (PSF) afectadas polo coronavirus que non precisan de ingreso hospitalario pero que sí deben observar un periodo de corentena. Ámbalas dúas partes coincidiron na idoneidade e inmediata dispoñibilidade desas instalacións para servir de soporte ó dispositivo social pretendido polo Concello.

II.4. Esta circunstancia foille inmediatamente comunicada ó Director xeral de Inclusión social da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, ó tempo que se lle lembraba a necesidade de que dotasen ó Centro dos EPIs homologados necesarios para a protección das persoas usuarias e do persoal de atención social e fixesen as xestións oportunas para que un equipo de sanitarios levase a cabo o seguimento diario destas persoas de alta vulnerabilidade.

II.5. O 16.04.2020 o Reitor do Seminario Maior “S. Xosé” anticipou por correo electrónico o documento no que se recollen os termos nos que se produciría a cesión do uso temporal desas instalacións; documento que, unha vez completado cos datos municipais, someterase agora á aprobación do órgano resolutorio.

III. OBXECTO DO ACORDO CONCELLO DE VIGO – BISPADO DE TUI-VIGO

Constitúe, pois, o obxecto do «ACORDO ENTRE O BISPADO DE TUI-VIGO E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN DO USO DOS CUARTOS DA 3ª PLANTA DA ALA NOROESTE DO SEMINARIO MAIOR “S. XOSÉ” DE VIGO» a autorización formal do Bispado da Diócese de Tui-Vigo ó Concello de Vigo para que, nas condicións que no mesmo se relacionan, por parte da Concellería delegada da Área de Política de Benestar Social se proceda a habilitar de xeito provisional parte das instalacións do Seminario Maior “S. Xosé” de Vigo (16 cuartos con baño individual na planta 3ª e servizos de cafetería e sala de estar na planta 2ª) como dispositivo adicado especificamente á atención das Persoas Sen Fogar (PSF) con síntomas ou con positivo confirmado por COVID-19.

## IV. OBXECTIVOS E FINALIDADE DO DISPOSITIVO

IV.1. Preténdese posibilitar o aillamento destas persoas en condicións dignas e co axeitado seguimento médico-sanitario. Trátase de persoas que, dacordo cos criterios sanitarios, non cumpren condicións de ingreso hospitalario pero sí deben pasar un periodo de aillamento nun domicilio do que, por desgracia, carecen.

IV.2. Este dispositivo de aloxamento temporal estará atendido polo persoal de servizos sociais de «Cruz Vermella» contratado polo Concello de Vigo e convenientemente dotado dos materiais de protección indicados (EPIs homologados) e polo persoal sanitario que as autoridades adscriban para o seguimento da evolución destes pacientes. Disporá tamén dun vixilante de seguridade.

## V. CONDICIÓNS DA CESIÓN DE USO TEMPORAL DAS INSTALACIÓNS

Son as que figuran no Documento de referencia. A saber:

1ª) A cesión de uso do Seminario Maior “San Xosé” de Vigo abarca as seguintes instalacións: entrada privada no extremo da ala noroeste, sala de estar e “cafetería” no 2º andar, e 16 habitacións individuais, con baño individual no seu interior, todas elas no 3º andar da Ala Noroeste do edificio.

2ª) A cesión de uso da 3ª planta da Ala Noroeste do Seminario Maior “San Xosé” de Vigo e as súas instalacións xa referidas, será efectiva dende o día da sinatura do presente documento de cesión de uso, non abandonando o cesionario o inmoble cedido mentres sexa necesario o seu uso pola situación de emerxencia sanitaria causada polo coronavirus COVID-19.

3ª) Durante a vixencia do acordo de cesión, a 3ª planta da Ala Noroeste do Seminario Maior “San Xosé” de Vigo, será de uso exclusivo do Concello de Vigo, quen se compromete a non arrendar, traspasar ou ceder, sequera temporalmente nin a título precario, a terceiras persoas o dereito de uso.

O Concello de Vigo recibe as instalacións en perfecto estado de uso, obrigándose a mantelas en idéntica situación, debendo solicitar autorización ao Bispado de Tui-Vigo, no seu caso, para a realización de calquera tipo de reforma ou actuación, reformas ou actuacións que deben ser aprobadas polo Bispado de Tui-Vigo.

Con anterioridade ou no momento de inicio da cesión ó Concello de Vigo, éste revisará a través do seu personal o estado das instalacións, en presenza dun representante debidamente apoderado do Bispado, aceptándoas, e quedando emprazados a devolvelas nas mesmas condicións.

4ª) O Concello de Vigo comprométese a abonar ao Bispado os gastos ocasionados polo uso e subministros, e daqueles que puideran derivarse para o Bispado de Tui-Vigo da cesión e que teñan orixe na mesma. Os gastos serán abonados previa acreditación mediante a presentación das correspondentes facturas.

5ª) A responsabilidade polos actos ou actividades que se desenvolvan no inmoble cuxo uso se cede corresponderánlle ó Concello de Vigo, incluíndo os danos que se poidan derivar directa ou indirectamente da cesión, eximindo de toda responsabilidade ao Bispado de Tui-Vigo.

6ª) A cesión de uso do inmoble extinguirase polas seguintes causas:

a) O acordo unánime das partes.
b) O incumprimento das abrigas e compromisos asumidos por algunha das partes asinantes.
c) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do acordo.
d) En todo caso, cando finalice a causa que deu lugar a súa formalización, isto é, a finalización da situación de emerxencia sanitaria causada polo corona-virus COVID-19, ao tratarse dunha medida excepcional adoptada no ámbito do estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria actual.

7ª) A extinción por calquera causa da cesión de uso da parte descrita do inmoble producirá a súa reversión ao Bispado de Tui-Vigo no mesmo estado que no momento da cesión, asumindo o Concello os gastos que conleve a reversión das instalacións ao seu estado orixinario, a non ser que a Cedente consinta, por escrito, que queden tal como as tiña dispostas o Concello.

Cando finalice a cesión, e en todo caso no prazo máximo de 10 días dende a finalización da mesma, o Concello procederá á limpeza e desinfección das instalacións cedidas, e a través do seu persoal, levantará a correspondente acta de entrega en presenza dun representante debidamente apoderado do Bispado de Tui-Vigo, no que se indicará o estado xeral do inmoble, e no seu caso, os danos e prexuízos de calquera clase para os efectos da súa reparación ou indemnización pola Cesionaria, sempre que aqueles fosen imputables ao incumprimento das obrigas establecidas no presente Acordo.

8ª) As cuestións litixiosas que poidan xurdir durante a aplicación do acordo resolveranse ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa.

Todas as anteriores condicións considéranse razonables, aceptables sen reparo ningún e axustadas a Dereito.

VI. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomia de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- RD.463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (modificado polo RD.465/2020, do 17 de marzo).
- “DOCUMENTO TÉCNICO DE RECOMENDACIONES DE ACTUACIÓN ANTE LA CRISIS POR COVID-19, PARA LOS GESTORES DE SERVICIOS SOCIALES DE ATENCIÓN A PERSONAS SIN HOGAR” (v. 18.03.2020).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

- Real Decreto do 24 xullo de 1889, Codigo Civil.
- LPAP (L.33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas).
- RD.1372/1986, do 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais.

## VII. VIXENCIA

Conforme coa Cláusula segunda do Acordo de cesión de uso, esta será efectiva desde o mesmo dia da súa sinatura «non abandonando o cesionario o inmoble cedido mentres sexa necesario o seu uso pola situación de emerxencia sanitaria causada polo coronavirus COVID-19».

## VIII. GASTOS

VIII.1. A cesión de uso temporal derivada deste Acordo entre a Diócese de Tui-Vigo e o Concello de Vigo é GRATUITA (Exponendo II) e sen cargas.

VIII.2. O Concello asumiría unicamente os gastos derivados do normal funcionamento deste dispositivo (persoal de atención social e seguridade, limpeza, desinfección, subministros, mantemento ordinario...). Será tamén por conta do Concello a subministración de alimentos, colchóns, sabas, mantas e demais roupa de fogar, kits con material de aseo e hixiene e, en xeral, todo o necesario para a atención das necesidades básicas que poidan precisar as persoas usuarias durante a súa estancia.

## IX. OUTRAS CONSIDERACIÓNS

IX.1. Con carácter xeral e consonte coa normativa aplicable (LPAP, LRBRL, RBEL, LALGA...), as entidades locais, para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas respectivas competencias, teñen plena capacidade xurídica e de obrar para adquirir, posuír, reivindicar, permutar, gravar ou allear toda clase de bens e dereitos.
IX.2. Dada a natureza, titularidade (Diócese de Tui-Vigo) e uso (relixioso) do ben obxecto de cesión de uso temporal (Ref. Catastral: 4838302NG2743N0001EA), resultaría innecesaria, por notoriedade, a acreditación previa no expediente de tales circunstancias obxectivas, así como as persoais do representante do Bispado de Tui-Vigo que asinaría o documento de Acordo.

IX.3. Recabado, en todo caso, o parecer do Servizo de Patrimonio do Concello de Vigo, manifestouse pola súa Xefatura, á vista do contido do Acordo obxecto de informe, a innecesariedade de emisión de informe dese Servizo sobre o asunto.

IX.4. Tal como se dixo anteriormente, a cesión de uso temporal de parte das instalacións do Seminario Maior de Vigo realízase polo Bispado da Diócese de forma totalmente GRATUITA, polo que da subscrición do Acordo co que se instrumenta non se deriva gasto ningún para o Concello.

IX.5. Os gastos resultantes da xestión deste dispositivo social serán realizados con cargo ás aplicacións orzamentarias dispostas especificamente para atender os gastos extraordinarios e urxentes derivados da atención social municipal ás persoas vulnerables e/ou en situación ou risco de exclusión social a causa da pandemia do COVID-19 (Exp. nº 198201/301 – Exp. nº 199277/301).

X. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, por proposta da Concellería delegada de Política de Benestar Social, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Acordar, ó abeiro do previsto na Disp. Adic. 3ª, Apdo. 4, do RD.463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (modificado polo RD.465/2020, do 17 de marzo), a continuación do procedemento incoado para a aprobación do «ACORDO ENTRE O BISPADO DE TUI-VIGO E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN DO USO DOS CUARTOS DA 3ª PLANTA DA ALA NOROESTE DO SEMINARIO MAIOR "S. XOSÉ" DE VIGO», por consideralo incluído nos supostos exceptuados da suspensión de trámites e interrupción de prazos de tramitación pola súa estreita vinculación cos feitos xustificativos do estado de alarma, a protección do interese xeral e o funcionamento básico dos servizos sociais.

SEGUNDO.- Prestar conformidade ó «ACORDO ENTRE O BISPADO DE TUI-VIGO E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN DO USO DOS CUARTOS DA 3ª PLANTA DA ALA NOROESTE DO SEMINARIO MAIOR "S. XOSÉ" DE VIGO» para habilitar de xeito provisional parte das súas instalacións (16 cuartos con baño individual na planta 3ª e servizos de cafetería e sala de estar na planta 2ª) como dispositivo adicado especificamente á atención das Persoas Sen Fogar (PSF) con síntomas ou con positivo confirmado por COVID-19.

TERCEIRO.- Facultar expresamente á Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social para a súa sinatura, que será tamén a interlocutora municipal co Bispado para o seguimento da execución do acordado e, eventualmente, a resolución das incidencias que se poidan producir.

CUARTO.- Remitir copia deste Acordo á Diócese de Tui-Vigo e ó Reitorado do Seminario Maior e tamén ó Servizo de Patrimonio do Concello de Vigo para o seu coñecemento e demais efectos.

QUINTO.- Dar traslado do mesmo á Dirección xeral de Inclusión social da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, reiterándolle a necesidade de que, no momento oportuno, doten a este dispositivo cos EPIs homologados necesarios para a protección das persoas usuarias e do persoal de atención social e de que un equipo de sanitarios leve a cabo o seguimento diario das persoas acollidas nel».

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ACORDO**
**ENTRE O BISPADO DE TUI-VIGO E O CONCELLO DE VIGO**
**PARA A CESIÓN DO USO DOS CUARTOS DA 3ª PLANTA DA ALA NOROESTE DO SEMINARIO MAIOR "S. XOSÉ" DE VIGO.**

En Vigo, o …………………….. de 2020

Dunha parte, D. JUAN DIZ MIGUÉLEZ, con DNI 36.067.887-T, en calidade de rector do Seminario Maior "*San Xosé*" de Vigo, actuando en nome e representación da DIOCESE DE TUI-VIGO, con CIF: R3600056J e domicilio fiscal en r/Dr. Corbal, 90 – 36207-Vigo.

Doutra parte, D./Dª Yolanda Mª Aguiar Castro, con DNI 36.076.445-W, en calidade de Concelleira delegada de Política de Benestar Social, actuando en nome e representación do Concello de Vigo, con CIF P3605700H e domicilio en Praza do Rei nº 1 – 36202 -Vigo.

Ambas partes recoñécense con capacidade para obrigarse e subscribir o presente acordo de cesión de uso e para tal efecto,

**EXPOÑEN**

I. O Bispado de Tui-Vigo é titular do inmoble Seminario Maior "San Xosé" de Vigo, situado na Estrada de Madrid, nº 8, 36214 - Vigo.
II. O Concello de Vigo, no contexto da actual situación de crise sanitaria causada polo coronavirus COVID-19 que motivou a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, vese na necesidade de facer uso, con carácter excepcional, dos 16 cuartos/habitacións da 3ª planta da Ala Noroeste do inmoble obxecto de cesión para realoxar a aquelas persoas que non teñen domicilio onde residir e que se visen afectadas polo virus Covid-19 aínda que sen síntomas, ou con síntomas pero sen necesidade de hospitalización. Sería aquí onde pasasen a súa corentena, tutelados polo Concello e os Servizos sociais e sanitarios.

Con estes antecedentes, AS PARTES, formalizan o presente ACORDO DE CESIÓN DE USO, a título gratuito, da 3ª planta da Ala Noroeste do Seminario Maior "*San Xosé*" de Vigo, inmoble situado na Avda. de Madrid, s/n, desta cidade de Vigo, e coa zona de entrada diferenciada e escaleiras que dan acceso a esa planta, así como o cuarto denominado "*cafetería*" e o salón adxunto, situados ambos no 2º andar.

Polo que se expuxo, acordan subscribir o presente acordo de conformidade coas seguintes

**CLÁUSULAS**

**Primeira**.- A cesión de uso do Seminario Maior "*San Xosé*" de Vigo abarca as seguintes instalacións: entrada privada no extremo da ala noroeste, sala de estar e "*cafetería*" no 2º andar, e 16 habitacións individuais, con baño individual no seu interior, todas elas no 3º andar da Ala Noroeste do edificio.

**Segunda**.- A cesión de uso da 3ª planta da Ala Noroeste do Seminario Maior "*San Xosé*" de Vigo e as súas instalacións xa referidas, será efectiva dende o día da sinatura do presente documento

de cesión de uso, non abandonando o cesionario o inmoble cedido mentres sexa necesario o seu uso pola situación de emerxencia sanitaria causada polo coronavirus COVID-19.

**Terceira**.- Durante a vixencia do acordo de cesión, a 3ª planta da Ala Noroeste do Seminario Maior "*San Xosé*" de Vigo, será de uso exclusivo do Concello de Vigo, quen se compromete a non arrendar, traspasar ou ceder, sequera temporalmente nin a título precario, a terceiras persoas o dereito de uso.

O Concello de Vigo recibe as instalacións en perfecto estado de uso, obrigándose a mantelas en idéntica situación, debendo solicitar autorización ao Bispado de Tui-Vigo, no seu caso, para a realización de calquera tipo de reforma ou actuación, reformas ou actuacións que deben ser aprobadas polo Bispado de Tui-Vigo.

Con anterioridade ou no momento de inicio da cesión ó Concello de Vigo, éste revisará a través do seu personal o estado das instalacións, en presenza dun representante debidamente apoderado do Bispado, aceptándoas, e quedando emprazados a devolvelas nas mesmas condicións.

**Cuarta**.- O Concello de Vigo comprométese a abonar ao Bispado os gastos ocasionados polo uso e subministros, e daqueles que puideran derivarse para o Bispado de Tui-Vigo da cesión e que teñan orixe na mesma. Os gastos serán abonados previa acreditación mediante a presentación das correspondentes facturas.

**Quinta**.- A responsabilidade polos actos ou actividades que se desenvolvan no inmoble cuxo uso se cede corresponderánlle ó Concello de Vigo, incluíndo os danos que se poidan derivar directa ou indirectamente da cesión, eximindo de toda responsabilidade ao Bispado de Tui-Vigo.

**Sexta**.- A cesión de uso do inmoble extinguirase polas seguintes causas:

a) O acordo unánime das partes.
b) O incumprimento das abrigas e compromisos asumidos por algunha das partes asinantes.
c) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do acordo.
d) En todo caso, cando finalice a causa que deu lugar a súa formalización, isto é, a finalización da situación de emerxencia sanitaria causada polo corona-virus COVID-19, ao tratarse dunha medida excepcional adoptada no ámbito do estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria actual.

**Sétima**.- A extinción por calquera causa da cesión de uso da parte descrita do inmoble producirá a súa reversión ao Bispado de Tui-Vigo no mesmo estado que no momento da cesión, asumindo o Concello os gastos que conleve a reversión das instalacións ao seu estado orixinario, a non ser que a Cedente consinta, por escrito, que queden tal como as tiña dispostas o Concello.

Cando finalice a cesión, e en todo caso no prazo máximo de 10 días dende a finalización da mesma, o Concello procederá á limpeza e desinfección das instalacións cedidas, e a través do seu persoal, levantará a correspondente acta de entrega en presenza dun representante debidamente apoderado do Bispado de Tui-Vigo, no que se indicará o estado xeral do inmoble, e no seu caso, os danos e prexuízos de calquera clase para os efectos da súa reparación ou indemnización pola Cesionaria, sempre que aqueles fosen imputables ao incumprimento das obrigas establecidas no presente Acordo.

**Oitava**.- As cuestións litixiosas que poidan xurdir durante a aplicación do acordo resolveranse ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa.

E, en proba de conformidade, ambas partes asinan por triplicado exemplar o presente Acordo de cesión de uso, no lugar e na data indicada no encabezamento.

## 5(372).- PROPOSTA DE ACORDO DE NON CELEBRACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DA XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES VI-GOSÓNICO. EXPTE. 9043/336.

Dáse conta do infrome-proposta do 26/05/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e polo interventor xeral, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.

- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 13 de setembro de 2013 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en adiante a XGL) aprobou o expediente de contratación dos servizos de xestión do Centro de Usos Múltiples Vigosónico (expediente 3927-336), autorizou o gasto e acordou a apertura da licitación. Este acordo foi obxecto dunha corrección de erros en sesión de 27 de setembro do mesmo ano.

**Segundo.-** En data 28 de febreiro de 2014 a XGL adxudicou este contrato a ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U., por un prezo total de 347.996,00 € (IVE incluído) e un prazo de catro anos, con dúas posibles prórrogas dun ano cada unha. O contrato formalizouse en data 20 de abril de 2014 e comezou a súa execución o día seguinte.

**Terceiro.-** En datas 22 de febreiro de 2018 e 7 de febreiro de 2019 a XGL aprobou as prórrogas deste contrato, finalizando a última en data 20 de marzo de 2020.

**Cuarto.-** En data 29 de xaneiro de 2020 o Concelleiro delegado de Educación e Xuventude resolveu iniciar un contrato menor ponte para a xestión do centro de usos múltiples Vigosónico dende o 21 de marzo ao 19 de maio (2 meses) á vista do informe de necesidade e idoneidade da xefa do servizo de Xuventude de data 28 de xaneiro do mesmo ano. Consta no expediente unha oferta presentada por ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U.

**Quinto.-** En data 6 de febreiro de 2020 a XGL aprobou o expediente de contratación dos servizos de xestión do Centro de Usos Múltiples Vigosónico (expediente 8922-336), autorizou o gasto e acordou a apertura da licitación.

**Sexto.-** En data 3 de febreiro 2020, á proposta da xefa do servizo de Xuventude, o concelleiro-delegado de Xuventude resolveu:

e) *Autorizar o contrato menor de SERVIZOS, de conformidade co previsto nos artigos 118, artigo 131.3 e artigo 17 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.*
f) *Subscribe declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30 de xaneiro de 2020, e no Plan de Integridade na Contratación.*
g) *Autorizar e comprometer o gasto, de acordo co disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, polo importe de 14.572,32 euros para CONTRATO MENOR PONTE PARA A XESTIÓN CENTRO USOS MÚLTIPLES VIGOSÓNICO DO 21 DE MARZO AO 19 DE MAIO ( 2 MESES) a favor da empresa Adxudicatario (NIF ADXUDICATARIO), con cargo á/s aplicación/s orzamentaria/s:*

| Programa | Económica | Proxecto | Importe | Descrición |
|---|---|---|---|---|
| **3370** | **2279901** | | **14.572,32** | **gtos.xestion e mtmto.Vigosonico** |

**Sétimo.-** En data 4 de febreiro de 2020, se carga na Contabilidade municipal unha retención de crédito provisional para facer fronte ó gasto deste contrato menor e en data 11 de febreiro cargase a retención de crédito definitiva. En data 12 de febreiro xerase unha autorización e disposición sobre a retención de crédito do contrato menor. Dende esta data non constan máis actuacións no expediente.

**Oitavo.-** En data 23 de abril de 2020, a xefa do servizo de Xuventude emite o seguinte informe:

> *"Con data 3 de febreiro de 2020, resolveuse a autorización de contrato menor 9043-336,para a xestión do servizo de Vigosónico dende o 21 de marzo ata o 19 de maio. Este contrato non foi comunicado ao adxudicatario.*
> *Ante a situación de crise recollida no abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do Rd 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, a Alcaldía deste concello ditou as seguintes resolucións:*
>
> - *Resolución da alcaldía de 12 de marzo de 2020, pola que se acorda o peche ao público da Casa da Xuventude • Pavillón de Coia • Ludotecas nas sedes de APAMP, CRAC Coruxo e AVDC de Lavadores. • Centro de usos múltiples Vigosónico.*
> - *Resolución da alcaldía de 14 de marzo de2020 na que se dispón "Continuar o peche das instalacións e actividades ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020, en sustitución do disposto no apartado quinto da Resolución desta Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, relativa á ampliación do primeiro paquete de medidas polo COVID-19."*
> - *Resolución da alcaldía de 15 de marzo de 20 que dispón "Continuar o peche das instalacións e actividades acordados por resolucións previas desta Alcaldía ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020 e do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19".*
>
> *Por todo elo, o contrato 9043-336,cun importe de 14.572,32 euros para PARA A XESTIÓN CENTRO USOS MÚLTIPLES VIGOSÓNICO DO 21 DE MARZO AO 19 DE MAIO ( 2 MESES) a favor da empresa Atlantic Ponte 2000 S.L.U, autorizado polo concelleiro delegado de Xuventude na data 3 de febreiro de 2020 cuxa execución non foi posible ao estar pechada a instalación obxecto do mesmo.*
> *En base ao anterior solicítase do servizo de Contratación que execute o procedemento oportuno para declarar a anulación de dito contrato cuxa partida de aplicación presupostaria é a seguinte:*

| Programa | Económica | Proxecto | Importe | Descrición |
|---|---|---|---|---|
| ***3370*** | ***2279901*** | | ***14.572,32*** | ***gtos.xestion e mtmto.Vigosonico*** |

**Noveno.-** En data 29 de abril de 2020 emitiuse informe proposta de denegación da solicitude de suspensión, no que se prevía un trámite de audiencia ó contratista. Este informe notificóuselle na mesma data.

**Décimo.-** En data 11 de maio de 2020, no prazo do trámite de audiencia, D. Xosé Ares González en representación de ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U., presenta escrito de alegacións.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### -I-

### DA DESISTENCIA E DA DECISIÓN DE NON ADXUDICAR OU NON CELEBRAR O CONTRATO

A nosa lexislación contractual permite ó órgano de contratación desistir do procedemento de adxudicación ou adoptar a decisión de non adxudicar ou non celebrar un contrato en determinados supostos.

Para poder adoptar un destes acordos é preciso que se cumpran os seguintes requisitos (artigo 152 LCSP):

1. Que se acorde polo órgano de contratación antes da formalización do contrato.
2. Que estea fundado:
   - Nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, no caso da desistencia.
   - En razóns de interese público, no caso da decisión de non adxudicar ou non celebrar un contrato.
3. Que se xustifique no expediente a concorrencia da causa.

No caso que nos ocupa, a responsable do contrato menor para a xestión do centro de usos múltiples Vigosónico, solicita a anulación do mesmo por mor de que a data da súa entrada en vigor non se tiña perfeccionado e deveu de imposible execución por mor das medidas adoptadas polas autoridades por mor da situación xerada polo coronavirus COVID-2019.

A xuízo da informante procede adoptar a decisión de non celebrar o contrato.

## -II-

## DA CONCORRENCIA DOS REQUISITOS LEGAIS PARA ACORDAR A DECISIÓN DE NON CELEBRAR O CONTRATO

Analizaremos a continuación a concorrencia dos requisitos esixidos na lei para adoptar a decisión de non celebración do contrato no suposto que nos ocupa:

**a) Non formalización do contrato:**

Os contratos menores formalízanse, segundo o artigo 153.2 da LCSP, coa documentación relacionada no artigo 118. Este, a súa vez, determina que requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ó expediente da factura correspondente.

No contrato que nos ocupa consta a autorización e aprobación do gasto por resolución do concelleiro delegado, e documento contable de retención de crédito. No entanto, non foi notificada a aprobación do gasto e a adxudicación do contrato ó adxudicatario e non se incorporou factura ningunha ó expediente.

En consecuencia o contrato non se formalizou nin foi perfeccionado.

**b) Causa:**

A causa alegada para a decisión de non celebrar o contrato está fundada en razóns de interese público por mor da situación xerada polo coronavirus COVID-2019. Para evitar a expansión do virus, as autoridades públicas e sanitarias acordaron o peche das instalacións deportivas e de ocio.

En data 12 de marzo de 2020, a Alcaldía do Concello de Vigo, ditou resolución na que, entre outras medidas, acordase o peche ao público de todas as instalacións municipais (apartado 2º).

En resolución da mesma data ampliase o acordo a “todas as áreas de xogo infantil e parques biosaudables, zonas de ocio, tempo libre e deportivas” (apartado 2º) e “as instalacións de AQA Vigo Florida, AQA Vigo Barreiro e MQA Navia, na súa condición de complexos de titularidade municipal”.

Estas medidas foron confirmadas no Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Publicado este, a Resolución da Alcaldía de 14 de marzo, que no seu apartado 5º acorda “Continuar o peche das instalacións e actividades ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020, en sustitución do disposto no apartado quinto da Resolución desta Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, relativa á ampliación do primeiro paquete de medidas polo COVID-19”.

Mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. Esta norma no seu artigo 10. 3 establece que “*Se suspende la apertura al público de los museos, archivos, bi-*

*bliotecas, monumentos, así como de los locales y establecimientos en los que se desarrollen espectáculos públicos, las actividades deportivas y de ocio*".

Nestas circunstancias resulta imposible que se poida celebrar un contrato menor para a xestión dun local de ocio. Polo que resulta de interese público acordar a non formalización do mesmo.

**c) Xustificación da causa:**

Coa exposición da concorrencia desta causa se cumpriría o último dos requisitos legais para poder acordar a decisión de non celebración dun procedemento de contratación.

A lexislación contractual impón a administración contratante a obriga de notificar o desestimento do procedemento ós candidatos ou licitadores participantes no mesmo (artigo 152.1 LCSP).

**-III-**

**DOS EFECTOS DO ACORDO DE NON CELEBRACIÓN DO CONTRATO**

A lexislación contractual impón a administración contratante a obriga de notificar a decisión de non adxudicación do procedemento ós candidatos ou licitadores participantes no mesmo.

Así mesmo, deberá informarse a Comisión Europea cando o contrato tiña sido anunciado no DOUE, circunstancia que non concorre no presente caso (artigo 152.1 LCSP).

Deberá compensarse ós licitadores ou candidatos aptos para participar na licitación dos gastos nos que houbesen incorrido na forma prevista no prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 152.2 LCSP). No entanto, no caso que nos ocupa ó ser un contrato menor non existe dito prego e non consta na documentación que obra no expediente previsión ó respecto. En consecuencia, de ter incorrido en gastos, deberá ser o contratista, no seu caso, o que os acredite.

A decisión de non adxudicar ou non celebrar o contrato por razóns de interese público impedirá que se promova unha nova licitación do seu obxecto en tanto subsistan as razóns alegadas para fundamentar a decisión (artigo 152.3 LCSP).

**-IV-**

**ALEGACIÓNS**

O contratista, evacuado o trámite de audiencia do informe proposta da xefa do servizo de contratación de non celebración do contrato menor de xestión de Vigosónico, presenta escrito de alegacións, que analizaremos a continuación:

**1ª.- Contrato menor tramitado-continuidade do servizo**

Na primeira alegación o contratista manifesta que este contrato menor é un contrato ponte destinado a garantir a continuidade do servizo de de xestión do Centro de Usos Múltiples Vigosónico, tramitado baixo o expediente 3927-336, do que era adxudicatario, e que rematou o 20 de marzo deste ano; e o contrato que o viña a substituír, posto que trátase dun

servizo de prestación continuada, que tramitase como expediente 8922-336, aprobado pola XGL en data 6 de febreiro de 2020.

Recoñece o contratista que non se lle notificou ningunha actuación con relación ó contrato menor salvo que se lle solicitou un orzamento para o mesmo a finais do ano 2019. Pero di que tiña a confianza lexítima de que se tramitase e se garantise a continuidade do servizo. E considera que a Administración recoñece esta circunstancia ó manifestar que o contrato non se perfeccionou porque falta a factura. O certo é que presentar un presuposto non da dereito a adxudicación do contrato, posto que é práctica frecuente solicitar tres.

O contrato non se perfeccionou polo que non existe no tráfico xurídico, tal e como se desprende do artigo 118 da LCSP:

*"(...) 2. En los contratos menores la tramitación del expediente exigirá la emisión de un informe del órgano de contratación justificando de manera motivada la necesidad del contrato y que no se está alterando su objeto con el fin de evitar la aplicación de los umbrales descritos en el apartado anterior.*

*3. Asimismo se requerirá la aprobación del gasto y la incorporación al mismo de la factura correspondiente, que deberá reunir los requisitos que las normas de desarrollo de esta Ley establezcan.(...)"*

En consecuencia, procede desestimar esta alegación.

**2ª.- Imposibilidade de execución-relación suspensión**

Nesta alegación o contratista limitase a por de manifesto que a instalación foi pechada por Resolución da Alcaldía de 13 de marzo. Pechada a instalación considera que a execución do contrato deveu imposible se ben esta imposibilidade se lamenta de que non foi suficiente para acordar a suspensión do contrato maior vixente. Dado que esta alegación é unha simple relación fáctica non procede contestación e se propón a súa desestimación.

**3ª.- Causa non celebración**

Volve a reproducir nesta alegación o contratista o argumento de que choca que esta Administración considere que deveu imposible o presente contrato por mor do estado de alarma e en cambio non se suspendese o contrato maior en vigor á data de declaración do estado de alarma.

Non é que sexa a mesma causa interpretada de xeito diferente en cada un dos contratos. Non procede a suspensión do contrato maior con independencia de que a execución do contrato sexa posible ou non, cuestión que non procede valorar, porque a solicitude de suspensión foi extemporánea e ademais o contratista continuou facendo labores internas de mantemento ata a finalización do prazo contractual. O contrato menor non se perfeccionou porque non foi notificado ó contratista. So consta no xestor de expedientes do Concello unha tramitación interna, sen ter en conta o contratista, que tal e como manifesta, non supo do contrato, aínda que tiña a confianza de que se celebrase.

O artigo 39.2 da Lei 39/2015 sinala no seu apartado segundo á notificación como presuposto para a eficacia dos actos administrativos, eficacia que quedará demorada cando así o esixa o contido do acto ou esté supeditada a súa notificación, publicación ou aprobación superior.

No presente suposto o contido do acto de aprobación do gasto e da adxudicación do contrato esixe a súa notificación xa que constitúe a declaración administrativa de que o contrato pertence na súa execución ao contratista seleccionado.

Á vista do exposto cando esta Administración decidiu non celebrar o contrato, o mesmo non producira os seus efectos, toda vez que non fora notificado o contratista seleccionado.

Finaliza esta alegación facendo referencia a finalidade do RD-L 8/2020 que é establecer medidas para evitar os efectos negativos da suspensión dos contratos sobre o emprego e a viabilidade empresarial e conclúe que a denegación da suspensión do seu contrato non é acorde coa citada finalidade. Esquece que esta Administración na súa actuación está sometida ó imperio da lei. Non pode suspender un contrato que xa finalizara no intre de solicitar a suspensión.

Procede desestimar esta alegación.

**4ª- Suspensión-resolución-indemnización**

Finaliza o escrito de alegación manifestando que o concello debe optar ou ben por suspender o contrato menor e indemnizalo por aplicación do artigo 34.1 do RD-L 8/2020 ou ben por resolver o contrato menor ponte por imposibilidade de execución e se lle indemnice por esta causa.

Consonte ó artigo 34 do RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, o dereito do contratista a ser indemnizado polos danos ou prexuízos efectivamente sufridos por este durante o período de suspensión total ou parcial da execución do contrato como consecuencia do COVID-19, xurde con respecto a aqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes á entrada en vigor do citado Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público cuxa execución deveña imposible como consecuencia do COVID-19 ou das medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou a Administración local para combatelo.

Dito dereito indemnizatorio polos danos ou prexuízos efectivamente sufridos non xurde no presente caso posto que a actuación do contratista limitouse a presentar un presuposto. Non chegou a formalizarse o contrato e polo tanto este non existe.

Polas razóns expostas procede desestimar esta alegación.

**-V-**

**COMPETENCIA**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

<u>ACORDO</u>

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“1º.- Desestimar as alegacións presentadas por D. Xosé Ares González en representación de ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U., en escrito de 11 de maio de 2020, de conformidade co fundamento xurídico IV.*

*2º.- Decidir non celebrar o contrato contrato menor ponte para a xestión do centro de usos múltiples Vigosónico dende o 21 de marzo ao 19 de maio (expediente 9043-336) polas razóns expostas no fundamento xurídico segundo do presente escrito.”*

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(373).- DENEGACIÓN DA SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE IMPOSIBILIDADE DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES VIGOSÓNICO COMO CONSECUENCIA DA CRISE DO COVID-19. EXPTE. 6464/241.**

Dáse conta do informe-proposta do 26/05/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e polo interventor xeral, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011,de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer frente ao COVID-19.
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

**ANTECEDENTES**

D. Xosé Ares González, en nome e representación de ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U., empresa adxudicataria do contrato dos servizos de xestión do Centro de Usos Múltiples Vigosónico (expediente 3927-336), solicita, mediante escrito presentado no Rexistro electrónico do Concello de Vigo de data 26 de marzo de 2020, a declaración de imposibilidade total de execución do contrato, como consecuencia das medidas adoptadas con ocasión da crise do coronavirus COVID-19. Esta solicitude é obxecto de aclaración en data 3 de abril do mesmo ano.

Con carácter previo o análise do solicitado é preciso relatar os fitos fundamentais no desenvolvemento deste contrato dende a súa adxudicación ata a presente data, así como as circunstancias concorrentes que motivan a súa solicitude.

**Primeiro.-** En data 13 de setembro de 2013 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en adiante a XGL) aprobou o expediente de contratación dos servizos de xestión do Centro de Usos Múltiples Vigosónico (expediente 3927-336), autorizou o gasto e acordou a apertura da licitación. Este acordo foi obxecto dunha corrección de erros en sesión de 27 de setembro do mesmo ano.

**Segundo.-** En data 28 de febreiro de 2014 a XGL adxudicou este contrato a ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U., por un prezo total de 347.996,00 € (IVE incluído) e un prazo de catro anos, con dúas posibles prórrogas dun ano cada unha. O contrato formalizouse en data 20 de abril de 2014 e comezou a súa execución o día seguinte.

**Terceiro.-** En datas 22 de febreiro de 2018 e 7 de febreiro de 2019 a XGL aprobou as prórrogas deste contrato, finalizando a última en data 20 de marzo de 2020.

**Cuarto.-** En data 29 de xaneiro de 2020 o Concelleiro delegado de Educación e Xuventude resolveu iniciar un contrato menor ponte para a xestión do centro de usos múltiples Vigosónico dende o 21 de marzo ao 19 de maio (2 meses) á vista do informe de necesidade e idoneidade da xefa do servizo de Xuventude de data 28 de xaneiro do mesmo ano.

**Quinto.-** En data 6 de febreiro de 2020 a XGL aprobou o expediente de contratación dos servizos de xestión do Centro de Usos Múltiples Vigosónico (expediente 8922-336), autorizou o gasto e acordou a apertura da licitación.

**Sexto.-** En data 12 de marzo de 2020, a Alcaldía do Concello de Vigo, ditou resolución na que, entre outras medidas, acordase o peche ao público de todas as instalacións municipais (apartado 2º).

En resolución da mesma data ampliase o acordo a "todas as áreas de xogo infantil e parques biosaudables, zonas de ocio, tempo libre e deportivas" (apartado 2º) e "as instalacións de AQA Vigo Florida, AQA Vigo Barreiro e MQA Navia, na súa condición de complexos de titularidade municipal".

Estas medidas foron confirmadas no Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Publicado este, a Resolución da Alcaldía de 14 de marzo, que no seu apartado 5º acorda "Continuar o peche das instalacións e actividades ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020, en sustitución do disposto no apartado quinto da Resolución desta Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, relativa á ampliación do primeiro paquete de medidas polo COVID-19".

**Sétimo.-** Mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19. Esta norma é modificada polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer frente ao COVID-19.

**Oitavo.-** En data 3 de abril de 2020, a xefa de servizo de Xuventude informa o seguinte:

> *" En data 26 de marzo Xosé Ares González, con DNI nº71513272Q, en representación da empresa **ATLANTIC PONTE 2000 SLU** con CIF B70232012, en calidade de administrador único da mesma solicita a través do Rexistro Electrónico do Concello a indemnización procedente de conformidade co procedemento regulado no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, o que implica que polo órgano de contratación se aprecie a imposibilidade de execución do contrato de xestión do centro de usos múltiples Vigsónico (expdte. 3927-336).*
> *En dito escrito desprendíase que a empresa, por indicación do servizo de Xuventude, continuaba coa prestación do contrato ata data de presentación do citado escrito.*
> *A que suscribe, como responsable do contrato, estaba disfrutando de vacacións dende o día 16 de marzo ata o 30 dese mesmo mes,polo que os últimos contactos que se ma-tiveron coa empresa foron os días 14 e 15 de marzo , nos que se lle comunica telefoni-*

*camente as Resolucións da Alcaldía deses mesmos días,que establecen a continuidade do peche da instalación de Vigosónico, unha vez declarado o estado de alarma.*

*En ningún momento se lle comunicou a empresa que continuase nin prestando o servizo nin acudindo á instalación o persoal dependente da mesma despois do día 14 de marzo, tal e como manifestaba no seu escrito.*

*Ante esta situación e co obxecto de valorar si procede a declaración de suspensión do contrato por parte do órgano de contratación, procédese o día 3 de abril a enviarlle un escrito á empresa para que aclare si o día 14 de marzo, tal e como se lle comunicou, deixou de prestar o servizo.*

*Ese mesmo día a empresa, presenta un escrito, no que recoñece que sí recibiu as indicacións de cese de actividade dende o 14 de marzo, por parte da responsable do contrato e retráctase do manifestado no escrito do día 26 de marzo.*

*Ante esta situación e admitindo como válido o escrito presentado pola empresa o día 3 de abril, no que manifesta o cese da prestación de xestión do Centro de Usos Múltiples Vigosónico o día 14 de marzo e que solicita acollerse á indemnización correpondente dende o día 14 de marzo, momento en que cesou a actividade obxecto do contrato e aceptando como válida a relación de persoal presentada no escrito do día 26 de marzo, por parte da responsable deste contrato infórmase da imposibilidade total de execución do mesmo, polo que procede declarar a suspensión total do mesmo en base aos seguintes datos:*

1. ***Tipo de contrato.***

   *Contrato de prestación de servizos*

2. ***Obxecto do contrato segundo a súa definición no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).***

   *A prestación de servizos de xestión do centro xuvenil de usos múltiples VIGOSÓNICO e a realización de actividades musicais (ensaios, gravacións, formación e actuacións), actividades relativas a outras disciplinas artísticas, así como actividades de información e dinamización xuvenil*

3. ***Prestacións que abarca o obxecto do contrato definidas no prego de prescricións técnicas particulares (PPT).***

   *A prestación dos servizos de xestión do centro de usos múltiples VIGOSÓNICO cuxa actividade deberá xirar principalmente en torno á música e outras disciplinas artísticas, así como á actividade de información/ dinamización xuvenil que abarca as seguintes actuacións:*

   *1. Promoción de novas iniciativas, modelos de participación e proxectos formativos de características socioeducativas, valorándose especialmente a súa incidencia cara á promoción do emprego, debendo estar debidamente especificados na memoria a presentar.*

   *2. Realizar polo menos 4 eventos anuais onde se conxugue tanto a música como outras disciplinas artísticas, deportivas etc,. Entendese por evento a actividade susceptible de aglutinar a varias actividades e a un público numeroso.*

   *3. Atender ás suxestións, reclamacións e queixas dos usuarios/as.*

*4. Expedir  o carné de usuario/a.*

*5. Xestionar as citas previas para os servizos que así o requiran así como o calendario de grupos para ensaio ou gravacións.*

*6. Actualizar os paneis informativos.*

*7. Realizar reserva de instalacións e espazos.*

*8. Manexo e control dos equipos musicais, audiovisuais, informáticos, sistemas de aire acondicionado, ascensor e alarmas, durante o horario de funcionamento.*

*9. Elaborar unhas normas de funcionamento e uso da instalación, por parte dos usuarios e usuarias e garantir o seu cumprimento. Ditas normas terán que contar coa aprobación da Concellería de Xuventude.*

*10. Organización do centro no referente á utilización de espazos, horarios, etc.*

*11. Redactar informes mensuais referentes á asistencia de usuarios e usuarias e incidencias, no seu caso.*

*12. Elaborar e controlar os calendarios de actividades, e adecuar a instalación ás  necesidades requiridas.*

*13. Dotar ao centro dun servizo de información, dirixido fundamentalmente aos xoves en materias tales como: ofertas e fomento de emprego, plans de estudio e alternativas educativas, ocio e tempo libre, medio ambiente, etc así como todas aquelas relacionadas coas áreas artísticas con especial incidencia na área musical.*

*14. Dinamización da poboación xuvenil e do tecido asociativo.*

*15. Coñecer as alternativas e ofertas do entorno xuvenil para prever cambios e modificacións.*

*16. Permitir a conexión directa entre os mozos e mozas da cidade no referente á planificación e participación nas diferentes accións que se desenvolvan.*

*17. Acceder e facilitar a información e/ou recursos que se consideren de interese para os/as mozos e mozas, mediante o traballo de campo consistente en contactar con institucións, asociacións, administracións públicas, outras entidades e grupos de mozos e mozas.*

*18. Difusión da Información e das actividades programadas pola Concellería.*

*19. Avaliar anualmente o desenvolvemento do servizo, elaborando un informe que recolla os resultados e que propoña medidas encamiñadas á mellora da calidade do mesmo.*

4. ***Identificación das prestacións cuxa execución deveu imposible e xustificación da causa.***

*Todas as prestacións obxecto deste contrato necesariamente teñen que ser prestadas dende a propia instalación, razón pola que ao declarar o peche da mesma, queda imposibilitada a sua execución.*

5. ***Norma que avala esta imposibilidade.***

- *Resolución da alcaldía de 12 de marzo de 2020, pola que se acorda o peche ao público da Casa da Xuventude • Pavillón de Coia • Ludotecas nas sedes de APAMP, CRAC Coruxo e AVDC de Lavadores. • Centro de usos múltiples Vigosónico.*
- *Resolución da alcaldía de 14 de marzo de2020 na que se dispón "Continuar o peche das instalacións e actividades ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020, en sustitución do disposto no apartado quinto da Resolución desta Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, relativa á ampliación do primeiro paquete de medidas polo COVID-19."*
- *Resolución da alcaldía de 15 de marzo de 20 que dispón "Continuar o peche das instalacións e actividades acordados por resolucións previas desta Alcaldía, ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020 e do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19".*

6. ***Descrición da actividade mínima indispensable para evitar prexuízos á hora de reanudar o servizo ou para evitar danos nas instalacións municipais.***

   *Apertura e peche da instalación e contacto con todos/as os/as usuarios/as ( grupos de música que ensain diariamente), para que poidan reanudar os ensaios.*

7. ***Proposición de declaración de suspensión total ou parcial e data na que se produce. No caso de que sexa parcial identificación das prestacións que seguen executándose e as que non.***

   *Declaración da suspensión total do contrato dende o día 14 de marzo en que se pecha a instalación.*

8. ***Incorporar ó expediente o PCAP e o PPT."***

**Noveno.-** En data 29 de abril de 2020 emitiuse un informe proposta de denegación da solicitude de suspensión, no que se prevía un trámite de audiencia ó contratista. Este informe notificóuselle na mesma data.

**Décimo.-** En data 8 de maio de 2020, no prazo do trámite de audiencia, D. Xosé Ares González, ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U., presenta escrito de alegacións.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

**Natureza do contrato e lexislación aplicable**

O contrato dos servizos de xestión do Centro de Usos Múltiples Vigosónico (expediente 3927-336), adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) do Concello de Vigo de de 28 de febreiro de 2014 a ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U., é un contrato administrativo de servizos.

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011,de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).

**-II-**

**Do estado de alarma e as súas consecuencias neste contrato**

No artigo 34 do RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución deveña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

Asemade cando se produza a suspensión dun contrato público, a entidade adxudicadora deberá aboar ao contratista os danos ou prexuízos efectivamente sufridos por este durante o período de suspensión, previa solicitude e acreditación fehaciente da súa realidade, efectividade e contía polo contratista.

A norma aclara que:

- Non resultará de aplicación a esta suspensión a regulación xeral da suspensión na lexislación de contratos (artigo 208 da LCSP e artigo 220 do TRLCSP).
- Dita suspensión non constituirá en ningún caso causa de resolución do contrato.

O artigo 10.3 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, suspende a apertura ao público dos museos, arquivos, bibliotecas, monumentos, así como dos locais e establecementos no que se desenvolvan espectáculos públicos, actividades deportivas e de ocio indicados no anexo do devandito Real Decreto.

Consonte as resolucións da alcaldía de datas 12, 14, e 15 de marzo de 2020, acordase o peche ao público da Casa da Xuventude, Pavillón de Coia, Ludotecas nas sedes de APAMP, CRAC Coruxo e AVDC de Lavadores. e Centro de usos múltiples Vigosónico.

A priori parece que concorren as circunstancias que poderían dar lugar a declaración de suspensión deste contrato. No entanto, a solicitude de suspensión presentase no Rexistro Xeral deste Concello o día 26 de marzo de 2020. Dado que a última prórroga deste contrato finalizaba o día 20 de marzo, no intre no que se presentou a solicitude o contrato xa tiña rematado o seu prazo contractual. En consecuencia, non é posible conceder a suspensión solicitada. Así desprendese do disposto no artigo 29 da LPAC que establece a obrigatoriedade dos termos e prazos establecidos nas leis tanto para as autoridades e persoal ó servizo das Administracións como para os interesados nos procedementos. Se ben a imposibilidade de suspensión dun prazo xa vencido non está prevista na norma, se está regulada a imposibilidade de ampliación dos prazos xa vencidos. Di o artigo 32 da LPAC, con respecto a ampliación dos prazos, que "*Tanto la petición de los interesados como la decisión sobre la ampliación deberán producirse, en todo caso, antes del vencimiento del plazo de que se trate. En ningún caso podrá ser objeto de ampliación un plazo ya vencido*". O artigo 4 do CC permite a aplicación analóxica das normas cando estas non contemplen un suposto específico, pero regulen outro semellante entre os que se aprecie identidade de razón, como acontece entre a suspensión e a ampliación dos prazos vencidos. É obvio que se un prazo vencido non se pode ampliar tampouco suspender.

O artigo 34.1 do RD-L 8 inicialmente falaba de suspensión automática dos contratos públicos de servizos e subministracións de prestación sucesiva no seu primeiro parágrafo o dicir *"quedarán automáticamente suspendidos desde que se produjera la situación de hecho que impide su prestación y hasta que dicha prestación pueda reanudarse*". No entanto, o propio artigo no seu parágrafo terceiro dice que "*La aplicación de lo dispuesto en este apartado solo procederá cuando el órgano de contratación, a instancia del contratista y en el plazo de cinco días naturales hubiera apreciado la imposibilidad de ejecución del contrato como consecuencia de la situación descrita en su primer párrafo. Con esta finalidad el contratista deberá dirigir su solicitud al órgano de contratación (...)*". Non se pode interpretar o primeiro parágrafo desconectado do terceiro. Efectivamente, o Código civil, con respecto á interpretación das normas determina que estas en primeiro lugar "se interpretarán según el sentido propio de sus palabras, en relación con el contexto".

Se a suspensión fose automática carecería de sentido que o propio artigo regulase o procedemento para a declaración de imposibilidade de execución dos contratos o cal se inicia previa solicitude do contratista.

Asi, no devandito artigo 34, regúlase o seguinte procedemento para a declaración de imposibilidade de execución do contratos como consecuencia do coronavirus COVID-19 :

1.- <u>Solicitude</u>: o contratista deberá solicitar dita declaración ao órgano de contratación reflectindo as razóns polas que a execución do contrato deveu imposible; o persoal, as dependencias, os vehículos, a maquinaria, as instalacións e

os equipos adscritos á execución do contrato nese momento; e os motivos que imposibilitan o emprego polo contratista dos medios citados noutro contrato.

2.- Resolución: o órgano de contratación dispón dun prazo de 5 días naturais para ditar a resolución na que se aprecie a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo. O transcurso de dito prazo sen que a Administración resolva determinará a desestimación da solicitude por silencio. Non entanto, a Administración poderá adoptar unha resolución expresa posterior ao vencemento do prazo non vinculada ao sentido do silencio, tal e como dispón o artigo 24.3.b) da LPAC.

Avala esta interpretación o feito de que o artigo 34 do RD-L 8/2020 foi modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, que elimina a referencia a suspensión automática do parágrafo primeiro.

A Subdirección General de los Servicios Consultivos da Avogacia do Estado, en informe de data 19 de marzo, evacuado tras unha consulta sobre o artigo 34 do RD-L 8/2020 di que "*Existe cierta contradicción entre el carácter automático de la suspensión al que alude el párrafo primero del artículo 34.1, y la necesidad de que la aplicación de dicho apartado y, consecuentemente, de la suspensión contractual automática que en el mismo se contempla, haya de tener lugar a instancia del contratista, y previa justificación de las circunstancias que el párrafo séptimo del artículo 34.1 se establecen, que serán apreciadas por el órgano de contratación. Entendemos que la finalidad de esta disposición es la de proteger al contratista que tenga dificultades para poder ejecutar los contratos públicos que le hayan sido adjudicados, debido a la emergencia sanitaria que ha motivado la declaración del estado de alarma. En la medida en que existan contratistas que, pese a dicha situación excepcional, consideren que pueden continuar ejecutando adecuadamente el contrato, podrá no operar su suspensión. De ahí que ésta tenga que ser instada por el propio contratista, previa justificación de las circunstancias que permitan acordarla, y que deberán ser apreciadas por el órgano de contratación. En consecuencia, y pese a la literalidad del párrafo primero, la suspensión será acordada por el órgano de contratación cuando aprecie la imposibilidad de ejecutar el contrato, siempre a instancias del contratista, que deberá justificar las circunstancias que enumera el párrafo 7 del artículo 34.1. Una vez acordada la suspensión, sus efectos serán automáticos y se retrotraerán al momento en el que se produjo la situación de hecho que la originó*".

## -III-
## Alegacións

O contratista, evacuado o trámite de audiencia do informe proposta da xefa do servizo de contratación de denegación da solicitude de suspensión, presenta escrito de alegacións, que analizaremos a continuación:

### 1ª.- Imposibilidade de execución do contrato

Manifesta ATLANTIC PONTE que tanto o servizo de Xuventude como o de Contratación coinciden en que a execución do contrato deveu imposible por mor das medidas adoptadas con ocasión da crise do COVID-19, que implicaron o peche da instalación. Reforza este argumento co feito de que estaba prevista a celebración dun contrato menor para a xestión do mesmo servizo do cal se formulou proposta de “acordo de non celebración do contrato” baseándose na imposibilidade de prestar o servizo coa instalación pechada.

É preciso neste punto aclarar que cando polas autoridades competentes se acordou o peche desta instalación ó contrato que nos ocupa so lle restaban sete días de prazo de execución, estaba licitándose o contrato que o ía a substituír posto que se trata dun servizo de prestación sucesiva, e paralelamente, por se non se adxudicaba o novo contrato a tempo estaba tramitándose un contrato menor ponte.

A realidade é que, tal e como se manifestou, de concorrer as causas previstas no artigo 34.1 do RD-L 8/2020, a solicitude de suspensión tiña que solicitarse con carácter previo o vencemento do prazo de execución, cosa que non aconteceu. Razón pola que procede desestimar esta alegación.

Non é que sexa a mesma causa interpretada de xeito diferente en cada un dos contratos. Non procede a suspensión do contrato maior con independencia de que a execución do contrato sexa posible ou non, cuestión que non procede valorar, porque a solicitude de suspensión foi extemporánea e ademais o contratista continuou facendo labores internas de mantemento ata a finalización do prazo contractual. O contrato menor non se perfeccionou porque non foi notificado ó contratista. So consta no xestor de expedientes do Concello unha tramitación interna, sen ter en conta o contratista, que tal e como manifesta, non supo do contrato, aínda que tiña a confianza de que se celebrase.

**2ª.- Causa da imposibilidade. Situación de feito que impide a prestación**

Continúa o contratista alegando que unha vez acreditada a imposibilidade de prestar o servizo a suspensión produciuse de manera automática, en aplicación do disposto no artigo 34.1 do RD-L 8/2020, e que a solicitude do contratista so é imprescindible para proceder á indemnización dos danos e prexuízos. Con respecto a esta alegación xa aclarouse no fundamento xurídico segundo as razóns polas que a suspensión non é automática. En consecuencia, procede tamén desestimar esta alegación.

**3ª.- Suspensión do contrato de feito**

A continuación o contratista alega que no momento no que aconteceu o peche das instalacións produciuse a suspensión de feito do contrato consonte ó previsto nos artigos 208 da LCSP e 220 do TRLCSP. E achaca o Concello que non iniciase os trámites para facer efectiva esta suspensión a cal, por ser por motivos imputables á Administración implicaría como consecuencia a obriga desta de indemnizar ó contratista polos danos e prexuízos. A xuízo da informante a causa alegada non é imputable á Administración senón exógena (trátase dunha pandemia), e non procede aplicar a suspensión prevista nos citados artigos por canto aprobouse unha normativa específica para a situación xerada polo COVID, que expresamente regula a inaplicación dos citados artigos no caso de que a prestación do

contrato devise imposible como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades con ocasión da crise xerada polo mesmo.

**4º.- Integración do establecido no artigo 34 do RD-L 8/2020 como solución**

Manifesta o contratista que a responsable do contrato remitiulle un escrito o día 24 de marzo informando de que os servizos cuxa execución devese imposible pola aplicación da normativa e medidas adoptadas por mor do COVID-19 quedarán automáticamente suspendidos dende o 14 de marzo.

A comunicación referida foi dirixida por todos os xefes dos servizos municipais ós contratistas adxudicatarios de servizos e subministracións de prestación sucesiva a título informativo para que, se consideraban que se atopaban no suposto de feito regulado polo artigo 34, solicitasen que se declarase a imposibilidade de prestar o contrato. E limitase a reproducir a dicción literal do artigo 34.1. Non supón o recoñecemento da imposibilidade de prestación de  ningún contrato. Do contrario sería nulo de pleno dereito por canto o órgano competente para declarar a imposibilidade é o órgano de contratación, a XGL, tal e como dispón o artigo 34.1. Determina este precepto que "*La aplicación de lo dispuesto en este apartado solo procederá cuando el órgano de contratación, a instancia del contratista y en el plazo de cinco días naturales hubiera apreciado la imposibilidad de ejecución del contrato como consecuencia de la situación descrita en su primer párrafo*".  E segundo o artigo 47.1.b da LPAC son nulos de pleno dereito os actos das Administracións públicas "*dictados por órgano manifiestamente incompetente por razón de la materia o del territorio*".

Finaliza esta alegación facendo referencia a finalidade do RD-L 8/2020 que é establecer medidas para evitar os efectos negativos da suspensión dos contratos sobre o emprego e a viabilidade empresarial e conclúe que a denegación da suspensión do seu contrato non é acorde coa citada finalidade. Esquece que esta Administración na súa actuación está sometida ó imperio da lei. Non pode suspender un contrato que xa finalizara no intre de solicitar a suspensión.  Procede, pois, desestimar a alegación cuarta.

**5ª.- Suspensión automática e dereito a ser indemnizado**

Volve a reiterar o contratista nesta alegación os seus argumentos de que concorre a causa de suspensión prevista no artigo 34.1 por canto a execución do contrato deveu imposible polo peche ao público das instalacións e que esta suspensión é automática, e así se lle indicou no citado escrito de 24 de marzo. Considera que o único que ten que facer esta Administración é comprobar se se produzo ou non a imposibilidade de prestar o contrato.

Non procede reproducir aquí de novo o xa informado no fundamento xurídico segundo. Con respecto a afirmación categórica de que o contrato deveu imposible como consecuencia do peche ó público. É preciso por de manifesto que das prestacións obxecto do contrato, previstas na cláusula 3 do PPT e enumeradas no informe da xefa do servizo de Xuventude reproducido no antecedente sétimo, algunhas delas é posible realizalas coa instalación pechada ó público, como as dos números 1, 3, 13, 14, 15, 17, por exemplo. E non esquezamos que o propio RDL-8, a cuxo amparo solicita o contratista a declaración de

imposibilidade de execución do contrato, prevé no seu artigo 5 o carácter preferente do traballo a distancia. Dispón este precepto o seguinte:

> *"Artículo 5. Carácter preferente del trabajo a distancia.*
>
> *Las medidas excepcionales de naturaleza laboral que se establecen en la presente norma tienen como objetivos prioritarios garantizar que la actividad empresarial y las relaciones de trabajo se reanuden con normalidad tras la situación de excepcionalidad sanitaria.*
> *En particular,* ***se establecerán sistemas de organización que permitan mantener la actividad por mecanismos alternativos, particularmente por medio del trabajo a distancia, debiendo la empresa adoptar las medidas oportunas si ello es técnica y razonablemente posible y si el esfuerzo de adaptación necesario resulta proporcionado. Estas medidas alternativas, particularmente el trabajo a distancia, deberán ser prioritarias frente a la cesación temporal o reducción de la actividad.***
> *Con el objetivo de facilitar el ejercicio de la modalidad de trabajo a distancia en aquellos sectores, empresas o puestos de trabajo en las que no estuviera prevista hasta el momento, se entenderá cumplida la obligación de efectuar la evaluación de riesgos, en los términos previstos en el artículo 16 de la Ley 31/1995, de 8 de noviembre, de Prevención de Riesgos Laborales, con carácter excepcional, a través de una autoevaluación realizada voluntariamente por la propia persona trabajadora".*

Na mesma liña a Resolución da Alcaldía deste Concello, de data 12 de marzo de 2020, establece como medida a adoptar durante a crise do COVID-19 "*Posibilitar sistemas de traballo non presenciais*".

Polo que, como xa se dixo, ainda que a priori poderían concorrer as circunstancias para declarar a imposibilidade, esta non tería porque ser total, podería ser parcial ou podería optarse por continuar co teletraballo.

É preciso tamén facer referencia o feito de que, tal e como manifesta o propio contratista no seu escrito " *(...) o 13 de marzo de 2020, recibindo ese día o persoal de ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U. a orde por parte da responsable do contrato de pechar ao público a instalación,* ***tendo que realizar o persoal labores internas de mantemento***" (páxina 3).

E conclúe esta alegación manifestando que os traballadores do servizo, en aplicación do disposto no Convenio Colectivo do sector ocio educativo e animación sociocultural teñen dereito de subrogación en caso de sucesión de empresas. Considera que coa decisión de non suspender o contrato se está conculcando este dereito. Esta cuestión é allea á presente solicitude e dirimirase cando proceda.

Procede propor a desestimación desta alegación polas razóns expostas.

Á vista do exposto, podemos concluír que non é posible declarar a suspensión dun contrato cuxo prazo contractual venceu o día 20 de marzo de 2020 se a solicitude foi formulada polo contratista o día 26 de marzo e máxime cando consta no expediente, e así o recoñece o contratista no seu escrito, continuo prestando labores internas de mantemento ata a finalización do prazo contractual, momento no que quedaron pendentes de comezar a

execución do contrato menor. O que parece lóxico e coherente co feito de que no momento de declararse o estado de alarma so restaban 6 días para a finalización do contrato.

**-IV-**

**Competencia**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

> *“1º.- Desestimar as alegacións presentadas por D. Xosé Ares González en representación de ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U., en escrito de 8 de maio de 2020, de conformidade co disposto nos fundamentos xurídicos II e III.*
>
> *2º.- Denegar a solicitude de declaración de imposibilidade total de execución do contrato de xestión do centro de usos múltiples vigosónico da concellería de xuventude (expediente 3927-336) presentada por ATLANTIC PONTE 2000 S.L.U., adxudicataria de este contrato, por canto a solicitude presentouse o día cando o contrato tiña finalizado o seu prazo.”*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 7(374).- DENEGACIÓN DA SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE IMPOSIBILIDADE DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DEVIXIANCIA MERCADILLOS. EXPTE. 5363/106.

Dáse conta do informe-proposta do 26/05/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e polo interventor xeral, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se trasposñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.

- Real Decreto Lexislativo 3/2011,de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer frente ao COVID-19.
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 13 de marzo de 2020, pola que acordouse a suspensión da actividade comercial nas feiras de Coia e Bouzas .
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

**ANTECEDENTES**

Con data 02/05/2020, a entidade mercantil INTEGRA MANTEMENTO, XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L, con CIF número B27715879, solicita a través do Rexistro Electrónico do Concello (Cod. Solicitude W429*684-8788) a suspensión do contrato de p*restación de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venta ambulantes nos mercadillos e eventos puntuais que se celebren no termino municipal do Concello de Vigo* co fin de acollerse ao réxime de indemnización de danos e prexuízos regulado no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19

Con carácter previo o análise do solicitado é preciso relatar os fitos fundamentais no desenvolvemento deste contrato dende a súa adxudicación ata a presente data, así como as circunstancias concorrentes que motivan a súa solicitude.

**Primeiro.-** En data 1 de marzo de 2018 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en adiante a XGL) aprobou o expediente de contratación dos servizos de prestación de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venta ambulantes nos mercadillos e eventos puntuais que se celebren no termino municipal do Concello de Vigo (expediente 5363-106), autorizou o gasto e acordou a apertura da licitación.

**Segundo.-** En data 16 de xullo de 2018 a XGL adxudicou este contrato a INTEGRA MANTEMENTO, XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L,, por un prezo total de 35.000 € (IVE incluído) e un prazo de un ano, con unha posibles prórroga de un ano. O contrato formalizouse en data 27 de xullo de 2018 e comezou a súa execución o día seguinte.

**Terceiro.-** En data 11 de xullo de 2019 a XGL aprobou a prórroga deste contrato.

**Cuarto.-** En data 13 de marzo de 2020, a Alcaldía do Concello de Vigo, ditou resolución na que, entre outras medidas, acordase a suspensión da actividade comercial nas feiras de Coia e Bouzas

**Quinto.-** Mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

**Sexto.-** O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19. Esta norma é modificada polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer frente ao COVID-19.

**Sétimo.-** En data 19 de maio de 2020, o xefe de servizo de Comercio informa o seguinte:

*" 1.- Tras a declaración en todo o territorio nacional do Estado de Alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 aprobada por Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo publicouse no BOE 18.03.2020 o Real Decreto Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 no seu artigo 34 regula de modo xeral os efectos que legalmente se producen para os contratos do sector público como consecuencia do Covid. Neste contexto, e co fin de minimizar o impacto na economía como regra xeral establécese a continuidade da execución dos contratos administrativos dispoñendo no seu artigo 34 medidas específicas en relación a suspensión e ampliación do prazo de execución nos contratos administrativos típicos de obras, servizos, subministracións e concesións de obras e servizos.*

2.- Atendendo á situación da pandemia e declaración do Estado de Alarma, por resolución da Alcaldía de data 13/03/03 acordouse a suspensión da actividade comercial nas feiras de Coia e Bouzas.

3.- A devandita suspensión afecta ao contrato adxudicado por acordo da Xunta de Goberno de data 16/07/2018 a Integra MXSCI CEE Galicia, S L (expte 5363/106), actualmente prorrogado ata o 27/07//2020 por acordo da Xunta de Goberno data 11/07/2019 (expte. 6466/106); podendo esta en consecuencia ao amparo do Real Decreto Lei 8/2020, de 17 de marzo de medidas urxentes, solicitar o dereito a reclamar os posibles danos e prexuízos carrexados da suspensión, comunicado a tal fin por Rexistro de saída de data 24/03/2020.

A suspensión da actividade dende o día 15/03/20250 afecta a tres postos de traballo coa seguinte xornada diaria:

• Feira de Bouzas: total 13 horas/día, no seguinte horario e nº de traballadores adscritos:

1.De 7 a 11 horas: dous vixiantes.

2.De de 11 a 16 horas: un vixiante.

•Feira de Coia: 17 horas/día co seguinte horario e nº de traballadores adscrito:

1..De 7 a 11 horas: tres vixiantes.

2.De 11 a 16 horas: un vixiante.

4.- Con data 02/05/2020, a entidade mercantil INTEGRA MANTEMENTO, XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L, con CIF número B27715879, solicita a través do Rexistro Electrónico do Concello (Cod. Solicitude W429*684-8788) a suspensión do contrato de servizos enriba indicado (Expte 5363/106) co fin de acollerse ao réxime de indemnización de danos e prexuízos regulado no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.

•Xunto ao solicitude achega relación do persoal adscrito ao contrato (Anexo I)

Na motivación exposta no escrito que se achega á solicitude indica:

*"1.- La ejecución del contrato ha devenido imposible debido a las medidas preceptivas, establecidas por el citado R.D. Ley 8/2020, de 17 de Marzo, de medidas urgentes extraordinarias, así como también por el precedente Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19, como así consta en el Artículo 10, del R.D. 463/2020, de 14 de marzo sobre medidas de contención en el ámbito de la actividad comercial, incluyendo la suspensión de apertura al público de locales y establecimientos de abundantes modalidades*.
*2. El personal, las dependencias, los vehículos, la maquinaria, las instalaciones y los equipos adscritos a la ejecución del contrato, se describen en el* ***ANEXO I*** *que se adjunta al presente escrito.*
*3. Los motivos que imposibilitan el empleo por el contratista de los medios citados en otro contrato, traen causa en la declaración de estado de alarma, con limitación y restricciones a la libertad de movimiento y desplazamiento del personal establecidas en el Art. 7 del R.D. 463/2020, así como también en las medidas excepcionales de naturaleza laboral que se establecen en el Art. 5 del R.D. Ley 8/2020, y que debido a la situación de excepcionalidad sanitaria ordenan la adopción de mecanismos alternativos, particularmente por medio del trabajo a distancia, siempre que resulte posible técnica y razonablemente.*

*En el presente supuesto, resulta inviable la adopción de tales medidas excepcionales en el ámbito de este contrato, por lo que resulta procedente la suspensión del contrato administrativo".*

A vista do anterior e sendo suficientemente a motivación da solicitude, requeriuselle á mercantil por Rexistro de saída de data 06/05/2020 a subsanación da mesma en relación co emprego dos medios citados noutro contrato, ausencia de información no Anexo I da mesma da categoría e convenio do persoal adscrito nin relación das dependencias, vehículos, e equipos adscritos á execución do contrato,.

En cumprimento do citado requirimento, a mercantil presenta por Rexistro electrónico de data 13/05/2020 escrito manifestando:

*"1.- Que los motivos que imposibilitan el empleo por el contratista de los medios adscritos al contrato cuya suspensión se solicita son que los contratos que INTEGRA mantiene suscritos se encuentran igualmente suspendidos en su mayoría y, aquellos que no lo están, mantienen a la totalidad del personal adscrito por lo que no cabe adscribir a más trabajadores.*

*Respecto del resto de contratos suscritos por INTEGRA, los mismos no se desarrollan en el ámbito geográfico donde se debe ejecutar.*

*2.- Que la categoría profesional de los trabajadores relacionados en el Anexo I del escrito de suspensión presentado es operario."*

**FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

1.- En canto á identificación das prestacións cuxa execución deveñen imposible e xustificación da causa, cómpre sinalar as medidas adoptadas polas administracións públicas para combater o COVID-19 que teñen incidencia na execución do mesmo:

- Concello de Vigo
    - *Resolución da Alcaldía de 13 de marzo de 2020, pola que se acorda "a suspensión temporal dos mercadillos de Bouzas e Coia polo tempo de duración destas medidas".*
    - *Resolución da Alcaldía de 15 de marzo de 20 que dispón "Continuar o peche das instalacións e actividades acordados por resolucións previas desta Alcaldía, ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020 e do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crises sanitaria ocasionada polo COVID-19".*
    - Resolución da alcaldía de 30 de marzo de 2020, pola que se acorda "*Instar ás Concellerías de Goberno á adopción das medidas necesarias para continuar unicamente a prestación dos servizos esenciais nos termos*

*establecidos no Real Decreto-lei 10/2020, do 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, coa fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19, mantendo o réxime de tele-traballo acordado en resolución desta Alcaldía de data 15.03.2020*".

- *Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 que no seu artigo 34.1 contempla un réxime especial de suspensión de determinados contratos, entre eles dos contratos de subministracións e servizos de prestación sucesiva*
- *Real Decreto 476/2020, de 27 de marzo, polo que se prorroga o estado de alarma ata ás 00:00 horas do día 12 de abril de 2020, e se someterá ás mesmas condicións establecidas no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo.*
- *Real Decreto-Lei 10/2020, do 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para os traballadores por conta allea que non presten servizos esenciais coa fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19 (BOE de 29/03/20)7*

2.- Conforme a citada solicitude procede emitir informe do responsable do contrato previo ao preceptivo acordo do órgano de contratación declarando a imposibilidade de execución do mesmo e suspensión parcial ou total, en relación:

* Tipo de contrato*: administrativo de servizos (art. 10 TRLCSP)*

* Obxecto do contrato (PCAP): *Prestación de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venta ambulantes nos mercadillos e eventos puntuais que se celebren no termino municipal do Concello de Vigo*.

* Prestacións que abarca (PPT):
*"a) A función principal do persoal adscrito ao servizo será a realización de labores auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e eventos puntuais que se celebran no termo municipal de Vigo.*

*b) Elaboración dun parte de traballo por posto de venda localizado en todo o termo municipal, no caso dos mercadillos elaborarase un parte por posto de venda cada día da celebración, segundo o modelo que se achega ao prego, no que se reflectirá os seguintes datos:*

*- Exposición ao público da tarxeta identificadora así como unha dirección para a recepción das posibles reclamacións.*

*- Configuración do posto de venda, exposición e tipo de mercancías así como o seu prezo de venda.*

*- Ocupación do espazo autorizado*

*- Condicións hixiénico-sanitarias tanto dos produtos obxecto de venda como dos postos.*

*-Outras circunstancias concorrentes que se consideren de interese para o normal desenvolvemento do mercadillo.*

*c) A empresa adxudicataria no caso de detectar vendedores ambulantes sen autorización así como calquera outra incidencia, o reflectirá no correspondente parte de traballo que se remitirá ao Servizo de Comercio.*

*d) Nos mercadillos semanais e ocasionais, a empresa adxudicataria dará conta ao Servizo de Comercio en relación a se a descarga de mercancía e montaxe dos postos se desenvolve de forma ordenada, para que ás 09.00 horas poida iniciarse, sen incidencias, a actividade de venda, así como que se produza a súa recollida ás 14:00 horas.*

*e) Colaborar coas forzas e corpos de seguridade de acordo coa lexislación vixente e cos servizos de emerxencias, no senso de poñer no seu coñecemento, de forma inmediata, calquera incidencia ou situación de risco que se produza durante o seu servizo.*

*f) O desprazamento ata os lugares de prestación do servizo, así como os medios de transporte precisos para este, correrán por conta do adxudicatario.*

*g) Serán por conta do adxudicatario todos os medios precisos para a correcta prestación do servizo a desenvolver. "*

* Conforme a cláusula 3 das FEC do prego de cláusulas administrativas o orzamento base de licitación ascende a 28.925,62 euros máis IVE 6.074,38 acadando un orzamento total 35.000,00 euros e como prezos unitarios (sen IVE). Laboral diúrna: 15,50 €/h; Festiva diúrna: 17,50 €/h

A cláusula 12 das FEC << *O pagamento dos servizos do contrato efectuarase con carácter mensual, logo de que o contratista presente as correspondentes facturas, que deberán ser conformadas polo responsable do contrato. <u>O importe de cada factura corresponderá as horas de prestación de servizo efectuadas no mes de que se trate</u>, e deberá desagregar o importe das horas laborais diúrnas e das horas festivas diúrnas.>>*

3.- Trátase dun contrato de servizos en función das necesidades da administración con orzamento máximo segundo a disposición adicional 34ª do TRLCSP que determina << *nos contratos de subministracións e servizos que tramiten as Administracións Públicas e demais entidades do sector público con orzamento limitativo, nos cales o empresario se obrigue a entregar unha pluralidade de bens ou <u>executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario, sen que o número total de entregas ou prestacións incluídas no obxecto do contrato se defina con exactitude o tempo de celebrar este, por estar subordinadas as mesmas as necesidades da Administración, deberá aprobarse un orzamento máximo</u>.*

*No caso de que, dentro de la vixencia do contrato, as necesidades reais foxen superiores as estimadas inicialmente, deberá tramitarse a correspondente modificación. A tales efectos, haberá de preverse en la documentación que rexe a licitación a posibilidade de que poida modificarse el contrato como consecuencia de tal circunstancia, nos termos previstos en el artigo 106 desta Lei.*

*A citada modificación deberá tramitarse antes de que se esgote o orzamento máximo inicialmente aprobado, reservándose a tal fin o crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades.>* >

4.- Cabe sinalar que nesta modalidade contractual, pola súa propia natureza, implica que o poder adxudicador non queda obrigado a un número efectivo de unidades de prezo a abonar de xeito que se as necesidades reais.

**CONCLUSIÓN**

***E por isto polo que suspendido a celebración dos mercadillos non concorre a necesidade real de prestación do servizo de vixilancia e control, polo que á vista da natureza do contrato de servizos en función das necesidades procede a desestimación da solicitude."***

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**
**Natureza do contrato e lexislación aplicable**

O contrato dos servizos de prestación de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venta ambulantes nos mercadillos e eventos puntuais que se celebren no termino municipal do Concello de Vigo, adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de de 16 de xullo de 2018 a INTEGRA MANTEMENTO, XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L, é un contrato administrativo de servizos.

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011,de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).

**-II-**

**Do estado de alarma e as súas consecuencias neste contrato**

No artigo 34 do RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as

consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución deveña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

Asemade cando se produza a suspensión dun contrato público, a entidade adxudicadora deberá aboar ao contratista os danos ou prexuízos efectivamente sufridos por este durante o período de suspensión, previa solicitude e acreditación fehaciente da súa realidade, efectividade e contía polo contratista.

A norma aclara que:

- Non resultará de aplicación a esta suspensión a regulación xeral da suspensión na lexislación de contratos (artigo 208 da LCSP e artigo 220 do TRLCSP).
- Dita suspensión non constituirá en ningún caso causa de resolución do contrato.

O contrato que nos ocupa é un contrato de servizos en función das necesidades da administración con orzamento máximo segundo a disposición adicional 34ª do TRLCSP. Neste tipo de contrato o contratista obrigase a entregar unha pluralidade de bens ou executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario, sen que o número total de entregas ou prestacións incluídas no obxecto do contrato se defina con exactitude o tempo de celebrar este, por estar subordinadas as mesmas as necesidades da Administración, se ben deberá aprobarse un orzamento máximo. Tal e como informa o servizo xestor "*Cabe sinalar que nesta modalidade contractual, pola súa propia natureza, implica que o poder adxudicador non queda obrigado a un número efectivo de unidades de prezo a abonar de xeito que se as necesidades reais. E por isto polo que suspendido a celebración dos mercadillos non concorre a necesidade real de prestación do servizo de vixilancia e control, polo que á vista da natureza do contrato de servizos en función das necesidades procede a desestimación da solicitude.*"

**-III-**

**Competencia**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

> *"Denegar a solicitude de declaración de imposibilidade total de execución do contrato de servizos de prestación de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venta ambulantes nos mercadillos e eventos puntuais que se celebren no termino municipal do Concello de Vigo (expediente 5363-106) presentada por INTEGRA MANTEMENTO, XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L.,*

*adxudicataria de este contrato, polas razóns expostas no fundamento xurídico deste informe".*

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(375).- ADXUDICACIÓN DUN CONTRATO DE EMERXENCIA DO SUBMINISTRO DE MASCARILLAS AUTOPROTECCIÓNFFP2. EXPTE. 69688/212.**
Dáse conta do informe-proposta do 25/05/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data 11 de marzo do 2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 como pandemia.

Por Resolución da Alcaldía de data 12 de marzo de 2020 acordouse a creación dun Comité de Seguimento de evolución do COVID-19, coa finalidade de analizar a situación e propoñer a implementación das medidas que se estimen necesarias.

A evolución da pandemia deu lugar a que o Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarase a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre as medidas adoptadas a nivel municipal, en relación coa contratación, o propio 13 de marzo de 2020 o órgano de contratación, a Xunta do Goberno local, acordou declarar a emerxencia dos contratos necesarios para adoptar medidas relacionadas coa crise xerada polo Coronavirus:

> *"1º.- A adopción de calquera medida, directa ou indirecta, para facer fronte ó coronavirus COVID-2019, xustificará a necesidade de actuar de maneira inmediata ó amparo do previsto no artigo 120 da LCSP.*
> *2º.- A todos os contratos que se celebren para facer fronte á situación xerada polo coronavirus COVID-2019, de acordo co establecido no punto anterior, aplicaráselles a tramitación de urxencia".*

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declara o estado de alarma polo goberno da nación para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

**Segundo.-** En data 22 de maio de 2020, o xefa de Area de Mobilidade e Seguridade na que pon de relevo o seguinte:

O Servizo de Policía Local, ao obxecto de facer fronte á situación xerada polo coronavirus COVID-19, por razóns de prevención de riscos laborais dos seus funcionarios que poideran derivarse da situación de alarma decretada con ocasión da pandemia que nos ocupa, ten necesidade da adquisición de 5.200 mascarillas de autoprotección FFP2.

En dita memoria xustifica a elección do contratista, VIMAD Global Services, S.L., có CIF B-85477784.

As características do contrato son as seguintes:

- O obxecto do contrato é o subministro de 5.200 mascarillas de autoprotección FFP2.
- O prezo é de 16.900,00 euros (IVE exento -art.8 RD Lei 15/2020).
- O prazo de execución do contrato é inmediato a contar dende o seguinte á notificación do acordo de adxudicación ó contratista.
- O responsable do contrato recae no Xefe de Área de Seguridade e Mobilidade.
- Forma de pagamento: O prezo correspondente ao subministro aboaráselle ó contratista previa a presentación da correspondente factura.
- O prazo de garantía é de 2 anos.
  **Os EPIs que nos ocupan, trátanse de mascarillas KN 95 antibacterial, con estándares de proba EN 49:2001+A1:2009.**

**Terceiro.-** O licitador seleccionado, VIMAD Global Services, S.L., declara que ten aptitude para contratar.

**Cuarto.-** Pola súa natureza este gasto resultaría imputable á aplicación presupostaria 1320.2219900 (material diverso para a operatividade do servizo).

Ao non existir crédito suficiente, unha vez adoptado o acordo, deberá incrementarse á súa dotación en 16.900,00 euros.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**-I-**

### A TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA DOS CONTRATOS RELATIVOS A MEDIDAS RELATIVAS Á SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-2019

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello

2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), prevé tres formas de tramitación do expediente de contratación: ordinaria, urxente e de emerxencia.

A principal diferencia entre eles é o diferente prazo de duración da tramitación do expediente.

A tramitación ordinaria é a que se segue por regra xeral, salvo que haxa motivos para declarar a tramitación urxente ou que permitan aplicar a tramitación de emerxencia.

Os expedientes cualificados de urxentes tramitaranse seguindo o mesmo procedemento que os ordinarios, máis gozarán de preferencia para o seu despacho e os prazos establecidos para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse á metade.

A tramitación de emerxencia se caracterizase porque nestes casos pódese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

A **tramitación de emerxencia** está regulada no artigo 120 da LCSP que a limita a aquilos contratos que veñan determinados pola necesidade dunha actuación inmediata por mor de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten á defensa nacional. Caracterízase porque nestes casos pódese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

Os supostos nos que cabe a tramitación de emerxencia son os seguintes:

1) Acontecementos catastróficos.
2) Situacións que supoñan grave perigo
3) Necesidades que afecten á defensa nacional.

A crise xerada polo coronavirus COVID-2019 pode cualificarse como unha situación que supón grave perigo, o que permitiría aplicar a tramitación de emerxencia (artigo 120.1 LCSP).

Nesta liña, a XGL, en data 13 de marzo, adoptou o seguinte acordo:

> *"1º.- A adopción de calquera medida, directa ou indirecta, para facer fronte ó coronavirus covid-2019, xustificará a necesidade de actuar de maneira inmediata ó amparo do previsto no artigo 120 da LCSP.*
>
> *2º.- A todos os contratos que se celebren para facer fronte á situación xerada polo coronavirus covid-2019, de acordo co establecido no punto anterior, aplicaráselles a tramitación de urxencia".*

Da memoria do servizo xestor despréndese que o presente contrato está relacionado directamente coas medidas adoptadas para facer fronte ao coronavirus covid-2019 polo que está xustificada a tramitación de emerxencia do mesmo e o seu obxecto é de competencia municipal.

**-II-**

## DO RÉXIME DOS CONTRATOS DE EMERXENCIA

Este réxime excepcional caracterízase polas seguintes notas:

1. O órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na presente Lei, incluso o da existencia de crédito suficiente. No caso de que non exista crédito adecuado e suficiente, unha vez adoptado o acordo, procederase á súa dotación.
2. O prazo de inicio da execución das prestacións non poderá ser superior a un mes, contado desde a adopción do acordo. Si excedésese este prazo, a contratación de devanditas prestacións requirirá a tramitación dun procedemento ordinario.
3. Executadas as actuacións obxecto deste réxime excepcional, observarase o disposto na lei sobre cumprimento dos contratos, recepción e liquidación da prestación.
4. Renderase a conta xustificativa do libramento que, no seu caso, se efectuase, con reintegro dos fondos non investidos.
5. As restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación ordinaria.

**-III-**

## DO CRÉDITO PARA FACER FRONTE AO GASTO

Pola súa natureza este gasto resultaría imputable á aplicación presupostaria 1320.2219900 (material diverso para a operatividade do servizo).

Ao non existir crédito suficiente, unha vez adoptado o acordo, deberá incrementarse á súa dotación en 16.900,00 euros.

**-IV-**

## COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ao que antecede, se propón á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

*"1º Adxudicar o contrato de subministro* de adquisición de 5.200 mascarillas de autoprotección FFP2 *a prol da mercantil VIMAD Global Services, S.L., có CIF B-85477784, aplicando a tramitación de emerxencia ao abeiro do artigo 120 da LCSP, coas seguintes características:*

- *O obxecto do contrato é o subministro de* adquisición *de 5.200* mascarillas de autoprotección FFP2.
- *O prezo é de 16.900,00 euros (IVE exento).*
- *O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 1320.2219900 (gastos diversos para a operatividade do servizo).*
- *O prazo de execución do contrato é inmediato a contar dende o seguinte á notificación do acordo de adxudicación ó contratista.*
- *O responsable do contrato será o xefe da Área de Seguridade e Mobilidade.*
- *Forma de pagamento: O prezo correspondente ao subministro aboaráselle ó contratista previa a presentación da correspondente factura.*
- *O prazo de garantía é de 2 anos.".*

*2o.- Incoación da oportuna modificación orzamentaria para dotar á aplicación orzamentaria 1320.2219900 (material diverso para a operatividade do servizo) do estado de gastos do vixente orzamento municipal, do crédito necesario para facer fronte ó gasto que se deriva do presente expediente".*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(376).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLA SÚA ACTIVIDADE NA TEMPADA DEPORTIVA 2019/2020. EXPTE. 19533/333.**

Visto o informe xurídico do 21/05/2020 e informe de fiscalización do 22/05/2020, dáse conta do informe-proposta de data 20/05/2020, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 19533/333 sobre as Bases e a Convocatoria de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro pola súa actividade na tempada deportiva 2019/2020, e atendendo ás observacións transmitidas pola Intervención do Concello, e á inclusión da fundamentación vinculada coa excepcionalidade na aplicación da regra xeral de suspensión dos prazos administrativos, procédese a informar sobre a consideracións observadas e á modificación da proposta e que a continuación se detalla:

1. Corrixiuse o punto 4 da cláusula 5ª, reducindo a duración mínima esixida das competicións deportivas non federadas, ao obxecto de adaptar o requisito ás condicións derivadas do estado de alarma vinculado coa pandemia do COVID-19, quedando a mesma como se detalla a continuación:

   *As entidades deberán estar integradas en competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de club ou equipo profesional. Exceptuarase desta obriga a entidades que cumpran un dos seguintes requisitos:*

   - *Desenvolvan na cidade programas específicos de actividade física orientados exclusivamente á terceira idade e de duración anual.*

- *Desenvolvan programas de organización ou participación en competicións de ámbito nacional ou internacional destinadas a corpos, forzas de seguridade e bombeiros.*
- *Desenvolvan en Vigo programas polideportivos de competición deportiva non federada, cunha duración regular de como mínimo 5 meses e unha participación mínima acreditada de 2.500 deportistas.*

2. Modificáronse as puntuacións vinculadas cos criterios para a concesión da subvención da cláusula sétima co obxectivo de incrementar o valor porcentual das puntuacións dos criterios obxectivos a valorar. Desta forma, na nova proposta, o valor dos criterios obxectivos pasa a supoñer un 53,49%, tal e como a continuación se detalla:

***SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.***

*1.- Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 86 puntos:*
*a) Actividades xeral da entidade solicitante:*

*a.1. Relevancia da modalidade e da entidade deportiva no ámbito da cidade. Valorarase a relevancia, repercusión e traxectoria do proxecto deportivo no desenvolvemento social da zona na que se ubica o ámbito de actividade da entidade, relación co deporte e a discapacidade, repercusión mediática e social tanto no ámbito da cidade de Vigo como a nivel nacional e internacional...: Ata 20 puntos, según os seguintes criterios:*

*De 0,5 a 10 puntos:*
*A aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, cumpren algunhas das seguintes características:*

- *Un impacto e repercusión medio/baixo nun entorno xeográfico determinado da cidade de Vigo.*
- *Orientado fundamentalmente ó deporte de base ou de categoría absoluta.*
- *Volume porcentual medio/baixo da entidade en función do volume total de licencias da modalidade na cidade e do total de licencias deportivas en Vigo.*
- *Nivel de competicións de ámbito fundamentalmente local, provincial ou autonómico.*

*De 11 a 15 puntos: Aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, cumpren algunhas das seguintes características:*

4) *Un impacto e repercusión medio-alto no entorno xeográfico cidade de Vigo.*
5) *Orientado ó deporte de base e/ou de categoría absoluta.*
6) *Volume porcentual medio da entidade en función do volume total de licencias da modalidade na cidade e do total de licencias deportivas en Vigo.*
7) *Nivel de competicións de ámbito fundamentalmente autonómico ou nacional.*
8) *De longa tradición e arraigo na cidade de Vigo.*

*De 16 a 20 puntos: Aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, cumpren algunhas das seguintes características:*

- *Un impacto considerable no entorno xeográfico da cidade de Vigo a nivel mediático e/ou social.*
- *Volume porcentual medio-alto da entidade en función do volume total de licencias da modalidade na cidade e do total de licencias deportivas en Vigo.*

- *Nivel de competicións de ámbito autonómico, nacional ou internacional.*
- *O proxecto supón a continuidade dun proxecto anterior, de longa tradición e arraigo na cidade de Vigo.*

*a.2. Organización de actividades e competicións deportivas que colaboren co sistema deportivo local. Valorarase a repercusión mediática e social da actividade, o nivel deportivo dos participantes, o volume de actividade, o volume de espectadores, o interés público da actividade, o custo da actividade, ou a orientación a determinados colectivos de interese... Para a valoración, terase en conta o proxecto presentado, que incluirá, ademais, un orzamento de ingresos-gastos detallado. A valoración deste criterio será incompatible con outras subvencións outorgadas polo Concello de Vigo. Para ser tido en conta este criterio, a entidade deberá obter, como mínimo, 2 puntos no apartado, valorándose, como máximo, 1 evento por entidade. Ata 20 puntos según os seguintes criterios:*

*<u>a.2.1. De 0 a 1,5 puntos:</u>*

*A aqueles proxectos que, a xuízo da comisión de avaliación, teñen algunhas das seguintes características:*

- *Non cumpran as condicións mínimas para que sexa técnica e economicamente viable.*
- *Non cumpran cos criterios establecidos nos apartados a.2.2., a.2.3. ou a.2.4.*
- *Un impacto e repercusión baixo.*
- *Volume baixo de participación.*

*<u>a.2.2.De 2 a 10 puntos:</u>*

*A aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, teñen algunhas das seguintes características:*

- *Un impacto e repercusión medio nun entorno determinado da cidade de Vigo.*
- *Orientado fundamentalmente ó deporte de base ou a un determinado colectivo de interese.*
- *Volume medio de participación.*
- *Volume medio de asistencia de público.*
- *O proxecto supón a continuidade dun proxecto anterior.*
- *De ámbito provincial ou autonómico.*
- *Programas de organización ou participación en competicións de ámbito nacional ou internacional destinados a corpos, forzas de seguridade e bombeiros.*
- *Desenvolvan en Vigo programas polideportivos de competición non federada, cunha duración mínima regular de como mínimo 5 meses e unha participación mínima acreditada de 2.500 deportistas.*
- *Desenvolvan na cidade programas específicos de actividade física orientados exclusivamente á terceira idade de duración anual.*

*<u>a.2.3.De 11 a 15 puntos:</u>*

*A aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, teñen algunhas das seguintes características:*

- *Un impacto e repercusión alto na cidade de Vigo a nivel mediático e/ou social.*
- *Repercusión de ámbito galego.*
- *Nivel elevado da competición.*
- *Carácter oficial da competición.*
- *Volume alto de participación.*
- *Volume alto de asistencia de público.*

- *O proxecto supón a continuidade dun proxecto anterior.*
- *De ámbito nacional ou internacional.*
- *De longa tradición na cidade de Vigo.*

*a.2.4.De 16 a 20 puntos:*

*A aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, teñen algunhas das seguintes características:*

- *Un impacto considerable na cidade de Vigo a nivel mediático e/ou social.*
- *Repercusión de ámbito nacional ou internacional.*
- *Nivel elevado da competición.*
- *Carácter oficial da competición.*
- *Volume alto de participación.*
- *Volume alto de asistencia de público.*
- *O proxecto supón a continuidade dun proxecto anterior, que polas súas características diferenciadoras, contido e colectivo destinatario, foi avaliado positivamente pola concellería de deportes, o que lle outorga un valor engadido ó proxecto.*
- *De ámbito nacional ou internacional.*
- *De longa tradición na cidade de Vigo.*

*b) Promoción do deporte base:*

*b.1. Participación no Programa Municipal de Escolas Deportivas; terase en conta a participación ou non no programa Municipal de escolas deportivas no curso 2019/2020. Para este criterio utilizaranse os datos obrantes no servizo de deportes: Ata 6 puntos.*

- *De 15 a 50 escolares = 1 punto.*
- *De 51 a 100 escolares = 2 puntos.*
- *De 101 a 150 escolares = 3 puntos.*
- *>150 escolares = 6 puntos.*

*b.2. Número de licencias ata categoría xuvenil incluida. Ata 20 puntos*

*Volume de licencias ata categoría xuvenil e puntuación (*excepto Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis).*

- *1 punto: De 15 a 30 licencias.*
- *2 puntos: De 31 a 50 licencias.*
- *4 puntos: De 51 a 100 licencias.*
- *5 puntos: De 101 a 150 licencias.*
- *8 puntos: De 151 a 250 licencias.*
- *10 puntos: De 251 a 300 licencias.*
- *16 puntos: De 301 a 400 licencias.*
- *20 puntos: >400 licencias.*

*Volume de licencias de base ata categoría xuvenil e puntuación para Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis:*

- *1 punto: De 50 a 100 licencias.*
- *2 puntos: De 101 a 450 licencias.*
- *3 puntos: De 451 a 650 licencias.*
- *5 puntos: De 651 a 999 licencias.*

- *6 puntos: De 1.000 a 1.200 licencias.*
- *12 puntos: De 1.201 a 1.500 licencias.*
- *15 puntos: De 1.501 a 2.000 licencias.*
- *20 puntos: > de 2.000 licencias.*

*b.3. Número de licencias de categoría feminina: Ata 6 puntos*
*Volume de licencias femininas e puntuación (*excepto Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis).*

- *1 punto: De 15 a 30 licencias.*
- *2 puntos: De 31 a 50 licencias.*
- *4 puntos: De 51 a 75 licencias.*
- *6 puntos: >75 licencias.*

*Volume de licencias femininas e puntuación para Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis:*

- *1 punto: De 75 a 150 licencias.*
- *2 puntos: De 151 a 300 licencias.*
- *3 puntos: De 301 a 400 licencias.*
- *6 puntos: >400 licencias.*

*c) Deporte e discapacidade: 2 puntos. Outorgaranse 2 puntos ós proxectos deportivos cuxo fin estea orientado fundamentalmente ó deporte adaptado, e que cumpran cos requisitos da convocatoria.*

*d) Gastos en aluguer de instalacións deportivas municipais en concepto de aluguer de instalación para adestramentos e competicións deportivas. Ata 12 puntos*
*A entidade solicitante recibirá un punto, ata un máximo de 12, por cada 900,00€ de gasto en aluguer de instalacións deportivas municipais realizados no ano 2019. O Concello comprobará de oficio o gasto efectivo realizado polas entidades solicitantes.*

- *1 punto por cada 900,00€ de gasto acreditado.*

*Os datos a puntuar corresponderanse coas actividades desenvolvidas na tempada 2019/2020, ou en calquera caso, no ano 2020 nas modalidades cuxa tempada deportiva se corresponda co ano natural.*

3. Co obxectivo de atender as posibles incidencias que a situación de alarma actual puidera ocasionar nos procesos de tramitación do expediente, modificouse a data límite de presentación da xustificación das subvencións, ampliándolo ata o 6 de novembro do 2020, cláusula 16ª, quedando tal como se detalla a continuación:

***DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.***

*1.- As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 6 de novembro de 2020 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.*

4. Incluíse nos antecedentes da proposta a fundamentación que motivou o incremento do importe total dos recursos destinados á convocatoria, quedando tal como se detalla a continuación:

*En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do*

*Concello de Vigo para o ano 2020 consignan, na partida orzamentaria 3410.489.00.00 "subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro", un crédito por un importe total de 925.000,00€ (Nove centos vinte cinco mil euros), que o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes pretende destinar á actuación de colaboración no financiamento da actividade deportiva das entidades deportivas da cidade de Vigo e nos distintos ámbitos da actividade deportiva. O incremento na partida orzamentaria obedece fundamentalmente a que algunhas das entidades consideradas de elite ata a tempada pasada, en concreto cinco delas e cuxas subvencións tramitáronse nominativamente por un importe total de 167.000,00€, descenderon de categoría. Esta circunstancia fixo necesaria a reevaluación e o redimensionamento dos recursos destinados á convocatoria obxecto deste expediente, prevendo que ésta deberá atender con total seguridade as solicitudes tramitadas por estas entidades deportivas.*

*5. Por último, incluíuse a justificación que motiva a excepcionalidade da suspensión dos prazos administrativos.*

Por todo o exposto, procédese á modificación da proposta considerando e atendendo ás observacións detalladas:

**ANTECEDENTES**

A actividade deportiva en Vigo, no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas de todas as facetas do deporte, e de forma xeral, en un número moi importante de disciplinas deportivas.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes, atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo e a consolidación destes proxectos deportivos que xera a cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e cidadanas.

Os obxectivos xerais destes proxectos de subvencións responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsquea da potenciación de sinerxías no ámbito social, destacando no proxecto:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida de acción, en base ós principios do compromiso da sociedade sobre os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en todos os aspectos é unha das prioridades de actuación en materia de deporte.
- A colaboración cos axentes deportivos no financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica da actividade deportiva.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Contribuír a que os deportistas e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar a imaxe deportiva de Vigo.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2020 consignan, na partida orzamentaria 3410.489.00.00 "subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro", un crédito por un importe total de 925.000,00€ (Nove centos vinte cinco

mil euros), que o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes pretende destinar á actuación de colaboración no financiamento da actividade deportiva das entidades deportivas da cidade de Vigo e nos distintos ámbitos da actividade deportiva. O incremento na partida orzamentaria obedece fundamentalmente a que algunhas das entidades consideradas de elite ata a tempada pasada, en concreto catro delas e cuxas subvencións tramitáronse nominativamente por un importe total de 155.000,00€, descenderon de categoría. Esta circunstancia fixo necesaria a reevaluación e o redimensionamento dos recursos destinados á convocatoria obxecto deste expediente, prevendo que ésta deberá atender con total seguridade as solicitudes tramitadas por estas entidades deportivas.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión da subvención nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

*Así mesmo, atendendo ó establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e tendo en conta a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións e o traslado do seu extracto ao diario oficial correspondente, deberá aprobarse o texto do extracto e da convocatoria de subvencións que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, e que se anexan ó expediente. Considerando tales preceptos legais, axúntanse como anexos na proposta de aprobación o texto da convocatoria e o extracto da mesma, tal como establece o punto cuarto da Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.*

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno;así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Excepcionalidade da suspensión de prazos:

A crise sanitaria xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019 provocou a adopción de numerosas normas ditadas polas diferentes administracións territoriais, Estado, Comunidade autónoma de Galicia e Concello, adoptando medidas para superala.

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo e as súas sucesivas prórrogas, modificado polo R.D 465/2020, declara o estado de alarma polo goberno da nación para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. Na súa disposición adicional terceira interrompe os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, pero establece a posibilidade de acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos. Tamén permite acordar medidas de ordenación e instrución sempre que sexan estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento, se este manifesta a súa conformidade e se acorde en resolución motivada.

A Resolución da Alcaldía de data 23/03/2020, resolve manter os procedementos de convocatoria e celebración de sesións da Xunta de Goberno Local, tanto en réxime de sesións ordinarias, como extraordinarias e urxentes, en relación cos procedementos excepcionados da suspensión de termos e prazos do Real Decreto 463/2020.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria de data 09/04/2020, acorda:

*1º.- Excepcionar da regra xeral de suspensión dos prazos administrativos polas razóns expostas e continuar coa tramitación das seguintes actuacións e procedementos:•A tramitación interna dos expedientes de contratación.•A emisión de informes de valoración de ofertas solicitados pola Mesa de contratación ós técnicos municipais. •A celebración de sesións pola Mesa de Contratación para garantir a continuación da tramitación dos expedientes de contratación. •A presentación da documentación esixida o primeiro clasificado se as empresas clasificadas manifestan a súa conformidade. •A formalización dos contratos nos que concorran as circunstancias previstas no apartado I.A.3. •Procedementos de modificación de contratos. •Procedementos de cesión de contratos.•Procedementos de resolución dos contratos en execución se media a conformidade do contratista.•Procedementos de prórroga dos contratos.*

*2º.- Naqueles supostos que os procedementos non estean suspendidos conforme ó disposto no apartado 4 da disposición adicional 3º do RD 463/2020, deberá xustificarse esta circunstancia.*

A Convocatoria xeral de subvencións dinamizada pola Concellería de deportes é un dos piares básicos nos que as entidades deportivas da cidade apoian a súa existencia, e se converte tempada tras tempada no referente económico que permite a subsistencia do tecido asociativo deportivo da cidade. Esta convocatoria ten como obxectivo básico fomentar a participación das entidades deportivas da cidade nas diferentes competicións deportivas de carácter federado e o desenvolvemento dos seus proxectos deportivos anuais.

A pesar da suspensión parcial das competicións, derivada da aplicación do estado de alarma, as entidades desenvolveron as competicións nun alto porcentaxe, e asumiron os gastos básicos da tempada deportiva, como os gastos federativos, os seguros médicos, unha parte moi importante dos gastos por desprazamento, pagos a adestradores, instalacións deportivas....

Considérase que a paralización deste procedemento administrativo pode producir prexuízos nas entidades deportivas da cidade, potenciais beneficiarias desta liña de subvención, que continúan tendo que facer fronte a determinados gastos fixos, como son gastos de persoal, seguros ou licenzas, así como gastos xa sufragados da tempada antes da declaración do estado de alarma.

Nesta situación, por tanto, concorren as circunstancias establecidas na disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo e sucesivas prórrogas, modificado polo Decreto 465/2020, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, para acordar motivadamente a continuación deste procedemento administrativo, ao ser

indispensable para a protección do interese xeral, e evitar que as entidades deportivas da cidade se vexan prexudicadas pola paralización do procedemento.

Tal e como establecen as bases, e conforme coa Lei 39/2015 de PAC, trátase dun procedemento de tramitación exclusivamente por medios electrónicos.

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Autorizar a tramitación do presente procedemento ao abeiro do establecido na disposición adicional terceira do RD 463/2020, de 14 de marzo e as súas sucesivas prórrogas, modificado polo Decreto 465/2020, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, ao ter por obxecto responder ao interese xeral evitando prexuízos nos clubs deportivos e entidades interesadas no procedemento, e ao abeiro do establecido no acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de abril de 2020.

**SEGUNDO:** Aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo sen ánimo de lucro para as actividades e proxectos deportivos da tempada 2019/2020 e súa convocatoria.

**TERCEIRO:** Autorizar o gasto por importe de 925.000,00€ (Nove centos vinte cinco mil euros) con cargo á partida ornamentaría 3410.489.00.00 “Subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro” do orzamento do ano 2020.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Bases específicas para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo en relación á actividade deportiva da tempada 2019/2020.

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2020 consignan, na partida orzamentaria 3410.489.00.00 “subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro”, un crédito por un importe total de 925.000,00€ (Nove centos vinte cinco mil euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, destina a colaborar no financiamento da actividade deportiva das entidades deportivas da cidade de Vigo, nos distintos ámbitos da actividade deportiva.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento das entidades deportivas da cidade e a súa actividade deportiva durante a tempada deportiva 2019/2020.

**SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.**

Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta, así como os motivados pola participación ou organización de actividades deportivas. Estes gastos poderán ter relación entre outros a gastos de pagamento de licencias federativas, viaxes, aloxamentos e comidas, arbitraxes, adestradores, alugamento de instalacións deportivas, gastos telefónicos, compras de material deportivo, etc. En xeral serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva para o cumprimento dos seus fins ao longo da tempada 2019/2020, quedando excluídos os gastos por investimento en instalacións deportivas (obras).

As subvencións ós clubs teñen un carácter único e, aínda que se valoran aspectos como a participación ou organización de eventos deportivos, enténdese que o total da subvención é polos gastos xerados pola actividade durante a tempada.

A tempada deportiva 2019/2020 estará definida para cada modalidade deportiva en función dos datos recabados das respectivas federacións, e a data de inscrición dos equipos ou dos deportistas individuais. A tal efecto, o servizo de deportes, no informe que se axuntara á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

**TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 925.000,00€ (Nove centos vinte cinco mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00 “Subvención a clubs e entidades sen fin de lucro”. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

**CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.**

1.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, aínda que serán incompatibles coas subvencións tramitadas a través de convenios nominais de colaboración en relación a un concepto análogo ó do obxecto da convocatoria, tramitados a través da Concellería de deportes na tempada 2019/2020.

2.- A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

3.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.**

1. Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que teñan o seu enderezo social en Vigo, teñan personalidade xurídica propia,

carezan de ánimo de lucro e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2. En relación coa modalidade de fútbol sala, só poderán participar nesta convocatoria os clubs que acrediten ter, polo menos, dous equipos federados en categorías inferiores.

3. Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- As federacións deportivas.
- Os clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
- Os clubs que por calquera causa se retiraran da competición oficial durante algunha das tempadas 2018-2019 ou 2019-2020.
- As entidades subvencionadas a través de convenios nominais de colaboración en relación a un concepto análogo ó do obxecto da convocatoria, tramitados a través da Concellería de deportes na tempada 2019/2020.

4. As entidades deberán estar integradas en competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de club ou equipo profesional. Exceptuarase desta obriga a entidades que cumpran un dos seguintes requisitos:

- Desenvolvan na cidade programas específicos de actividade física orientados exclusivamente á terceira idade e de duración anual.
- Desenvolvan programas de organización ou participación en competicións de ámbito nacional ou internacional destinadas a corpos, forzas de seguridade e bombeiros.
- Desenvolvan en Vigo programas polideportivos de competición deportiva non federada, cunha duración regular de como mínimo 5 meses e unha participación mínima acreditada de 2.500 deportistas.

5. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursos en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

6. Débedas coas Administracións Públicas:

- As entidades que soliciten subvencións por importe superior a 3.000,00€:
  –Acreditarán acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia mediante a presentación da certificación á que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
  –Autorizan á Comisión avaliadora a solicitar ós departamentos responsables, e comprobar de oficio, os datos e a documentación que acredite que se achan ao corrente das súas obrigas Tributarias coa Axencia Tributaria, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e o Concello de Vigo. Entenderase que o solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, consinte tal extremo.
- As entidades que soliciten subvencións que non superen o importe de 3.000,00€.
  –Acreditarán que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo mediante a presentación dunha declaración responsable ao abeiro do artigo 24.4 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

En calquera dos casos, entenderase que o solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar e comprobar de oficio os datos e certificados acreditativos necesarios ós departamentos administrativos responsables.

**SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.**

1.- Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude, deixando constancia do financiamento municipal en calquera actividade coa inclusión da imaxe corporativa oficial.
- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- Empregar a lingua galega na realización das actividades subvencionadas, caso de que tal utilización se tivese invocado e avaliado como mérito para o procedemento de concesión da subvención.
- Dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada en calquera actividade ou evento relacionado coa entidade.
- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.
- En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que visualice a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

**SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.**

1.- Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 86 puntos:
a) Actividades xeral da entidade solicitante:

a.1. Relevancia da modalidade e da entidade deportiva no ámbito da cidade. Valorarase a relevancia, repercusión e traxectoria do proxecto deportivo no desenvolvemento social da zona na que se ubica o ámbito de actividade da entidade, relación co deporte e a discapacidade, repercusión mediática e social tanto no ámbito da cidade de Vigo como a nivel nacional e internacional...: Ata 20 puntos, según os seguintes criterios:

<u>De 0,5 a 10 puntos:</u>
A aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, cumpren algunhas das seguintes características:

- Un impacto e repercusión medio/baixo nun entorno xeográfico determinado da cidade de Vigo.
- Orientado fundamentalmente ó deporte de base ou de categoría absoluta.
- Volume porcentual medio/baixo da entidade en función do volume total de licencias da modalidade na cidade e do total de licencias deportivas en Vigo.
- Nivel de competicións de ámbito fundamentalmente local, provincial ou autonómico.

<u>De 11 a 15 puntos:</u> Aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, cumpren algunhas das seguintes características:

9) Un impacto e repercusión medio-alto no entorno xeográfico cidade de Vigo.
10) Orientado ó deporte de base e/ou de categoría absoluta.
11) Volume porcentual medio da entidade en función do volume total de licencias da modalidade na cidade e do total de licencias deportivas en Vigo.
12) Nivel de competicións de ámbito fundamentalmente autonómico ou nacional.

13) De longa tradición e arraigo na cidade de Vigo.

De 16 a 20 puntos: Aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, cumpren algunhas das seguintes características:

- Un impacto considerable no entorno xeográfico da cidade de Vigo a nivel mediático e/ou social.
- Volume porcentual medio-alto da entidade en función do volume total de licencias da modalidade na cidade e do total de licencias deportivas en Vigo.
- Nivel de competicións de ámbito autonómico, nacional ou internacional.
- O proxecto supón a continuidade dun proxecto anterior, de longa tradición e arraigo na cidade de Vigo.

a.2. Organización de actividades e competicións deportivas que colaboren co sistema deportivo local. Valorarase a repercusión mediática e social da actividade, o nivel deportivo dos participantes, o volume de actividade, o volume de espectadores, o interés público da actividade, o custo da actividade, ou a orientación a determinados colectivos de interese... Para a valoración, terase en conta o proxecto presentado, que incluirá, ademais, un orzamento de ingresos-gastos detallado. A valoración deste criterio será incompatible con outras subvencións outorgadas polo Concello de Vigo. Para ser tido en conta este criterio, a entidade deberá obter, como mínimo, 2 puntos no apartado, valorándose, como máximo, 1 evento por entidade. Ata 20 puntos según os seguintes criterios:

a.2.1. De 0 a 1,5 puntos:

A aqueles proxectos que, a xuízo da comisión de avaliación, teñen algunhas das seguintes características:

- Non cumpran as condicións mínimas para que sexa técnica e economicamente viable.
- Non cumpran cos criterios establecidos nos apartados a.2.2., a.2.3. ou a.2.4.
- Un impacto e repercusión baixo.
- Volume baixo de participación.

a.2.2.De 2 a 10 puntos:

A aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, teñen algunhas das seguintes características:

- Un impacto e repercusión medio nun entorno determinado da cidade de Vigo.
- Orientado fundamentalmente ó deporte de base ou a un determinado colectivo de interese.
- Volume medio de participación.
- Volume medio de asistencia de público.
- O proxecto supón a continuidade dun proxecto anterior.
- De ámbito provincial ou autonómico.
- Programas de organización ou participación en competicións de ámbito nacional ou internacional destinados a corpos, forzas de seguridade e bombeiros.
- Desenvolvan en Vigo programas polideportivos de competición non federada, cunha duración mínima regular de como mínimo 5 meses e unha participación mínima acreditada de 2.500 deportistas.
- Desenvolvan na cidade programas específicos de actividade física orientados exclusivamente á terceira idade de duración anual.

a.2.3.De 11 a 15 puntos:

A aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, teñen algunhas das seguintes características:

- Un impacto e repercusión alto na cidade de Vigo a nivel mediático e/ou social.
- Repercusión de ámbito galego.
- Nivel elevado da competición.
- Carácter oficial da competición.
- Volume alto de participación.
- Volume alto de asistencia de público.
- O proxecto supón a continuidade dun proxecto anterior.
- De ámbito nacional ou internacional.
- De longa tradición na cidade de Vigo.

a.2.4.De 16 a 20 puntos:

A aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, teñen algunhas das seguintes características:

- Un impacto considerable na cidade de Vigo a nivel mediático e/ou social.
- Repercusión de ámbito nacional ou internacional.
- Nivel elevado da competición.
- Carácter oficial da competición.
- Volume alto de participación.
- Volume alto de asistencia de público.
- O proxecto supón a continuidade dun proxecto anterior, que polas súas características diferenciadoras, contido e colectivo destinatario, foi avaliado positivamente pola concellería de deportes, o que lle outorga un valor engadido ó proxecto.
- De ámbito nacional ou internacional.
- De longa tradición na cidade de Vigo.

b) Promoción do deporte base:

b.1. Participación no Programa Municipal de Escolas Deportivas; terase en conta a participación ou non no programa Municipal de escolas deportivas no curso 2019/2020. Para este criterio utilizaranse os datos obrantes no servizo de deportes: Ata 6 puntos.

- De 15 a 50 escolares = 1 punto.
- De 51 a 100 escolares = 2 puntos.
- De 101 a 150 escolares = 3 puntos.
- >150 escolares = 6 puntos.

b.2. Número de licencias ata categoría xuvenil incluida. Ata 20 puntos

Volume de licencias ata categoría xuvenil e puntuación (*excepto Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis).

- 1 punto: De 15 a 30 licencias.
- 2 puntos: De 31 a 50 licencias.
- 4 puntos: De 51 a 100 licencias.
- 5 puntos: De 101 a 150 licencias.
- 8 puntos: De 151 a 250 licencias.
- 10 puntos: De 251 a 300 licencias.
- 16 puntos: De 301 a 400 licencias.
- 20 puntos: >400 licencias.

Volume de licencias de base ata categoría xuvenil e puntuación para Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis:

- 1 punto: De 50 a 100 licencias.
- 2 puntos: De 101 a 450 licencias.
- 3 puntos: De 451 a 650 licencias.
- 5 puntos: De 651 a 999 licencias.
- 6 puntos: De 1.000 a 1.200 licencias.
- 12 puntos: De 1.201 a 1.500 licencias.
- 15 puntos: De 1.501 a 2.000 licencias.
- 20 puntos: > de 2.000 licencias.

b.3. Número de licencias de categoría feminina: Ata 6 puntos

Volume de licencias femininas e puntuación (*excepto Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis).

- 1 punto: De 15 a 30 licencias.
- 2 puntos: De 31 a 50 licencias.
- 4 puntos: De 51 a 75 licencias.
- 6 puntos: >75 licencias.

Volume de licencias femininas e puntuación para Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis:

- 1 punto: De 75 a 150 licencias.
- 2 puntos: De 151 a 300 licencias.
- 3 puntos: De 301 a 400 licencias.
- 6 puntos: >400 licencias.

c) Deporte e discapacidade: 2 puntos. Outorgaranse 2 puntos ós proxectos deportivos cuxo fin estea orientado fundamentalmente ó deporte adaptado, e que cumpran cos requisitos da convocatoria.

d) Gastos en aluguer de instalacións deportivas municipais en concepto de aluguer de instalación para adestramentos e competicións deportivas. Ata 12 puntos

A entidade solicitante recibirá un punto, ata un máximo de 12, por cada 900,00€ de gasto en aluguer de instalacións deportivas municipais realizados no ano 2019. O Concello comprobará de oficio o gasto efectivo realizado polas entidades solicitantes.

- 1 punto por cada 900,00€ de gasto acreditado.

Os datos a puntuar corresponderanse coas actividades desenvolvidas na tempada 2019/2020, ou en calquera caso, no ano 2020 nas modalidades cuxa tempada deportiva se corresponda co ano natural.

**OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIÓNS.**

1.- O importe destinado a estas subvencións distribuirase entre tódalas entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará de acordo cos criterios previstos no apartado anterior.

2.- O importe total da convocatoria distribuirase entre a suma total de puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto. A subvención para cada entidade calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos en cada caso.

**NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

**DÉCIMA.- PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AAPP.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas e asinadas electrónicamente polo representante da entidade, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org),

Cada entidade só poderá presentar unha solicitude.

Todas as solicitudes, así coma as posibles subsanacións telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

**DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.**

1.- Coa solicitude asinada electronicamente polo representante da entidade, segundo o modelo que figura como anexo I.1 desta convocatoria, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, que no seu caso, figuran nos demais anexos desta convocatoria.

2.- As entidades solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- Anexo I.1. Instancia de solicitude de subvención.
- Anexo I.2. Orzamento equilibrado de ingresos e gastos da tempada 2019/2020.
- Anexo I.3. Declaración responsable.
- Certificado da Federación no que se detalle definido o número de licencias **desglosado por categoría e xénero**, da tempada 2019/2020, ou do ano 2020 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.
- Copia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.
- Certificado emitido pola Xunta de Galicia que acredite a composición da actual xunta directiva.
- Copia do D.N.I. do presidente da entidade asinante da solicitude de subvención.

- Proxecto das actividades da entidade, cos datos referentes ás actividades nas que participan e, no seu caso as que organizan, etc. (Detalle das competicións nas que participa cada un dos equipos da entidade ou, no seu caso, os deportistas individuais, no de equipos e/ou deportistas por categoría e xénero, categorías ou nome das competicións nas que participa, ámbito dos desprazamentos, torneos ou competicións fora do ámbito da competición regular nos que participa ou aqueles que organiza e que colaboran na dinamización do deporte local...).
- **Só para solicitantes de subvención por importe superior a 3.000,00 €**, Certificado de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa **Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.**
- Só para solicitantes de subvención pola organización de eventos:
  - Proxecto deportivo completo.
  - Orzamento específico de ingresos/gastos do evento.

3.- De conformidade coa normativa de protección de datos, para a tramitación deste procedemento consultaranse os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- Certificación expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias.
- Certificación expedida pola Tesourería da Seguridade Social, de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións coa Seguridade Social.

No caso de que as persoas interesadas opóñanse a esta consulta, deberán indicalo na casa correspondente habilitada no formulario e achegar os documentos.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

**DÉCIMO SEGUNDA.- EMENDA DA SOLICITUDE.**

Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.**

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación según cada caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

**Publicidade do financiamento público.** As beneficiarias das subvencións deberán emprega-lo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as equipacións, publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo”.

**DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.**

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instrutor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluirá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.
O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, como máximo, contados a partir da publicación desta convocatoria. Transcorrido o devandito prazo de seis meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

A resolución notificarase electrónicamente ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede electrónica. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.-As resolucións ditadas ao abeiro da convocatoria, así como a desestimación presunta das solicitudes porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse, sen prexuízo de que as entidades ou agrupacións interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente, os seguintes recursos

- Recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da notificación. Se o acto non fora expreso, a persoa solicitante e outras

posibles interesadas poderán interpoñer o recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, consonte coa súa normativa específica, se produza o acto presunto (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común)

- O recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte á da notificación , se esta fora expresa, o de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (atigo 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non pode interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.**

Os beneficiarios non poderán subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

1.- As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 6 de novembro de 2020 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.
O prazo sinalado para a xustificación, segundo o establecido no art. 70.3 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, poderá ser ampliado se concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local. *"Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan".*

2.- Ao efecto de xustifica-la subvención os beneficiarios deberán achegar electronicamente **a través da sede electrónica do Concello de Vigo,** por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica:

- Anexo II.1. Relación de facturas presentadas como xustificación polo importe subvencionado.
- Anexo II.2. Declaración responsable
- *Anexo II.3. Balance de ingresos e gastos*
- *Memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos e actividades subvencionadas,* cuns contidos mínimos no aspecto deportivo (Incluiranse os datos referentes ás competicións nas que participaron os equipos ou deportistas vinculados á entidade, os equipos ou deportistas que a integran, os resultados, o ámbito e o nivel acadado nas competicións, material gráfico,...).
- *Xustificantes acreditativos dos gastos* vinculados ó proxecto subvencionado polo importe subvencionado, en relación co apartado ou apartados para o cal está destinada a axuda coas seguintes especificidades:
  - A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do Orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ….. euros. As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes

quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

- **Importe xustificativo:** Terase en conta como importe xustificativo a *Base Impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente* que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE, ou que se declare no anexo II.2 no seu momento que o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concellería de Deportes do Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo
- Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.
- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións ou póla propia entidade deportiva que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base á eficacia administrativa do mesmo.
- **Instalacións Deportivas:** O Concello comprobará de oficio o gasto efectivo realizado polas das entidades beneficiarias en concepto de usos de instalacións deportivas municipais durante o ano 2019, e incorporará o dato correspondente á valoración da solicitude.
- Nas subvencións concedidas a entidades dependente ou vinculadas á Universidade, a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
- Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, deberá facelo xunto coa presentación da documentación xustificativa. A área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal. En todo caso, a solicitude de devolución das facturas deberá ser efectuada, por escrito, xunto a presentación da xustificación, e sempre previamente ó pago da subvención acadada.

- *Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello*, en relación coa xustificación da subvención.

**DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

**DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO.**

1.- O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.

2.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. **Perda do dereito ao cobro:**

   - Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.
   - Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.
   - A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:**

- Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.
- Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

**VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

1.- Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso desta convocatoria, polo que a súa achega é obrigatoria.

2.- Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e na Lei Orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.
A beneficiaria poderá exerce-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

A presente convocatoria rexerase por estas bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2020, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vigo, na data da sinatura dixital

O xefe do servizo de deportes-director deportivo. Rubén Peña Barceló

Conforme
O Concelleiro Delegado de Deportes. José Manuel Fernández Pérez
O Concelleiro de Orzamentos e Facenda. Jaime Aneiros Pereira

ANEXOS

| ANEXO I.1.- INSTANCIA DE SOLICITUDE | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **SOLICITUDE SUBVENCIÓN PARA ENTIDADE DEPORTIVAS TEMPADA 2019/2020** | | | | | |
| Entidade | | CIF: | | | |
| Modalidade: | | | | | |
| Enderezo | | Localidade: | | CP: | |
| Tlf. 1 | | Tlf.2 | | Fax: | |
| E-Mail a efectos de notificación | | | | | |
| E na súa representación, co cargo de Presidente/a: | | | | | |
| Apelidos: | | Nome: | | DNI: | |
| Enderezo: | | Localidade: | | CP: | |
| Tlf 1: | | Tlf 2: | | E-mail: | |

**SOLICITA,**
da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, unha subvención con cargo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola actividade desenvolvida pola entidade durante a Tempada deportiva 2019/2020 por importe de:

Concello de Vigo

| IMPORTE SOLICITADO (Campo obrigatorio) | € |
|---|---|

**Documentación obrigatoria que se achega coa solicitude:**
1.Anexo I.1: Instancia de solicitude.
2. Anexo I.2: Orzamento equilibrado de Ingresos e de gastos da Tempada 2019/2020.
3. Anexo I.3: Declaración responsable.
4. Certificado emitido pola Federación da modalidade no que conste nº de licencias por categoría e e por xénero.
5. Proxecto de actividade.
6. Certificado emitido pola Xunta de Galicia que acredite a composición da actual xunta directiva.
7. Copia do DNI do presidente da entidade que asina a solicitude.
8. Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria.
9. Copia do CIF da entidade solicitante.
10. **Só para entidades que soliciten subvención por importe superior a 3.000,00€,** Certificado emitido pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia de estar ó corrente coas obrigas tributarias.
11. **Só para entidades que soliciten subvención pola organización dun evento deportivo:**

| Denominación do evento deportivo organizado* | |
|---|---|

*O evento, para ser valorado, deberá ser acompañado dunha memoria completa e detallada da actividade realizada ou a realizar, xunto cun orzamento de ingresos/gastos detallado diferenciado do orzamento xeral da entidade.

**ASINO, baixo a miña expresa responsabilidade, que son certos os datos que figuran nesta solicitude.**

De conformidade co artigo 28 da Lei 39/2015, 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, enténdese outorgado o consentimento para a consulta dos datos relativos as obrigas tributarias coa AEAT, e dos pagos coa Seguridade Social. No caso de non outorgar o consentimento deberá marcar a seguintes casilla: ☐ En consecuencia achego certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa AEAT, e dos pagos coa Seguridade Social.

Esta entidade reúne os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG, e que todos os datos que contén esta solicitude axústanse ós requisitos establecidos, e que nos comprometemos a cumprir co disposto nas bases da subvención, e polo tanto solicito. Así mesmo autorízase ó Concello de Vigo a solicitar e/ou verificar de oficio os datos e certificados que estime oportunos en relación á solicitude presentada.

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2019/2020.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

| Sinatura do/a presidente/a | Selo da entidade |
|---|---|
| | |

Vigo , de de 20___

**Sr. CONCELLEIRO DELEGADO DE DEPORTES**

## ANEXOI.2.-ORZAMENTO EQUILIBRADO DE INGRESOS E GASTOS TEMPADA 2019/2020

| | | | |
|---|---|---|---|
| Don/Dna | | DNI | |
| Secretario/a da entidade deportiva | | CIF. | |

Certifica que o orzamento de ingresos e de gastos para a tempada 2019/2020 son os seguintes:

| CONCEPTO INGRESOS | IMPORTE |
|---|---|
| Ingresos socios | € |
| Ingresos patrocinadores Privados | € |
| Subvención Concello de Vigo (Debe coincidir co importe **da subvención solicitada** ó | € |

| CONCEPTO INGRESOS | IMPORTE |
|---|---|
| Concello de Vigo detallada no Anexo I.1**)** | |
| Fundación Deporte Galego | € |
| Deputación de Pontevedra | € |
| Outras subvencións do Concello de Vigo | € |
| | € |
| | € |
| | € |
| | € |
| TOTAL INGRESOS* (Debe coincidir co importe do total de gastos) | € |

| CONCEPTO GASTOS | IMPORTE |
|---|---|
| Gastos federativos (Licencias e mutualidades) | € |
| Gastos Material | € |
| Gastos desprazamentos | € |
| Gastos aluguer instalacións | € |
| | € |
| | € |
| | € |
| | € |
| | € |
| TOTAL GASTOS* (Debe coincidir co importe do total de ingresos) | € |

Vigo, de de 20

| Sinatura do/a secretario/a | Conforme do/da presidente/a | Selo da entidade |
|---|---|---|
| | | |

***Os totais de ingresos e gastos deben coincidir.**

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2019/2020.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

## ANEXOI.3.-DECLARACIÓN RESPONSABLE

| Don/Dna. | | DNI. | |
|---|---|---|---|
| Secretario/a da entidade deportiva | | CIF | |

**Declara,**

Concello de Vigo

- Que esta entidade deportiva solicitou e/ou ten concedidas as seguintes subvencións para a tempada deportiva 2019/2020:

| Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención | Importe solicitado | Importe concedido |
|---|---|---|
| | € | € |
| | € | € |
| | € | € |
| | € | € |

- Que esta entidade deportiva non está incursa en ningunha das prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que segundo consta na acta nº …................................... da sesión da xunta directiva celebrada na data ….................., D/Dna......…....................................................................................................................... con DNI: …...................................., figura co cargo de Presidente/a, o que lle outorga, segundo os Estatutos da entidade, a representación legal da entidade.
- **No caso de haber solicitado unha subvención por importe inferior a 3.000,00€: declara**, que a entidade se atopa ao corrente de pagos coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo, substituíndo esta declaración ós certificados emitidos por ditos organismos, e autorizando á Concellería de Deportes a facer as verificacións posteriores necesarias.
- Que o **Nº de conta actual da entidade** na que solicita se faga o ingreso da subvención é:

| Nº IBAN | | | | ENTIDADE | | | | SUCURSAL | | | | DC | | NÚMERO DE CONTA | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |

Vigo, de de 20

| Sinatura do secretario/a | Conforme o/a presidente/a | Selo da Entidade |
|---|---|---|
| | | |

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.
A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.
A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2019/2020.
O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.
Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.
As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante
O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

## ANEXOII.1.-RELACIÓN DE FACTURAS PRESENTADAS - CONTA XUSTIFICATIVA-

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Entidade | | CIF | | | |
| Enderezo | | Localidade | | C.P. | |
| Tef. | | E-Mail | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Subvención concedida polo Concello de Vigo | | € | | |
| Importe xustificado | Base Impoñible | € | IVE | € |

**Relación de facturas para a xustificación da subvención (No mesmo orden no que se presentan os orixinais):**

| Nº da factura | Data exped. factura | CIF provedor | Concepto do gasto | *Base impoñible | * IVE |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |

Suma e segue...

- Tal como se reflexa no Art. 16.2.c.2º da normativa reguladora desta subvención, terase en conta como importe xustificativo a *Base Impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente* que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE, ou que se certifique no anexo II.2 que, no seu caso, o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concellería de Deportes do Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

**ANEXOII.1.-RELACIÓN DE FACTURAS PRESENTADAS - CONTA XUSTIFICATIVA-**

| Nº da factura | Data exped. factura | CIF provedor | concepto do gasto | *Base impoñible | *IVE |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | Suma anterior... | ............... | ............. |
| | | | | | |
| | | | | | |

Concello de Vigo

| Nº da factura | Data exped. factura | CIF provedor | concepto do gasto | *Base impoñible | *IVE |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| TOTAL | Base Impoñible | € | IVE | € |

D. ______________________________________ DNI __________________________tesoureiro/a da entidade CIF: ________________________certifica que as facturas que se detallan na conta xustificativa, cuxo importe ascende á cantidade de ______________________€ de base impoñible, e _______________€ correspondente ó IVE dos devanditos documentos, corresponden con gastos vinculados directamente coa actividade subvencionada pola Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Vigo, de de 20___

| Conforme do/da Presidente/a | Sinatura do/da secretario/a | Selo da entidade |
|---|---|---|
| | | |

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.
A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.
A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2019/2020.
O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.
Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.
As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante
O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

| ANEXO II.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE |
|---|

| D/Dna. | | DNI: | |
|---|---|---|---|
| Secretario/a da Entidade | | CIF: | |

**DECLARA:**

- Que todos os datos que contén a conta xustificativa se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
- Que a actividade deportiva subvencionada realizouse tal como figura na memoria presentada e cumprindo todas as características que se declararon na solicitude de subvención.
- Que a actividade que foi obxecto da subvención foi executada na súa totalidade e o seu custo total foi de .......................................................€ (CAMPO OBRIGATORIO. DEBE COINCIDIR CO IMPORTE TOTAL DE GASTOS DETALLADO NO ANEXO II.3)
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan, aplicáronse á actividade subvencionada.
- Que as subvencións ou achegas obtidas para as actividades subvencionadas non superaron o custe total da mesma.
- Que a entidade atópase ó corrente coas obrigas tributarias da Seguridade Social, Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, non é debedora por resolución de procedencia de reintegro e que foi practicada a pertinente retención sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos á retención, así como que esta foi practicada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (No caso de empregar ditos Xustificantes).
- Que autoriza ó servizo de Deportes do Concello de Vigo a comprobar a situación de débedas da entidade coa AEAT, coa TGSS e co Concello de Vigo.
- Que, no seu caso, o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concellería de Deportes do Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo. De non ser así, marcar: ☐
- Que esta entidade deportiva ten solicitadas e/ou concedidas as seguintes subvencións para o desenvolvemento do mesmo proxecto de actividade subvencionado polo Concello de Vigo:

| Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención | Importe solicitado | Importe concedido |
|---|---|---|
| | € | € |
| | € | € |
| | € | € |

Vigo, de de 20

| Sinatura do/da secretario/a | Conforme do/da Presidente/a | Selo da entidade: |
|---|---|---|
| | | |

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.
A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2019/2020.
O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.
Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.
As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

## *ANEXO II.3.-BALANCE DE INGRESOS E GASTOS*

| | | | |
|---|---|---|---|
| D/Dna. | | DNI: | |
| Secretario/a da Entidade | | CIF: | |

| BALANCE DE INGRESOS | IMPORTE |
|---|---|
| Ingresos socios | € |
| Ingresos patrocinadores | € |
| Concello de Vigo | € |
| Fundación Deporte Galego | € |
| Deputación de Pontevedra | € |
| ... | € |
| | € |
| | € |
| | € |
| | € |
| TOTAL INGRESOS | € |

| BALANCE DE GASTOS | IMPORTE |
|---|---|
| Gastos federativos (Licencias e mutualidades) | € |
| Gastos Material | € |
| Gastos desprazamentos | € |
| Gastos aluguer instalacións municipais | € |
| | € |
| | € |
| | € |
| | € |
| | € |
| | € |
| TOTAL GASTOS | € |

Vigo,          de                    de  20

| Sinatura do/da secretario/a: | Conforme do/da Presidente/a: | Selo da entidade: |
|---|---|---|
| | | |

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.
A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.
A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2019/2020.
O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.
Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.
As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

**ANEXO III.1.**

Convocatoria específica para o desenvolvemento do proxecto de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro pola súa actividade na tempada deportiva 2019/2020.

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e asimesmo, dita actuación se atopa recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril do deporte de Galicia.

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

O obxecto das subvencións é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento das entidades deportivas da cidade e a súa actividade deportiva durante a tempada deportiva 2019/2020.

**SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será de 925.000,00 € (Nove centos vinte cinco mil Euros) que faranse efectivos con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00 “Subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro”.

**TERCEIRA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.**

1. Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que teñan a súa dirección social en Vigo, teñan personalidade

xurídica propia, carezan de ánimo de lucro e cumpran os requisitos que establecen as bases e convocatoria.
2. En relación coa modalidade de fútbol sala, só poderán participar nesta convocatoria os clubs que acrediten ter, polo menos, dous equipos federados en categorías inferiores.
3. Quedan excluídas expresamente desta convocatoria:
•As federacións deportivas.
•Os clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
•Os clubs que por calquera causa se retiraran da competición oficial durante algunha das tempadas 2018-2019 ou 2019-2020.
•As entidades subvencionadas a través de convenios nominais de colaboración en relación a un concepto análogo ó do obxecto da convocatoria, tramitados a través da Concellería de deportes na tempada 2019/2020.
4. As entidades deberán estar integradas en competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de club ou equipo profesional.

**CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

**QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 20 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

**SEXTA.- BASES REGULADORAS.**

As bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ó BOPPO do extracto da mesma, sen perxuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

**SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.**

A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de deportes, o Xefe de servizo da área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

**OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 6 de novembro de 2020 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.
O prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado si concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local.

**NOVENA.- PAGO.**

1.- O pago da subvención terá lugar tras a xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.

**ANEXO III.3.**

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local de data ..... (completar unha vez aprobado) de 2020, polo que se aproba a convocatoria específica para o desenvolvemento do proxecto de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro pola súa actividade na tempada deportiva 2019/2020.

"De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de noviembre, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index):

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

Contribuír a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento das entidades deportivas da cidade e a súa actividade deportiva durante a tempada deportiva 2019/2020.

**SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 925.000,00 € (Nove centos vinte cinco mil Euros) con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00.

**TERCEIRA. - BENEFICIARIOS.**

Clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que teñan a súa dirección social en Vigo, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro e cumpran os requisitos que establecen as bases e convocatoria.

**CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

**QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 20 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

**SEXTA.- BASES REGULADORAS.**

As Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen perxuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

**SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar antes de 6 de novembro de 2020 (Incluído).

**10(377).- CESIÓN TEMPORAL DE VIVENDA E-638-C-7 DA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 10016/224.**

Dáse conta do informe-proposta de data 25/05/2020, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira-delegada de Área e pola asesora xurídica do Servizo, que di o seguinte:

**INFORME PROPOSTA:**

Con data 4 de febreiro de 2009 a Xunta de Galicia, resolve conceder ao Concello de Vigo a autorización de inicio de actividades para tres vivendas de propiedade municipal co obxecto de poder destinalas ao acollemento temporal para mulleres vítimas de violencia de xénero, baixo a tipoloxía de "Vivendas tuteladas" ordenando a anotación destas autorizacións no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais cos seguintes números de identificación: E-638-C-6; E-638-C-7 e E-638-C-8.

O día 22 de maio de 2020 o equipo de profesionais do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con NIE: ****2804*, onde se reflicte a necesidade de procurarlle un acollemento temporal, acompañada da súa filla menor, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valora necesario que se aprobe a ocupación provisional da vivenda identificada con número E-638-C-7, co obxecto de que a usuaria identificada con NIE: ****2804* e a súa filla, a ocupen por un período de seis meses, (a contar desde a data de ingreso da unidade familiar na vivenda, data fixada polo equipo multidispliciplinar do Centro municipal de información dos dereitos da muller), transcorridos os cales deberán abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller.

Durante o período de permanencia na vivenda municipal a unidade familiar recibirá apoio profesional por parte da educadora de apoio asignada e polo equipo multidisciplinar adscrito á concellería de Igualdade.

Vista a declaración de estado de alarma efectuada polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e sucesivas prórrogas, e modificado polo R.D 465/2020 , ante a suspensión de prazos prevista na súa Disposición adicional terceira e as excepcións establecidas para as entidades do sector público, **este órgano xestor motiva a continuación deste procedemento por considerar que é de interese xeral e para velar pola continuidade do funcionamento básico deste servizo.**

**Normativa sectorial sobre este servizo social comunitario especifico:**
- A Lei orgánica 1/2004, de 28 de novembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, no seu artigo 1 inclúe dentro do seu obxecto a prestación de asistencia ás mulleres, a seus fillos e fillas menores e aos e ás menores suxeitos á súa tutela, ou garda e custodia, vítimas desta violencia. No seu artigo 19, ademais, establece o dereito á asistencia social integral para as vítimas, e a competencia para a súa organización por parte das Corporacións Locais.

- A Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para o tratamento integral da violencia de xénero no seu
artigo 48 establece a Rede galega de Acollemento, e define os centros de acollida como recursos especializados residenciais temporais, que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e os menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero.

- O Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, define na súa disposición adicional terceira, mulleres con especiais dificultades de inserción laboral ou en
situacións marcadas pola desvantaxe social, na que inclúe, entre outras, as mulleres vítimas de
violencia de xénero.

- A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, define os centros de acollida como servizos sociais comunitarios específicos (artigo 12 e 13), e atribúe aos concellos a competencia para a súa creación e xestión (artigo 60).
- O Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, no seu artigo 26 define as funcións dos servizos sociais comunitarios específicos: a xestión de centros de inclusión e emerxencia social tipificados regulamentariamente, tales como (entre outros) os centros de acollida; así como o asesoramento, atención e orientación prestada a mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

- A Orde do 25 de xaneiro de 2008 pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social define os centros de acollida e inclusión como centros en réxime residencial temporal nos cales, mediante unha acción programada, se posibilitan oportunidades de axuste persoal e incorporación sociolaboral ás persoas en situación ou risco de exclusión social. A Rede Municipal de Vivendas de protección de vítimas de violencia de xénero do Concello de Vigo encadraríase dentro do programa de transición á vida autónoma que ofrecen este centros de acollida, e que ven definido nesta orde.

- O Decreto 61/2016, de 11 de febreiro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de inclusión, de conformidade coa Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia, establece a violencia de xénero como factor concorrente (entre outros) para definir a situación ou risco de exclusión social. O Decreto reclasifica os programas e servizos e derroga expresamente a Orde do 25 de xaneiro de 2008 pero déixaa transitoriamente en vigor en tanto non se

diten as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste decreto. A día de hoxe, por tanto, continúa en vigor a Orde do 25 de xaneiro de 2008.

- O Decreto 254/2011 do 23 de decembro, polo que se regula ou réxime de rexistro autorización,acreditación e inspección dos servizos sociais de Galicia ten por obxecto a regulación do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS), e o réxime de autorización,acreditación e inspección de servizos sociais. A Rede Municipal de Vivendas de protección de vítimas de violencia de xénero do Concello de Vigo está formada por tres centros de acollida e inclusión, autorizados e acreditados pola Xunta de Galicia, integrados no RUEPSS conforme a normativa autonómica.

- O Real Decreto Lei 12/2020, do 31 de marzo, de medidas urxentes en materia de protección e asistencia ás vítimas de violencia de xénero, considera os servizos de atención ás vítimas de violencia de xénero, servizos esenciais.

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

"Primeiro.- Acordar a continuación da tramitación do presente procedemento administrativo de cesión temporal de vivenda de protección para vítima de violencia de xénero (expte 10016-224) , ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do R.D 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e sucesivas prórrogas, e modificado polo Decreto 465/2020, ao ter por obxecto este procedemento entre outros, o de ser preciso para o interese xeral e para a continuidade do funcionamento básico dos servizos públicos.

Segundo.- Autorizar a cesión temporal da vivenda da rede municipal de pisos de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-7 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 10016/224 por un período de 6 meses, transcorridos os cales a unidade familiar deberá abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller".

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(378).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TRABALLOS MENORES DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO NO RÍO LAGARES, EN ZONAS EMINENTEMENTE URBANAS (5 LOTES). EXPTE. 14597/306.**

Visto o informe-xurídico do 11/05/2020 e o informe de fiscalización do 19/05/2020, dáse conta do informe-proposta do 04/05/2020, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes de feito

A Área de Medio Ambiente e Vida Saudable ten atribucións, en virtude das resolucións da alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 (BOPPO 01/08/2019), nas materias de protección do medio ambiente urbano, velar polo mantemento e conservación dos recursos naturais existente en todo o termo municipal.

Á Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, tras informes dos servizos municipais de inspección e denuncias e reclamacións de cidadáns sobre a situación de mantemento do río Lagares, encargou a entidade Aquatica Ingenieria Civil, S.L., na anualidade 2019, informe técnico sobre os traballos menores precisos de mantemento e conservación do dominio público hidráulico no río Lagares, en zonas eminentemente urbanas, dividíndose as actuacións en cinco tramos (expte. 14147/306).

O xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en data do 14 de xaneiro de 2020, emite informe sobre a necesidade e idoneidade da contratación destes traballos.

A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, ao abeiro do establecido no artigo 116.1., Disposición adicional segunda, apartado 4, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), acordo de delegación de competencia da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 (BOPPO 01/08/2019) en relación coas resolucións do alcalde de datas 18 e 26 de xuño de 2019, resolveu en data do 14/01/2020, *"iniciar o procedemento administrativo para a contratación dos servizos de traballos menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico no río Lagares, en zonas eminentemente urbanas, e ordenar a redacción e incorporación ao expediente dos documentos que sinala o artigo 116 da LCSP e demais que legalmente procedan de conformidade coa citada norma."* (Expte. 14597/306).

O xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas da Área de Servizos Xerais e o xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo coa conformidade da concelleira delegada de Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, redactaron o correspondente prego de prescricións técnicas asinado dixitalmente en data 26/03/2020 e memoria xustificativa asinada dixitalmente en datas 26-27/03/2020.

A técnica de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación redactaron o correspondente prego definitivo de cláusulas administrativas particulares sendo asinado dixitalmente o 13/04/2020.

A Dirección Superior Contable e Intervención Xeral emitiron documento contable de retención de crédito asinado dixitalmente en datas 29-30/04/2020

II.- Fundamentos de dereito

a) Competencia municipal

O río Lagares (especialmente no treito comprendido entre a zona de Avda. de Madrid a súa desembocadura) presenta ao longo da súa canle árbores caídas, sedimentacións, e depósito de residuos que afectan ao discorrer das augas. Neste estado, a súa capacidade de desaugue vese diminuída, incrementando o risco de desbordes, con afección ao patrimonio municipal, a actividade económica da contorna e aos veciños.

O Concello de Vigo tense dirixido ao organismo de bacía (Augas de Galicia) solicitando o acondicionamento, protección e conservación da canle do río Lagares ao seu paso polo término municipal de Vigo, sen que se teñan iniciado ditas labores e indicando que as labores de limpeza ordinaria dos tramos urbanos é competencias do Concello de Vigo invocando a Instrución e sentenza que de seguido se indica.

Pola súa banda, os inspectores do Servizo Municipal de Medio Ambiente emitiron informes da situación de árbores caídos e maleza en diversas zonas do río Lagares.

No Diario Oficial de Galicia do 18 de xaneiro de 2019, publicouse a Instrución 1/2019, de 7 de xaneiro, de Augas de Galicia para o establecemento de directrices técnicas de conservación fluvial de carácter ordinario. Dita instrución establece nos apartados II e III do Anexo que:

> *"(...)*
> *Tramos fluviais urbanos: os tramos fluviais que discorran por zonas de asentamento de poboación ou de actividades económicas, dispostas en trama urbana, onde predominen edificacións e infraestruturas sobre os espazos rurais ou naturais.*
>
> *III. Criterios relativos a actuacións ordinarias de conservación e mantemento fluvial en tramos urbanos.*
>
> *Con carácter xeral, as actuacións ordinarias de conservación e mantemento fluvial deberán ser executadas polas entidades locais, en aplicación da sentencia do Tribunal Supremo nº 1962/2017 que interpreta o artigo 28.4 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, que aproba o Plan hidrolóxico nacional (LPHN), no sentido de declarar que corresponde aos concellos a realización de actuacións de mantemento e limpeza dos leitos públicos que discorren polas zonas urbanas.*
>
> *Para facilitar o labor dos concellos competentes, Augas de Galicia identificará estes tramos tomando como base o estudo de coberturas a partir de cartografías oficiais, así como outros estudos complementarios que se consideren oportunos. A dita información poderá consultarse no visor «NODO IDE DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA-COSTA»: https://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/.*
>
> *(...)"*

O dito visor de Augas de Galicia inclúe a canle polo que discorre o río Lagares, practicamente, en tramos fluviais urbanos.

A citada Sentenza núm. 1962/2017, de 13 de decembro, do Tribunal Supremo, Sala Terceira, do Contencioso-administrativo, Sección 4ª, Rec. 2297/2015, considerou que nas canles públicos cando de zona urbanas se trata, as actuacións ordinarias de conservación e

mantemento fluvial deberán ser executadas polas entidades locais, e, no caso concreto da sentenza, no apartado 3º do Fallo, declarou que a competencia para realizar as actuacións correspondía o concello de Málaga.

O FD Quinto determina que a competencia discutida é municipal cos seguintes argumentos:

***"QUINTO.- El juicio de la Sala: la competencia discutida es municipal.***

*La resolución del segundo motivo requiere decidir dos cuestiones íntimamente relacionadas: la de a quién corresponde la competencia para la conservación y adecuación de los arroyos en el término municipal de Málaga y la de si las normas que deciden esa competencia son exclusivamente autonómicas o bien depende del Derecho estatal la solución de la controversia. Ya hemos visto que la sentencia de instancia parece asumir la idea de que es el Derecho autonómico el único relevante, posición que defiende el Ayuntamiento de Málaga, mientras que el motivo de casación sostienejustamente lo contrario.*

*Ambas partes admiten, sin embargo, que el artículo 28.4 de la Ley 10/2001 debe tenerse presente aunque para el Ayuntamiento de Málaga solamente como dato previo sobre el que descansa la determinación adoptada por el artículo 13 del Decreto 189/2002 . La sentencia, en su parquedad, no se detiene en explicar el peso que se ha dar a ese precepto de la Ley que regula el Plan Hidrológico Nacional ya que se limita a reproducir parte del preámbulo del Decreto 189/2002 y su artículo 13. Será el Ayuntamiento de Málaga el que explique que esta disposición reglamentaria andaluza pretende coordinar las actuaciones sobre los cursos de agua previstas en esa Ley 10/2001 con las que corresponden a los ayuntamientos y que la sentencia se apoya exclusivamente en el precepto reglamentario y que, en todo caso, es en el que se ha de sustentar la solución de este pleito. Así, pues, las partes explican de manera diferente la relación que media entre los mismos preceptos y, por eso, llegan a conclusiones diferentes.*

*Pues bien, puestos a exponer la interpretación del ordenamiento jurídico que la Sala considera acertada, comenzaremos adelantando que no es una cuestión meramente autonómica la que está planteada a pesar de que la sentencia recurrida parece considerarlo absolutamente claro. La sola existencia de este proceso pone de manifiesto que no lo es. De ahí que su juicio --en tanto carece de una argumentación que lo fundamente-- no sirva para establecer cuál es la proyección --estatal o autonómica-- de la discusión entablada y que debamos examinar el Derecho aplicable para encontrar la respuesta al asunto de fondo.*

*Es menester, entonces, volver la vista al apartado 4 del artículo 28 de la Ley 10/2001. Este es un precepto dedicado a la "Protección del dominio público hidráulico y actuaciones en zonas inundables" y su apartado 4 dice así:*

*«4. Las actuaciones en cauces públicos situados en zonas urbanas corresponderán a las Administraciones competentes en materia de ordenación del territorio y urbanismo, sin perjuicio de las competencias de la Administración hidráulica sobre el dominio público hidráulico.*

*El Ministerio de Medio Ambiente y las Administraciones Autonómicas y Locales podrán suscribir convenios para la financiación de estas actuaciones».*

*Se trata, pues, de identificar la Administración competente en materia de ordenación del territorio y urbanismo.*

*Para ello la sentencia de esta Sala de 10 de junio de 2014 (casación 1489/2012 ) nos da algunas claves: (i) de los artículos 25 y 26 de la Ley reguladora de las Bases del Régimen Local no se desprende que la competencia para la limpieza del cauce de un río a su paso por el término municipal sea de la Confederación Hidrográfica; (ii) los artículos 23 y 24 del texto refundido de la Ley de Aguas aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2001 no dicen que los trabajos cotidianos de limpieza de los ríos sean competencia del organismo de cuenca; (iii) las actuaciones contempladas por el artículo 28.4 de la Ley 10/2001 son las que no suponen invasión de las competencias de la Administración hidráulica sobre el dominio público hidráulico; (iv) las zonas urbanas a que se refiere este precepto no equivalen a lo que la antigua legislación urbanística consideraba "suelo urbano", sino que son los espacios materialmente urbanos, esto es "de un pueblo o ciudad y de sus aledaños"; (v) determinar cuál sea la Administración competente en materia de ordenación del territorio y urbanismo es una cuestión de Derecho autonómico.*

*Mirando ahora al artículo 13.1 del Decreto 189/2002 nos encontramos con que no resuelve el problema pues remite la conservación y adecuación de cauces a la Administración competente en la gestión de cuenca correspondiente según la normativa vigente y solamente precisa que corresponde a los municipios la retirada de los residuos sólidos arrojados a los cauces en los tramos urbanos y esto último no por propio imperio sino porque así resulta de los artículos 25 y 26 del Real Decreto Legislativo 2/2001.*

*Esa Administración competente en la gestión de la cuenca a la que se remite el artículo 13.1 del Decreto 189/2002 no puede ser la encargada de la limpieza ordinaria de los cauces en los tramos urbanos. Acabamos de ver que, según la sentencia de 10 de junio de 2014 (casación 1489/2012), no le corresponde esa tarea. Al contrario, encamina esas actuaciones hacia quien tenga competencia en materia de ordenación del territorio y el urbanismo. Además, el artículo 13.1, cuando la refiere a la Administración competente para la gestión de la cuenca, incluye la precisión de que esa atribución sea de acuerdo con la legislación vigente. Así, lo que, en realidad, hacen los apartados 1 y 2 de este artículo 13 es una remisión a la normativa vigente en materia de organismos de cuenca y de aguas.Es decir, a las normas generales sobre esas materias.*

*De este modo, volvemos a la interpretación del artículo 28.4 de la Ley 10/2001 --que es el que las establece en lo que ahora importa-- y al afrontarla en las condiciones descritas, debemos dar un paso más respecto de los dados por la sentencia de 10*

*de junio de 2014 (casación 1489/2012 ), si bien conducirá, en este caso, al mismo resultado.*

*No es otro que el de afirmar que, a efectos de actuaciones en los cauces públicos cuando de zonas urbanas se trata, la competencia no puede ser otra que la municipal pues así resulta de los principios que informan el régimen local a partir del postulado constitucional de la autonomía local tal como la ha entendido el Tribunal Constitucional [sentencias 37/2014 , 121/2012 y 240/2006 y las que en ellas se citan]. A falta de disposición expresa de sentido contrario y tratándose de actuaciones de ejecución en zonas urbanas, puede considerarse que la regla es la competencia municipal y la excepción la competencia autonómica. Tal conclusión es coherente, además, con las atribuciones que las normas legales estatales en materia de régimen local confieren a los ayuntamientos respecto del urbanismo. En efecto, el artículo 25.2 a) de la Ley reguladora de las Bases del Régimen Local , con el cual sintoniza, por lo demás, el artículo 92.2 a) del Estatuto de Autonomía de Andalucía, les atribuye competencias, entre otras materias propias del urbanismo, en: planeamiento, gestión, ejecución y disciplina urbanística.*

*Añadiremos que no cabe aceptar el argumento del Ayuntamiento de Málaga para oponerse a la utilización de la sentencia del Tribunal Supremo mencionada de que se refiere a la limpieza ordinaria de un río mientras que aquí se habla de conservación y adecuación de cauces porque lo que Ayuntamiento pidió a la Consejería de Agricultura, Pesca y Alimentación, fue, precisamente, la limpieza de los arroyos del término municipal y así lo dice en el escrito de interposición del recurso n. 627/2013 y en el que pide la acumulación del recurso n. 455/2014.*

*Es verdad que en sus requerimientos el Ayuntamiento de Málaga, además de a la limpieza, alude a la corrección de los elementos de conservación y que, luego, en el pleito, se ha olvidado de esa primera reclamación de limpieza e incidido en la conservación y adecuación de los arroyos. No obstante, podemos decir que, al igual que sucedió en el litigio al que puso fin la sentencia de 10 de junio de 2014 (casación 1489/2012 ), aquí no se habla de actuaciones extraordinarias en el cauce de los arroyos en los tramos urbanos. Por tanto, el problema es el mismo y, tal como sucedió entonces, el precepto del que se debe partir es el artículo 28.4 de la Ley 10/2001 en la interpretación que le da este Tribunal Supremo.*

*Y, como se trata de estar a lo que resulta del ordenamiento jurídico, no es relevante el proceder que hubiera observado con anterioridad la Junta de Andalucía ya que, de haber mantenido antes una posición opuesta a la que defiende ahora, eso solamente significaría que con anterioridad obró de forma distinta a la que deriva de ese ordenamiento.*

*En definitiva, el motivo debe prosperar, con la consecuencia de que procede anular la sentencia recurrida y, conforme al artículo 95.2 d) de la Ley de la Jurisdicción , desestimar los recursos acumulados nº 627/2013 y nº 455/2014 mediante los cuales el Ayuntamiento de Málaga ha promovido este litigio entre Administraciones públicas contra la Junta de Andalucía a propósito de la competencia sobre la limpieza y conservación de los cauces de los arroyos en el término municipal y declarar que*

*corresponde al Ayuntamiento recurrente en la instancia la realización de las actuaciones que motivaron sus requerimientos."*

Por tanto, a citada sentenza considera que nas canles públicas cando de zona urbanas se trata, as actuacións ordinarias de conservación e mantemento fluvial deberán ser executadas polos concellos, con fundamento na lexislación de réxime local, na autonomía local e na aplicación do artigo 28.4. da Lei 10/2001, de 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional que o aplicou a unha cunca intracomunitaria.

O río Lagaras discorre pola Demarcación Hidrográfica Galicia Costa -cunca intracomunitaria- cuxo organismo de xestión da cunca é Augas de Galicia e cuxo descorrer polo termo municipal de Vigo é, practicamente, por tramos fluviais urbanos.

De conformidade co indicado, estariamos ante competencias propias da Administración municipal ao abeiro do establecido no artigo 25.1., apartados a) e b), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

A Área de Medio Ambiente e Vida Saudable ten atribucións, en virtude das resolucións da alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 (BOPPO 01/08/2019), nas materias de protección do medio ambiente urbano, velar polo mantemento e conservación dos recursos naturais existente en todo o termo municipal.

Esta Área encargou á entidade Aquatica Ingenieria Civil, S.L., na anualidade 2019, informe técnico sobre os traballos menores precisos de mantemento e conservación do dominio público hidráulico no río Lagares, en zonas eminentemente urbanas, dividíndose as actuacións en cinco tramos, que figura como anexo o PPTP.

Dita documentación técnica serviu de base para efectuar as declaracións responsable/solicitude para a execución dos referidos traballos menores a Augas de Galicia.

A entidade Aguas de Galicia en data do 19 de decembro de 2019, emitiu comunicacións de conformidade coas declaracións responsables para execución de actuacións menores no río Lagares, nos termos indicadas nestas, as cales será preciso actualizar cos concretos prazos de execución dos traballos, trala formalización do presente contrato.

O Concello de Vigo, Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, non dispón de persoal nin de medios técnicos para realizar os traballos menores precisos de mantemento e conservación do dominio público hidráulico no río Lagares polo que é preciso a a súa contratación.

a) Contratación dos servizos

De acordo co artigo 116 da LCSP a realización de contratos por parte das Administracións públicas requirirá da previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da Lei. Ao expediente incorporaranse o prego de cláusulas administrativas particulares, o de prescricións técnicas, certificado de existencia de crédito. Tamén, haberá de xustificarse axeitadamente as determinacións que sinala o apartado 4 do citado precepto.

A documentación anteriormente citada incorporouse ao presente expediente de contratación tal e como se sinala nos antecedentes de feito deste informe.

O prego de cláusulas administrativas particulares regula un contrato administrativo de servizos cuxo obxecto é realizar "traballos menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico no río Lagares, en zonas eminentemente urbanas", que prevé o artigo 17 e 25.1.a) da LCSP, non suxeito a regulación harmonizada ao ser o valor estimado do contrato inferior ó establecido no artigo 22.1.b) da citada Lei; susceptible de recurso especial en materia de contratación ó superarse o valor estimado do contrato de servizos a que se refire o artigo 44 da citada norma.

O procedemento de adxudicación será o ABERTO e forma de tramitación a ORDINARIA conforme ó establecido no artigo 156 da LCSP.

O contrato executarase de forma sucesiva en función das necesidades, conforme ó estipulado na disposición adicional 33 da LCSP.

O prazo de execución de contrato na presente anualidade 2020, establécese nun mes por cada lote, desde a aprobación da planificación dos traballos por parte da administración municipal e co aviso correspondente ó organismo de cunca, Augas de Galicia: Servizo Territorial da zona hidrográfica Galicia Sur, unha vez formalizado o contrato.

O contrato divídese en cinco lotes segundo o tramo do río Lagares obxecto do servizo:

LOTE 1. Corresponde ó TRAMO 1. Desde a desembocadura do río Lagares ata Avda. Castrelos. Desde PK 0+000 ata o PK 4+750, cunha lonxitude de 4,75 km.. Sinálase en plano anexo PPTP.

LOTE 2. Corresponde ó TRAMO 2. Desde la Avda de Castrelos hasta Avenida de Madrid (Naves de Percar) comprendendo desde o PK 4+750 al PK 9+250, cunha lonxitude de tramo de 4,50 km.. Sinálase en plano anexo PPTP.

LOTE 3. Corresponde ó TRAMO 3. Desde Avenida de Madrid (Naves de Percar) ata a ponte da rúa Manuel Álvarez (Lavadores) desde el PK 9+250 a PK 12+350, cunha lonxitude de 3,10 km. Sinálase en plano anexo PPTP.

LOTE 4. Corresponde ó TRAMO 4. Desde a ponte sobre o río situado na rúa Manuel Álvarez (Lavadores) PK 12+350 ata a ponte situada no cruce da rúa Riomao coa rúa Fontaíña PK 14+460, cunha lonxitude de 2,11 km. Sinálase en plano anexo PPTP.

LOTE 5. Corresponde ó TRAMO 5. Desde a ponte situado no cruce da rúa Riomao coa rúa Fontaíña ata a rotonda da Avenida do Aeroporto na N-555; desde o PK 14+460 a PK 17+110, cunha lonxitude de 2,65 km. Sinálase en plano anexo PPTP.

O orzamento base de licitación do contrato é de 112.123,38 €, sendo a cota correspondente ó IVE de 19.459,42 €, resultado o importe de cada lote o seguinte:

lote 1 importe: 30.745,24 €, sendo a conta correspondente o IVE de 5.335,95 €
lote 2 importe: 30.391,05 €, sendo a conta correspondente o IVE de 5.274,48 €

lote 3 importe: 20.092,76 €, sendo a conta correspondente o IVE de 3.487,17 €
lote 4 importe: 15.087,74 €, sendo a conta correspondente o IVE de 2.618,53 €
lote 5 importe: 15.806,59 €, sendo a conta correspondente o IVE de 2.743,29 €

con cargo á partida orzamentaria de gasto é "1721.227.00.01 Limpeza do río Lagares e outros" e a súa bolsa de vinculación

A Dirección Superior Contable e Intervención Xeral emitiron documento contable de retención de crédito núm. 27218/2020 polo dito importe asinado dixitalmente en datas 29-30/04/2020

O artigo 117 da LCSP establece que completado o expediente de contratación, ditarase resolución motiva polo órgano de contratación aprobando este e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

A aprobación do expediente de contratación e a adxudicación do contrato corresponderá á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (Disposición adicional segunda, apartado 4, da LCSP).

A aprobación do expediente de contratación irá precedido dos informes favorables da titular da Asesoría Xurídica e da Intevención municipal ao abeiro do disposto na Dispoción adicional terceira, apartados 3 e 8, da LCSP.

Polo exposto, unha vez emitidos os preceptivos informes da titular da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación para a prestación do servizo de "traballos menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico no río Lagares, en zonas eminentemente urbanas", conforme ao prego de prescricións técnicas asinado dixitalmente en data do 26/03/2020, polo xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas da Área de Servizos Xerais e o xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo coa conformidade da concelleira delegada de Área de Medio Ambiente e Vida Saudable e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado dixitalmente pola técnica de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación en data 13/04/2020.

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de 112.123,38 €, sendo a cota correspondente ó IVE de 19.459,42 €, resultado o importe de cada lote o seguinte:

lote 1 importe: 30.745,24 €, sendo a conta correspondente o IVE de 5.335,95 €
lote 2 importe: 30.391,05 €, sendo a conta correspondente o IVE de 5.274,48 €
lote 3 importe: 20.092,76 €, sendo a conta correspondente o IVE de 3.487,17 €
lote 4 importe: 15.087,74 €, sendo a conta correspondente o IVE de 2.618,53 €
lote 5 importe: 15.806,59 €, sendo a conta correspondente o IVE de 2.743,29 €

con cargo a partida orzamentaria de gasto é "1721.227.00.01 Limpeza do río Lagares e outros" e a súa bolsa de vinculación.

**TERCEIRO.-** Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao prevido na LCSP.

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(379).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN GALLEGA DE AMIGOS DEL ROCÍO DE VIGO PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES. EXPTE. 9467/320.**
Visto o informe de fiscalización do 18/05/2020, dáse conta do informe-proposta do 06/05/2020, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidada (Resolución do 23/10/2019, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 20/02/2020, Dona Ana María Argibay Villaverde (DNI: 3602*****), en calidade de presidenta en calidade de presidenta da "*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*" (CIF: G36820637), achegou escrito (doc. nº200029810), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades programadas pola entidade para o 2020, entre os meses de outubro de 2019 a setembro 2020, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, Dona Ana María Argibay Villaverde, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. "*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
- Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 04/03/2020
- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 05/03/2020
- Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 04/03/2020
- Certificado do Concello de Vigo, de data 18/03/2020

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).

2. Datos do representante legal (anexo II).

3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).

4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).

5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).

6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).

7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

| **ORZAMENTO DE GASTO DA ENTIDADE (outubro 2019 a setembro 2020)** | |
|---|---|
| Aluguer | 3.327,50 € |
| Xestoria | 1.331,00 € |
| Copisteria - Ofimática | 150,00 € |
| Correos | 50,00 € |
| Auga | 281,15 € |
| Electricidade | 210,00 € |
| Cursos de música | 500,00 € |
| Outros | 1.500,00 € |
| **TOTAL** | **7.349,65 €** |

| **INGRESOS DA ENTIDADE (outubro 2019 a setembro 2020)** | |
|---|---|
| Subvención Concello | 5.000,00 € |
| Cuotas Socios | 2.349,65 € |
| **TOTAL** | **7.349,65 €** |

8. Contrato de aluguer.

9. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificantes bancarios acreditativos da súa vixencia.

10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

a) Fundamentación, obxectivos e metas

b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
c) Lugar de realización
d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
e) Recursos humanos e materiais
f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a "Asociación Gallega Amigos del Rocío de Vigo", está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 515/97, segundo decreto de Alcaldía de data 08/04/97.

V. O vixente exercicio orzamentario (2020) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 23/12/2019, inclúe expresamente a partida 9240 4800001 "*Convenio Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*", cunha dotación orzamentaria de 5.000,00 €.

VI. En data 22/04/2020 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 18/02/2020 do tesoureiro municipal , acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

IX. Con data 05/04/2020, a través do documento co número de rexistro de entrada 200047255, a entidade beneficiaria achega declaración de conformidade coa non suspensión de prazos.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

***I. OBXECTO***

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á ASOCIACIÓN GALLEGA DE AMIGOS DEL ROCÍO DE VIGO (G-36820637), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación dende outubro de 2019 ata setembro de 2020.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa "Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo".

A entidade "*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*", de conformidade cos arts. 2 e 3 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✔ Humanitarios: axudas a nivel local, nacional e internacional
- ✔ Culturais: conferencias, cursos, excursións, exposicións, festas, concertos do coro, visitas culturais,...
- ✔ Festivais benéficos
- ✔ Relixiosos: misas rocieiras, novenas, excursións ao Rocío...

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

### *II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES*

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Losada Álvarez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 18/06/2019).

Doutra parte, asinará o convenio Dona María Argibay Villaverde, con DNI 3602*****, en calidade de Presidenta da "Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo" (CIF: G-36820637), con domicilio social na Rúa Colombia, nº 17- baixo, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 9467/320.

### *III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA*

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio "unha Administración unha competencia". Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non conten co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público , o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

***IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA***

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2019 e o 30 de setembro de 2020, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

***V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO***

O vixente exercicio orzamentario (2020) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 23/12/2019, inclúe expresamente a partida 9240 4800001 "*Convenio Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*", cunha dotación orzamentaria de 5.000,00 €.

Non procede incorporar clásula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo son gastos de aluguer e mantemento do local social.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

***VI. ANTICIPO***

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o

destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

***VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITA-CIÓN ELECTRÓNICA***

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/19 e o 30/09/20, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo có art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2020.**

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das

modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

***VIII. PUBLICIDADE***

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

***IX. ÓRGANO COMPETENTE***

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con cáracter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

**X. RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

**XI. MOTIVACIÓN DA TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO, CONFORME Á DISPOSICIÓN ADICIONAL 3ª DO RD 463/2020 DO 14 DE MARZO:**

A disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma pola situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real_Decreto 465/2020, determina a suspensión dos trámites e interrupción dos prazos para a tramitación_dos procedementos das entidades do sector público. Porén, dita regra xeral admite excepcións, entre_outros supostos, para a continuación daqueles procedementos administrativos previa manifestación, polo interesado, da súa conformidade, motivándose a súa procedencia, co fin de evitar prexuízos nos dereitos e intereses do interesado derivados da non formalización do convenio.

A este respecto, consta no expediente a manifestación do interesado da súa conformidade coa non suspensión de prazos, realizada a través do documento co núm. de rexistro 200047255 de data 05/04/2020.

Polas consideracións expostas, visto que o interesado/a manifestou a súa conformidade coa continuación da tramitación do expediente e que non se suspenda o prazo, de conformidade co disposto no Real Decreto 463/2020, modificado polo Real Decreto 465/2020, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO**

**PRIMEIRO.** - **CONTINUAR** a tramitación do presente procedemento administrativo de subvención nominativa núm. 9467/320, ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020, o cal ten por obxecto o Convenio entre o Concello de Vigo e a "*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*" para axudar ao financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social necesario para o desenvolvemento das actividades da entidade, xa que se acreditou no expediente a conformidade do interesado de que non se suspenda o prazo e, desta forma, se evite un prexuízo nos dereitos e intereses do administrado.

**SEGUNDO: AUTORIZAR** e **DISPOR** o gasto por importe de 5.000,00 € (cinco mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4800001 denominada "*Convenio Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*", incluída no vixente orzamento municipal de 2020.

**TERCEIRO.** - **APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*" (CIF.- G36820637), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de outubro de 2019 e setembro de 2020, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 5.000,00€ (cinco mil euros).

**CUARTO.-** Facultar ao concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá D. Abel Losada Álvarez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

**QUINTO.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN GALLEGA DE AMIGOS DEL ROCÍO DE VIGO PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL, NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES ENTRE O 1 DE OUTUBRO DE 2019 ATA 30 DE SETEMBRO DE 2020*

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. Abel Losada Álvarez, na súa calidade de Concelleiro Delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, Dª Ana María Argibay Villaverde, con DNI 3602*****, en calidade de presidenta da *Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo* (CIF: G-36820637), con domicilio social na Rúa

Colombia, nº 17- baixo, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 9467/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

**MANIFESTAN**

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese  non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, humanitarias veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc., inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto

de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento e apoio humanitario e benéfico, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos asistenciais, sociais, benéficos, educativos, formativos..., sendo a *Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo* unha das máis importantes asociacións neste ámbito.

III.- Que a entidade *Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*, de conformidade cos arts. 2 e 3 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✔ Humanitarios: axudas a nivel local, nacional e internacional
- ✔ Culturais: conferencias, cursos, excursións, exposicións, festas, concertos do coro, visitas culturais,...
- ✔ Festivais benéficos
- ✔ Relixiosos: misas rocieiras, novenas, excursións ao Rocío...

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 08/04/97, a *Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo* atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 515/97.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a *Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo* leve a cabo os seus proxectos e actividades planificadas para o ano 2020, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social, situado na Rúa Colombia, 17- baixo realizados entre os meses de outubro de 2019 a setembro de 2020 necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, aprobado polo Pleno Xeral en sesión ordinaria do 23/12/2019, a partida orzamentaria nº 9240.4800001, denominada "*Convenio Asociación Gallega Amigos del Rocío de Vigo*", nominativa a favor da entidade, cun unha asignación presupostaria de 5.000,00 €.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de aluguer e mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas para o ano 2020, cuxa contía total segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

| **ORZAMENTO DE GASTOS DE ALUGUER E MANTEMENTO (01/10/19-30/09/20)** | |
|---|---:|
| Aluguer | 3.327,50 € |
| Xestoria | 1.331,00 € |
| Copisteria - Ofimática | 150,00 € |
| Correos | 50,00 € |
| Auga | 281,15 € |
| Electricidade | 210,00 € |
| Cursos de música | 500,00 € |
| Otros | 1.500,00 € |
| **TOTAL** | **7.349,65 €** |

VIII.- Que a entidade *Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo* non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

IX.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, no ámbito sociocomunitario e sociosanitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

**PACTOS**

***Primeiro***.- A entidade *Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo* comprométese a colaborar coa concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.

1. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.

3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.

6. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

7. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

8. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

***Segundo***.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade *Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo* unha subvención por importe de **5.000,00 €** (cinco mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4800001, denominada "Convenio Asociación Gallega Amigos del Rocío de Vigo", do vixente orzamento municipal (2020), co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento e aluguer do local da asociación, situado na Rúa Colombia, 17 - baixo, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade entre o 01/10/19 e o 30/09/20, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respectar a estrutura organizativa da *Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo.*

3. Colaborar, no seu caso, na orientación e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

***Terceiro***.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

***Cuarto***.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto**.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

***Sexto***.-A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a

100.000 euros ou cando alomenos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvenció pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

***Sétimo***.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42.2.d) e ss. do RD 887/06, neste caso, se exonera á *Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo* da obriga de constitución de garantías, dado o carácter social do proxecto subvencionado, e a natureza de entidade non lucrativa da beneficiaria.

***Oitavo***.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarase, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación dende o 1/10/2019 ata o 30/09/2020.

***Noveno*.**- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo,* mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa, que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2020.**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral

(Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentacion xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultan-

do esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinada electrónicamente xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarase** con **copias dixitalizadas asinadas dixitalmente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas dixitalmente** que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado ou, no seu caso, recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.

- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executado na súa totalidade con un custe total de.....(importe total do proxecto).

h) No caso de solicitar un anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

***Décimo.-*** A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES94 2080 0531 10 3040008569 (ABANCA).

***Décimo primeiro.-*** Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

***Décimo segundo***.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/10/19 e o 30/09/20.

***Décimo terceiro***.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. A xefa do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

***Décimo cuarto***.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

***Décimo quinto***.- Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo

da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

***Décimo sexto***.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

***Décimo sétimo***.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concelllo de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

***Décimo oitavo***.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que

se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

***Décimo noveno***.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

***Vixésimo***.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

## 13(380).- NOMEAR FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS CON CARGO ÁS PRAZAS CONVOCADAS DE POLICÍA LOCAL. EXPTE. 35558/220.

Visto o informe de fiscalización do 25/05/2020, dáse conta do informe-proposta do 22/05/2020, asinado polo técnico de Organización e Planificación, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

**I.- Antecedentes:**

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de abril de 2019, foron nomeados funcionarios en prácticas con cargo a prazas vacantes de Policía, entre outros, os aspirantes D. J. García Miguélez, NIF ***2935**, D. J.C. González Fortes, NIF ***6214**, D. D.L. Pena Pereira, NIF ***6069** e, D. B. Pérez Pérez, NIF ***9502**, tomando posesión con data 22 de abril de 2019.

Por acordo do mesmo Órgano de data 13 de febreiro pasado, foron cesados como funcionarios en prácticas, por non ter superado o curso selectivo para o acceso a categoría de policía dos corpos da policía local de Galicia, convocado mediante resolución do 25 de febreiro de 2019, nos termos do informe remitido pola Academia Galega de Seguridade Pública en data 06 de febreiro anterior, no que se indicaba que os referidos funcionarios deberán repetir unha parte do próximo curso selectivo que se convoque por un total de catro semanas.

Por Resolución da Academia Galega de Seguridade Pública do 20 de febreiro de 2020, DOG de 2 de marzo actual, foi convocado un curso básico selectivo para o acceso á categoría de policía, escala básica dos corpos da Policía Local.

A Academia Galega de Seguridade Publica (AGASP), en documento 200037496 rexistrado na Plataforma ORVE en data 05/03/20, anexado ao expediente 35555/220, trámite 4, procedeu a convocar novamente aos aspirantes relacionados anteriormente a realización dun novo curso selectivo, polo que procede novamente o seu nomeamento como funcionarios en prácticas para poder participar no referido curso, que ía dende o 23 de marzo ao 24 de abril, ámbolos dous días incluídos.

*O Consello da Xunta de Galicia, na s*úa reunión do día 12 de marzo de 2020, acordou a adopción de medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 (DOG núm. 49 bis, do 12 de marzo), complementado polas previsións contidas na Resolución da Dirección Xeral, do día 13 de marzo de 2020, pola que se dispón a suspensión temporal da actividade académica docente da Academia Galega de Seguridade Pública e, polo tanto, do curso básico selectivo para o acceso á categoría de policía, correspondente a 12ª promoción de policía local de Galicia, en que se acordou que o alumnado dese curso selectivo, que acababa de comezar, se incorporase de xeito inmediato (16 de marzo de 2020) aos seus respectivos concellos para realizar, de xeito extraordinario, un período de prácticas, no marco do curso selectivo.

En base ao anterior, coa declaración da emerxencia sanitaria en Galicia, con data 12 de marzo, as actividades presenciais da AGASP foron suspendidas polo Consello da Xunta.

O pasado 16 de maio de 2020, o CECOP acordou o reinicio dese curso teórico, e con data 18 de maio o director xeral da AGASP resolveu as medidas que se acordan para dito reinicio da formación presencial na Academia, polo que os alumnos referenciados deben incorporarse as clases na AGASP o vindeiro luns, 8 de xuño de 2020 ata o venres día 3 de xullo de 2020.

A Academia Galega de Seguridade Publica (AGASP), en documento 200059883, rexistrado na Plataforma ORVE en data 20/05/20, anexado ao expediente 35558/220, procedeu a convocar novamente aos aspirantes relacionados anteriormente a realización dun novo curso selectivo, polo que procede novamente o seu nomeamento como funcionarios en prácticas para poder participar no referido curso, que terá lugar dende o vindeiro 8 de xuño ao 03 de xullo de 2020, ámbolos dous días incluídos.

De conformidade co previsto nas Bases da Convocatoria, os/as aspirantes aprobados unha vez aportada toda a documentación esixida nestas, serán nomeados funcionarios en prácticas, percibindo as retribucións que legalmente correspondan á dita situación (no seu caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C1 de titulación, e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas).

Figura no expediente informe favorable de fiscalización previa de Intervención Xeral emitido en data 12/03/2020, trámite 26 do expediente, anterior a suspensión das actividades formativas presenciais da Academia Galega de Seguridade Pública con motivo da declaración da emerxencia sanitaria e que deu lugar a formular unha nova proposta.

En consecuencia procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

**II.- Excepcionalidade da suspensión de prazos. DA 3º RD 463/2020.**

Conforme ao disposto no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, como consecuencia da situación de crise sanitaria e posterior declaración do estado de alarma, como regra xeral se suspenden a totalidade dos trámites e se interrompen os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público.

Con todo, a suspensión, no ámbito municipal, pode excepcionarse, tal e como recolle a Disposición Adicional Terceira do RD 463/2020, na redacción dada ao seu apartado cuarto polo RD 465/2020, nos seguintes supostos:

2.1. Medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que éste manifeste a súa conformidade

2.2. Cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o plazo

2.3. Continuación daqueles procedementos administrativos referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma,

2.4. Continuación daqueles procedementos administrativos indispensables para a protección de interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

No caso que nos ocupa, estamos ante a excepción contemplada no apartado catro anteriormente referenciado, sendo necesario nomear funcionarios en prácticas aos catro aspirantes citados para poder participar no referido curso básico selectivo para o acceso á categoría de policía, correspondente a 12ª promoción de policía local de Galicia.

**III.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

A necesidade e urxencia xustifícase no inmediato comezo do curso selectivo básico para o acceso á categoría de policía convocado pola Academia Galega de Seguridade Pública, segundo convocatoria publicada no DOG núm. 96 de 19/25/2020 e conseguinte comunicación da AGASP a éste Concello, en documento 200059883, rexistrado na Plataforma ORVE en data 20/05/20, anexado ao expediente 35558/220.

**IV. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da tenente de alcalde e concelleira-delegada da área de Empresa, Economía,

Seguridade e Organización Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos da Alcaldía de 18/06/2019 e 26/06/2019, e acordos da XGL de 20/06/2019 e 04/07/2019 e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de recursos humanos que subscribe, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte,

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**"PRIMEIRO:** Acordar a continuación da tramitación do presente procedemento administrativo contido no expediente 35558/220 de nomeamento en prácticas de catro policías locais, ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020, ao ter por obxecto a causa de interese xeral concretada na necesidade urxente de incorporación do referido persoal ao curso selectivo previsto nas bases da convocatoria convocado pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

**SEGUNDO**: Nomear **funcionarios en prácticas** con cargo ás prazas convocadas de **POLICÍA LOCAL**, os seguintes aspirantes propostos polo Órgano de Selección e que se relacionan a continuación, por ter superados todos os exercicios da oposición libre e, que foron convocados pola Academia Galega de Seguridade Publica (AGASP) en segunda convocatoria, segundo documento 200059833, rexistrado na Plataforma ORVE en data 20/05/2020, anexado ao expediente 35558/220:

| APELIDOS E NOME | DNI |
|---|---|
| GARCÍA MIGUÉLEZ, J. | ***2935** |
| GONZÁLEZ FORTES, J.C. | ***6214** |
| PENA PEREIRA, D.L. | ***6069** |
| PÉREZ PÈREZ, B. | ***9502** |

**TERCEIRO.-** De conformidade co previsto na Bases da Convocatoria, os catro aspirantes serán nomeados como funcionarios en practicas, percibindo en tanto realiza o correspondente curso teórico-practico, as retribucións que lle correspondan (neste caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C1 de titulación) e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

**CUARTO**.- Os/as aspirantes nomeados/as deberán tomar posesión das súas prazas como funcionarios/as en prácticas no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo, e como funcionarios de carreira na data seguinte a súa publicación

regulamentaria, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionarios/as de carreira a que superen o curso teórico-práctico contemplado nas bases específicas da convocatoria, sen prexuízo de que de conformidade co previsto na Base décimo sexta das Xerais da convocatoria, o nomeamento como funcionarios/as de carreira, unha vez superado o curso teórico práctico, unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión definitiva, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

**QUINTO**: Notificar o presente acordo aos interesados/as, á Intervención Xeral, a Academia Galega de Seguridade Pública, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, ao Xefe da Área de Mobilidade e Seguridade e Xefatura do Corpo da Policía Local, así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

**SEXTO**: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 14(381).- NOMEAMENTO INTERINO, CON CARGO A PRAZA VACANTE, DUN TÉCNICO SUPERIOR DE ARQUIVOS PARA O ARQUIVO MUNICIPAL. EXPTE. 35395/220.

Visto o informe de fiscalización do 13/05/2020, dáse conta do informe-proposta de data 12/05/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I.-** Con data de sinatura electrónica, a Secretaria de Goberno Local, solicita á Área de RRHH, en base ás circunstancias contidas no informe que obra no expediente (trámite 2), proceder á cobertura da vacante de técnico superior de arquivo.

**II.-** En resposta a esta petición, a tenente de alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica; considerando a Orden SND/388/2020, de 3 de maio, pola que se establecen as condicións para a reapertura ao público dos arquivos, de calquera titularidade e xestión, e considerando a urxencia na dispoñibilidade do efectivo da categoría profesional indicada, por ser indispensable para garantir a prestación do servizo nos termos legalmente establecidos; solicitou á área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade a atender á solicitude de persoal

formulada, incorporando o efectivo coa categoría profesional indicada, na modalidade que legalmente resulte oportuna.

**III.-** Consta anexado ao expediente informe técnico de cuantificación económica, que inclúe a proposta de gasto.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
"*1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente,* ***ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública*** *y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustixa de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"***FD CUARTO.-***

*(….) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas:* ***1º)*** *cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (….....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autónomica sobre función pública."* A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

*"......según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (…......) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local,* ***lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.****"*

**II.-** ***Excepcionalidade da suspensión de prazos. DA 3º RD 463/2020.***

Conforme ao disposto no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, como consecuencia da situación de crise sanitaria e posterior declaración do estado de alarma, como regra xeral se suspenden a totalidade dos trámites e se interrompen os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público.

Con todo, a suspensión, no ámbito municipal, pode excepcionarse, tal e como recolle a Disposición Adicional Terceira do RD 463/2020, na redacción dada ao seu apartado cuarto polo RD 465/2020, nos seguintes supostos:

2.1. Medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que éste manifeste a súa conformidade

2.2. Cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o plazo

2.3. Continuación daqueles procedementos administrativos referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma,

2.4. Continuación daqueles procedementos administrativos indispensables para a protección de interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

*No caso que nos ocupa, estamos ante a excepción contemplada no apartado catro anteriormente referenciado, sendo necesario para a protección do interese xeral a necesidade de incorporar persoal interino asignado a funcións no ámbito do arquivo, polo que procede a continuación do procedemento administrativo de nomeamento interino dun técnico superior de arquivo baixo a modalidade prevista no artigo 10.1 a) do RDL 5/2015, de 30 de outubro (expte 35395-220).*

**III.- Nomeamento de funcionarios interinos con cargo a praza vacante:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o nomeamento de funcionarios/as de carreira en execución da Oferta de Emprego correspondente ao ano 2018, segundo o caso.

O apartado 4 do artigo 10 do TREBEP establece que no suposto previsto na letra a) do apartado 1 deste artigo, as prazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos deberán incluírse na oferta de emprego correspondente ao exercicio en que se produce o seu nomeamento e, se non fose posible, na seguinte, salvo que se decida a súa amortización. No caso actual as citadas prazas xa foron incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2017, aprobada pola Xunta Goberno Local sesión 28/12/2017 e publicada no BOP de 29 de decembro de 2017.
Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód.56- técnico superior de arquivo), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino

–ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no escrito de data de sinatura electrónica da Secretaria de Goberno local, referido no punto I dos antecedentes de este informe, así coma na instrución da tenente de alcalde e concelleira delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data de sinatura electrónica, no que se ordena o inicio do expediente; considerando a Orden SND/388/2020, de 3 de maio, pola que se establecen as condicións para a reapertura ao público dos arquivos, de calquera titularidade e xestión; considerando a urxencia na dispoñibilidade do efectivo da categoría profesional indicada, e sendo indispensable no contexto referido, que permita garantir a prestación do servizo nos termos legalmente establecidos; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

**V. - Proposta de gasto:**

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica, que consta no expediente:

*“...O custo anual que figura no Capítulo I do Orzamento de Gastos, dun posto de Técnico/a Superior de Arquivos, cód. 56 para o exercicio 2020 e de 58.048,04€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 920.3.120.0000, por un importe anual de 15.999,96€, 920.3.121.0000, por un importe anual de 10.655,82€, 950.3.121.0100, por un importe anual de 19.363,82€ e, 920.3.160.0000, por un importe anual de 12.028,44€, significando que o*

*custe máximo para o presente ano deste expediente será de 33.861,36€ (dos que 26.844,77€ corresponden a retribucións e, 7.016,59 a seguridade social a cargo ao empregador), gasto correspondente a un máximo de 7 meses, toda vez que non estaría en condición de ser nomeado/a ata polo menos o 1 de xuño actual.*

*O gasto que suporía a cobertura de dita praza, e que supón incremento de compromiso de gasto para o presente e vindeiros anos, afectará, no que respecta aos créditos orzamentarios, a realización das modificacións de crédito necesarias para suplementar as partidas as que se refire o informe técnico de sostenibilidade do Capítulo I do Orzamento para o ano 2020, que figura no expte. 33833/220, anteproxecto do capítulo I do Orzamento para o vindeiro ano 2020, trámite 85, derradeiro parágrafo, que se transcribe:*

*"En conclusión, tendo en conta o número de postos da Relación de Postos de Traballo vacantes, que están dotadas para todo o ano e que non están incluídas en ningunha Oferta de Emprego Público por limitacións legais, conformarán recursos para suplementar as aplicacións deficitarias en canto ao gasto previsto, sempre en cando se realice unha planificación previa de toda a actividade administrativa que supoña gasto imputable ao capitulo I de gastos, respectando os límites previstos na Disposición Adicional sétima das Bases de Execución do Orzamento", en concreto as aplicacións 9200.1400000, 9200.1430001, 9200.1500000, 9200.1510000, e, 2210.1610400".*

*De este xeito, os créditos desta praza vacante foron utilizados durante o primeiro cuatrimestre do presente ano nas modificacións orzamentarias contidas nos expedientes 35335/220, 35477/220, 35581/220, 35599/220, e 35710/220, para suplementar a aplicacións orzamentarias 920.0.140.00.00 "outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente", 920.0.160.00.09 Seguridade Social persoal interino sen praza, 920.0.150.0000 (productividade) e, 920.0.151.0000 (gratificacións), nunha contía total de 3.365.479,84€, sendo necesario poñer en marcha canto antes unha nova modificación orzamentaria cos créditos do presente mes de maio para suplementar, entre outras, a partida 920.0.140.0000.*

*Polo técnico que subscribe, reitérase a urxente necesidade de realizar a planificación da cobertura de novos nomeamentos interinos con cargo as prazas vacantes incluídas nas OEPs pendentes de executar, priorizando segundo as necesidades detectadas nos distintos Servizos municipais e, as directrices que sexan proporcionadas polo Goberno Municipal en canto a priorización de cobertura de postos vacantes, aos efectos de garantir a cobertura orzamentaria dos gastos previstos no Capitulo I do Orzamento de Gastos no presente ano 2020 e seguintes, toda vez que a caída da actividade económica derivada da pandemia significará xa no presente exercicio 2020 uns menores ingresos municipais nos tributos relacionados con aquela (plusvalía, icio, tasas, etc). De igual xeito, para o exercicio 2021 terá que preverse uns menores ingresos nas transferencias do Estado asociadas ao IRPF, IVE e, outros recadados no ano 2020, polo que a cobertura das prazas vacantes debería limitarse as mínimas imprescindibles para o correcto funcionamento dos servizos municipais e que permita garantir a correcta xestión do Capítulo I do vindeiros orzamentos.*

*Asi mesmo, procede recordar o xa informado por este técnico en data 18/12/2019, trámite 38 do expediente 34733/220 "Convocatoria e bases das ofertas de emprego correspondentes aos anos 2017, 2018 e, 2019-1ª Fase da convocatoria conxunta".*

Non obstante, e considerando as obxeccións indicadas no informe técnico sobre a necesidade de dotación orzamentaria en vindeiros exercicios, solicítase expresamente, que este aspecto se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

**VI. - Regularización persoal indefinido non fixo.-**

No expediente 34043-220, consta informe sobre a Situación dos traballadores indefinidos non fixos, sobre a regularización do persoal indefinido non fixo cuxas conclusións se reproducen aos efectos relacionados co presente expediente:

*“**1.-** É evidente que o nivel de complexidade e inseguridade xurídica en relación á natureza xurídica dos indefinidos non fixos e seu réxime extintivo, é superior ao que sería desexable, e pon de manifesto os importantes problemas do marco normativo do emprego público e a necesidade dun estudio pormenorizado e en profundidade.*

***2.-** A xurisprudencia anterior á STS 28 de marzo de 2017 (rec. 1664/2015), distinguía con claridade dos causas de cese dos traballadores indefinidos non fixos (en adiante INF) con respecto aos condicionamentos aos que a empleadora está sometida para poder acordar dito cese:*

***a.-** Cese por amortización da praza que o traballador ven ocupando. Neste caso, a Administración empleadora debe axustarse, antes de acordar o cese, aos requisitos legalmente previstos para o despido obxectivo e indemnizar ao traballador coa suma correspondente a ese despido obxectivo.*

***b.-** Cese por ser ocupada a praza por un titular nomeado en forma regulamentaria. En este caso, a empleadora non ven suxeita a requisito ni condicionamento algún, sino que pode acordar o cese automáticamente, sen prexuízo do dereito do traballador a percibir a indemnización á que se refire a letra c) do número 1 do artigo 49 do ET, en relación coa Disposición Transitoria 13ª do mesmo.”*

***3.-** As Sentencias do TXUE de 14 de setembro de 2016, que cuestionaron os mecanismos de contratación e cese do persoal na función pública española, provocaron unha importante incertidumbre sobre cal sería a postura do Tribunal Supremo e si provocaría un xiro xurisprudencial sobre a situación dos indefinidos non fixos e os interinos con cargo a vacante.*

***4.-** A STS 28 de marzo 2017 (rec. 1664/2015) introduce, un xiro interpretativo con respecto a doutrina anterior. Supón fundamentalmente que o traballador indefinido non fixo, non pode ser considerado como un traballador temporal, e que polo tanto non se pode equiparar xa a situación dos interinos con cargo a vacante.*

*A citada Sentencia, modifica a doutrina anterior no que se refire á contía indemnizatoria que procede nestes casos e fixa un novo criterio cuantitativo. Así, nun suposto de extinción por cobertura regulamentaria de praza dun INF e tras calificar a estos como «non temporais» (distinguíndoos dos interinos por vacante), o Alto Tribunal recoñece unha indemnización de 20 días, sin aplicar a doutrina «de Diego Porras».*

***5.-** Esta doutrina volverá a ser obxecto de revisión coa STS 2 de abril 2018 (rec. 27/2017), ao calificar os INF, de novo, como «temporais». Novo xiro xurisprudencial. Consecuencia de elo, xorde a cuestión de si se mantén a indemnización de 20 días.*

***6.-** Sentencia 28 de marzo de 2019 (rec 997/2017), ratifica o criterio da STS de 28 de marzo de 2017. Así, no caso de cobertura regulamentaria do posto, o traballador INF ten dereito a percibir a indemnización prevista no artigo 53.1 b) ET (20 días). Tras a STS de abril de 2018, os INF volven a ser "temporais". Tras este novo cambio, recoñecer unha indemnización de 20 días en caso de cobertura regulamentaria de praza, cando se denegou toda indemnización aos interinos por substitución e aos interinos por vacante (STS 13 de marzo 2019), parece de difícil encaixe.*

***7.-** Con todo, se advirte unha tendencia na que a figura do indefinido non fixo se afasta do interino por vacante, aproximándose á do traballador fixo, sen prexuízo de que a praza que ocupe deba ser obxecto de amortización (previo cumprimento dos trámites do despido obxectivo ou colectivo), ou de convocatoria (levando á extinción indemnizada do contrato).*

***8.-** No caso de <u>cobertura regulamentaria da praza</u>, en todo caso é necesario acreditar a exacta identificación da praza ofertada e súa concordancia coa ocupada pola persoa que presta súa actividade como indefinida. Non é suficiente a referencia xenérica na convocatoria, debendo extremarse as garantías para considerar que o posto de traballo do INF quedaba claramente afectado.*

***9.-** Á luz da nova xurisprudencia, se plantexa a cuestión de si son esixibles na causa extintiva por cobertura da praza, o cumprimento dos requisitos formais que se esixirían para calquera causa obxectiva.*
*Así o entendeu a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León de 06 e maio de 2019, que non é firme xa que cabe recurso de casación. A citada Sentenza, considera necesaria a emisión dunha correcta carta de comunicación do cese e súa xustificación, afirmando que a causa extintiva por cobertura regulamentaria da praza debe suxeitarse aos mesmos requisitos formais que se esixirían para calquera causa extintiva.*

***10.-** En relación co persoal laboral indefinido por resolución xudicial firme cuxa regularización resulte obrigada con motivo da execución das ofertas de emprego público 2014, 2015 e 2016, consonte ao marco normativo de aplicación e xurisprudencia aplicable ao efecto; non consta acreditado que na convocatoria das prazas nas correspondentes OEP, se expresara con claridade a exacta identificación das prazas ofertadas e súa concordancia coas ocupadas polas persoas que prestan súa actividade como indefinidos non fixas, e moito menos que no proceso se tiveran seguidos os mesmos requisitos para calquera causa extintiva.*"

A este respecto, e segundo se contempla no informe técnico obrante no expte*: "En resumo, figuran neste intre tres traballadores/as indefinidos por sentenza xudicial firme, con categoría "Técnico/a Superior/a A1" que contan con algunha das titulacións esixidas para o acceso, tanto a praza de Técnico/a Superior Arquivo (praza encadrada na Escala Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Superior) como a praza de Técnico/a Superior Actividades Culturais e Educativas, se ben tamén e certo que as sentencias xudiciais recaídas nestes tres traballadores indefinidos non se desprende ningunha*

*asociación directa entre as súas titulacións académicas, cualificacións profesionais e vínculo laboral de indefinición declarado por sentencia xudicial firme que relacione, de forma clara, concluínte e precisa, a plaza vacante de técnico superior de arquivos con algún dos vínculos laborais de indefinición que actualmente existen no Concello, polo que a opinión técnica expresada no anterior informe refírese unicamente a unha posible reserva de prazas que puidesen contribuir a solución do problema en tanto non se proceda a aprobación, execución e desenvolvemento dun Plan de Ordenación de Recursos Humanos (estudio diagnóstico) para a regularización do persoal laboral indefinido por sentenza xudicial firme."*

**VII.- Verificación das listas de reserva:**

Segundo consta no Informe de verificación técnica que obra no expediente:

*"Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Técnico/a Superior de Arquivo, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.*

- *Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Técnico Superior de Arquivo a D. Gómez-Aller Andrés con DNI ***1646**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."*

*Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar ao referido nomeamento interino con cargo a vacante segundo o disposto no artigo 10.1 a) do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, acreditando nesta Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto."*

**VIII. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 18/06/2019 e 26/06/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Acordar a continuación da tramitación do presente procedemento administrativo de nomeamento interino dun técnico superior de arquivo (expte 35395-220), ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do Rd 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020, ao ter por obxecto a causa de interese xeral concretada na necesidade urxente de incorporación de persoal interino asignado a funcións no ámbito do arquivo.

**SEGUNDO:** Declarar a urxencia no nomeamento interinos dun técnico superior de arquivo con cargo a vacante**,** ao abeiro do exposto no artigo 10.1.a) do TREBEP e, en consecuencia, autorizar o gasto (nomeamento previsto 01/06/2020) de 33.861,36€ (dos que 26.844,77€ corresponden a retribucións e, 7.016,59 a seguridade social a cargo ao empregador); distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 920.3.120.0000, por un importe anual de 15.999,96€, 920.3.121.0000, por un importe anual de 10.655,82€, 950.3.121.0100, por un importe anual de 19.363,82€ e, 920.3.160.0000, por un importe anual de 12.028,44€.

**TERCEIRO:** Nomear como funcionario interino, con cargo á praza vacante da OEP 2017, como **Técnico superior de arquivo** a: *D. Gómez-Aller Andrés con DNI ***1646*****,** na súa condición de seguinte aspirante na lista que superou todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**CUARTO:** Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.a) do TREBEP, extinguíndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente ditas prazas, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2017; percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 56 Técnico superior de arquivo, sendo adscrito ao Arquivo xeral, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**QUINTO:** Establecer que a xornada laboral do/a funcionario/a interino/a nomeado/a desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**SEXTO:** Notificar o presente acordo o aspirante nomeado, a Secretaria de Goberno local, á Intervención Xeral, ao Negociado de Seguridade Social, Inspección de persoal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso

contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(382).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO COA FUNDACIÓN CARLOS CASARES, PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES 2020. EXPTE. 3292/330.**

A Xunta de Goberno local retira o expediente da orde do día.

**16(383).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO COA FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS "VIGO, UN MAR DE BANDAS" E "AULAS DE MÚSICA" DO MES DE NOVEMBRO DO 2019 AO MES DE NOVEMBRO DO 2020. EXPTE. 3331/330**

A Xunta de Goberno local retira o expediente da orde do día.

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**
A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Reanudación da execución do contrato de concesión de servizo público de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros Expte. 6462/241.

.- Prórroga do contrato de prestación de servizos de campamentos de verán. Expte. 9058/336.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**17(384).- REANUDACIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE ESTACIONAMENTO REGULADO E CONTROLADO NA VÍA PÚBLICA MEDIANTE PARQUÍMETROS EXPTE. 6462/241.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 27/05/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e o interventor xeral, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se trasposñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011,de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer frente ao COVID-19.
- Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionado polo COVID-19.

- Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da Fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.
- Orde SND/414/2020, de 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restriccións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 2 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.
- Orde SND/440/2020, de 23 de maio, pola que se modifican diversas ordes para unha mellor xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 en aplicación do Plan para a transición cara unha nova normalidade.
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 18 de marzo de 2020, do sétimo paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 13 de maio de 2020, do trixésimo paquete de medidas do COVID-19.

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local (en adiante XGL), na sesión extraordinaria e urxente do 21 de decembro de 2017, acordou adxudicar a DORNIER, S.A., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (90.514-210). Dito contrato formalizouse en data 31 de maio de 2018.

**Segundo.-** Mediante Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

**Terceiro.-** Mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

**Cuarto.-** O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19.

**Quinto.-** En data 18 de marzo de 2020, a Alcaldía do Concello de Vigo, ditou resolución na que insta á área de goberno de Seguridade a que comunique a imposibilidade da execución do contrato de concesión de servizo público de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (expediente 90514-210), á empresa prestadora do servizo, aos efectos do establecido no Real Decreto-Lei 8/2020, artigo 34.4º. Dita resolución terá efectos a partires da súa data e ata o 29 de marzo, sen perxuízo da súa ampliación si así o requiren as circunstancias, conforme á declaración do estado de alarma.

**Sexto.-** En data 24 de marzo de 2020, Carlos Alberto Baña Neira en nome e representación de DORNIER S.A.U, presenta no Rexistro electrónico do Concello de Vigo solicitude (doc 200044450) de declaración de imposibilidade de execución dos contratos de como consecuencia das medidas adoptadas con ocasión da crise do coronavirus COVID-19.

**Sétimo.-** En data 9 de abril de 2020, a XGL acordou:

> *"1º.- Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de concesión de servizo público de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (expediente 90514-210) formalizado con DORNIER, S.A como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.*
>
> *2º.- A suspensión terá efectos desde o 16 de marzo de 2020, data na que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión."*

**Oitavo.-** En data 13 de maio de 2020, en resolución da Alcaldía do Concello de Vigo, se acorda "*Instar á Concellería Dda. De Seguridade a analizar si cesaron as circunstancias ou medidas que determinaron a imposibilidade de execución que determinaron a suspensión do contrato de concesión de servizo público de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros, e, de ser o caso, proceder a adopción das medidas correspondentes*".

**Noveno.-** En data 26 de maio de 2020, o xefe da Área de Seguridade propón a reanudación do servizo con data 1 de xuño de 2020. Reprodúcese a continuación o informe:

"O Real Decreto 463/20 de 14 de marzo de declaración do estado de alarma por razón da pandemia de orixe vírico identificada co coronavirus COVID-19, modificado aquel en canto aquí interesa polo Real Decreto 465/20 de 17 de marzo establece no seu artigo sete, números 1 e 2:

"***1.*** *Durante la vigencia del estado de alarma las personas únicamente podrán circular por las vías o espacios de uso público para la realización de las siguientes actividades, que deberán realizarse individualmente, salvo que se acompañe a personas con discapacidad, menores, mayores, o por otra causa justificada:*

> ***a)*** *Adquisición de alimentos, productos farmacéuticos y de primera necesidad.*
> **b)** *Asistencia a centros, servicios y establecimientos sanitarios.*
> ***c)*** *Desplazamiento al lugar de trabajo para efectuar su prestación laboral, profesional o empresarial.*
> ***d)*** *Retorno al lugar de residencia habitual.*
> ***e)*** *Asistencia y cuidado a mayores, menores, dependientes, personas con discapacidad o personas especialmente vulnerables.*
> ***f)*** *Desplazamiento a entidades financieras y de seguros.*

*g) Por causa de fuerza mayor o situación de necesidad.*

*h) Cualquier otra actividad de análoga naturaleza.*

*2. Igualmente, se permitirá la circulación de vehículos particulares por las vías de uso público para la realización de las actividades referidas en el apartado anterior o para el repostaje en gasolineras o estaciones de servicio".*

II

Unha restrición tan intensa da liberdade deambulatoria en su manifestación primaria de estar e circular pola vía pública, por razóns de saúde pública, resulta esencialmente incompatible co cumprimento das normas de policía de mobilidade da vixente ordenanza reguladora do estacionamento regulado e controlado mediante parquímetros en vía pública (BOP de Pontevedra de 11 de febreiro de 2011), cuxo funcionamento ordinario implica un deber de rotación dos estacionamentos a nivel de rúa cada dúas horas.

III

O 18 de marzo de 2020 a Xefa do Servizo de Contratación e o funcionario que suscribe realizaron unha comunicación ao representante legal de DORNIER, S.A., mercantil adxudicataria do contrato de xestión do servizo, do seguinte teor literal

"*As medidas adoptadas polas diferentes autoridades con ocasión da crise xerada polocoronavirus COVID-2019, en particular as directrices das autoridades sanitarias e asrelativas á restrición da liberdade de circulación dos cidadáns, determinan a imposibilidade sobrevida da execución do contrato de concesión de servizo público de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (expediente 90514-210), que se pon no seu coñecemento ós efectos que, en cumprimento do disposto no artigo 34.4 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, inste desta Administración o acordo de imposibilidade de execución do contrato de cara a recoñecer o seu dereito ó restablecemento do equilibrio económico do contrato.*

*A prestación do contrato poderá reanudarse unha vez cesen as medidas citadas no paragrafo anterior, circunstancia que se lle notificará polo órgano de contratación".*

IV

O 24 de marzo seguinte D. Carlos Alberto Baña Neira, representante legal da mercantil para a execución do contrato presentou as seguintes "alegacións":

*I.- Que el pasado 18 de marzo recibimos comunicación del Jefe del Área de Seguridad, D. Antonio Vivero Mijares, en el que se nos comunicó la imposibilidad sobrevenida de la ejecución del Contrato de Concesión en base a las medidas adoptadas por las diferentes autoridades, y la posibilidad de instar el derecho al reequilibrio económico del Contrato de Concesión en los términos dispuestos por el art, 34.3 del Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urgentes extraordinarias para hacer frente al impacto económico y social del COVID-19 (en adelante "Real Decreto-ley 8/2020"). Todo ello, con motivo de la Resolución del Excmo. Alcalde-Presidente, de 18 de marzo de 2020, por la que se resuelve comunicar a la empresa concesionaria la imposibilidad de ejecución del Contrato de Concesión.*

*II.- A la vista de la comunicación realizada, y resultando evidente la suspensión del servicio resuelta por el Ayuntamiento, de acuerdo con la resolución comunicada, a raíz de la imposibilidad de ejecución del Contrato de Concesión, Dornier queda a disposición del Ayuntamiento para reanudar la prestación de los servicios del Contrato de Concesión cuando cesen las causas de imposibilidad de ejecución del contrato, y las circunstancias lo permitan. Dicha reanu-*

*dación sólo tendrá lugar cuando sea acordada por el órgano de contratación, tal como se expone en la comunicación del pasado 18 de marzo, siendo el órgano de contratación el encargado de verificar el cese de las causas que imposibilitan la ejecución del Contrato de Concesión y ordene el levantamiento de la suspensión del mismo.*

*III.- Asimismo, ponemos en su conocimiento que, al amparo de lo previsto en el Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urgentes extraordinarias para hacer frente al impacto económico y social del COVID-19, mi representada prevé realizar una serie de actuaciones tendentes a evitar un mayor perjuicio socio económico derivado de la suspensión acordada, y que consistirán en las siguientes:*

*-Posibilidad de solicitar un ERTE por fuerza mayor, debido a la suspensión del Contrato de Concesión por la situación generada por el COVID-19.*

*En este supuesto, y debido a que el ERTE sólo garantizaría el cobro del 70% del salario actual de los trabajadores, Dornier intentaría complementar el salario de sus trabajadores hasta el 100%, circunstancia que dependerá de lo que se prolongue en el tiempo la situación actual.*

*-Posibilidad de solicitar el reequilibrio económico del Contrato de Concesión una vez restaurada la ejecución de aquel cuando se produzca el cese de la situación actual que imposibilita la ejecución del Contrato. Todo ello con base en el art. 34.4 del Real Decreto-ley 8/2020. Dicha solicitud incluirá los costes soportados y la pérdida de ingresos producida en el período de suspensión.*

*-Subsidiariamente, la compensación por los daños y perjuicios producidos derivados de la suspensión del contrato de conformidad con la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 20 14/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014.*

V

O art. 34.4 do RD-Ley 8/20 ubicado sistemáticamente no Capítulo III intitulado "*Garantía de liquidez para sostener la actividad económica ante las dificultades transitorias consecuencia de la situación"* dispón

***4.*** *En los contratos públicos de concesión de obras y de concesión de servicios vigentes a la entrada en vigor de este real decreto-ley, celebrados por las entidades pertenecientes al Sector Público en el sentido definido en el artículo 3 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, la situación de hecho creada por el COVID-19 y las medidas adoptadas por el Estado, las comunidades autónomas o la Administración local para combatirlo darán derecho al concesionario al restablecimiento del equilibrio económico del contrato mediante, según proceda en cada caso, la ampliación de su duración inicial hasta un máximo de un 15 por 100 o mediante la modificación de las cláusulas de contenido económico incluidas en el contrato.*

*Dicho reequilibrio en todo caso compensará a los concesionarios por la pérdida de ingresos y el incremento de los costes soportados, entre los que se considerarán los posibles gastos adicionales salariales que efectivamente hubieran abonado, respecto a los previstos en la ejecución ordinaria del contrato de concesión de obras o de servicios durante en el período de duración de la situación de hecho creada por el COVID-19. Solo se procederá a dicha compen-*

*sación previa solicitud y acreditación fehaciente de la realidad, efectividad e importe por el contratista de dichos gastos.*

*La aplicación de lo dispuesto en este apartado solo procederá cuando el órgano de contratación, a instancia del contratista, hubiera apreciado la imposibilidad de ejecución del contrato como consecuencia de la situación descrita en su primer párrafo.*

VI

O 28 de abril de 2020 o Consello de Ministros aprobou o “Plan para la transición a una nueva normalidad”, que en definitiva implica unha paulatina retirada das medidas restritivas da liberdade ambulatoria e das actividades económicas susceptibles de incrementar o risco de propogación comunitaria da pandemia.

O Plan contempla que corresponde ao Ministro de Sanidade a decisión relativa á fase, das catro existentes, en que se atope cada territorio en cada momento.

VII

A Orde SND/414/20 de 16 de maio na súa redacción dada pola Orde SND/440/20 de 23 de maio, ambas do Ministerio de Sanidade, comporta a paulatina normalización das actividades económicas e sociais e da liberdade deambulatoria en razón da constatada menor transmisión comunitaria do patóxeno

Dita Orde autoriza, constante a situación de estado de alarma (RD 537/20 de 22 de maio):

- A libre circulación por todo o territorio da provincia.
- A reapertura do comercio e servicios asimilados (con limitación de aforo).
- A reapertura dos centros comerciais (con limitación de aforo).
- A reapertura dos negocios de hostalería e restauración e das terrazas dos establecementos vinculadas (con limitación de aforo).
- As bibliotecas, museos, cines e actos e espectáculos culturais (con limitacións de aforo).
- A celebración de congresos, encuentros, reunións de negocios e conferencias.
- Hoteis e establecementos turísticos (con limitacións de uso).

VIII

A Orde do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana TMA 384/20 de 03 de maio modificada no seu art. 2 pola Orde TMA/400/20 de 09 de maio normaliza os transportes privados particulares e privados complementarios con ocupantes conviventes, e flexibiliza as anteriores restriccións no caso de viaxeiros non conviventes.

IX

Todas estas medidas comportan, fora de toda duda razoable, o cese da causa de suspensión do servizo de estacionamento limitado e controlado en vía pública mediante parquímetros operada pola entrada en vigor e vixencia do RD 463/20 de 14 de marzo de declaración do estado de alarma.

X

A reanudación das prestacións do contrato corresponde á Xunta de Goberno Local en canto órgano de contratación, a proposta da Concellería de Contratación (Acordo da Xunta de Goberno Local de 26 de xuño de 2019).

XI

A reanudación da actividade, dada a circunstancia de ERTE en que se atopan os traballadores, convén fixala para o 01 de xuño."

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

**Natureza do contrato e lexislación aplicable**

O contrato de concesión de servizo público dos servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (90.514-210) foi adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) do Concello de Vigo de 21 de decembro de 2017 a DORNIER, S.A. Dito contrato formalizouse en data 31 de maio de 2018.

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011,de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).

**-II-**

**REANUDACIÓN DA EXECUCIÓN DOS CONTRATOS NOS QUE SE DECLAROU A IMPOSIBILIDADE SOBREVENIDA DA SÚA EXECUCIÓN COMO CONSECUENCIA DA SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-19**

No artigo 34 do RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución deveña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

O artigo 7 do Real Decreto 463/20 de 14 de marzo polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado Real Decreto 465/20 de 17 de marzo establece a restrición da liberdade de circulación dos cidadáns, o que determinou a imposibilidade sobrevida da execución do presente contrato. Así na resolución de Alcaldía de 18 de marzo de 2020 se instou á área de goberno de Seguridade a que comunique a imposibilidade da execución do contrato de concesión de servizo público de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (expediente 90514-210).

En cumprimento desta normativa, a XGL, en data 9 de abril de 2020, acordou declarar a imposibilidade total de execución do contrato.

O Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, regula no seu artigo 3 a desescalada:

*"En aplicación del Plan para la desescalada de las medidas extraordinarias adoptadas para hacer frente a la pandemia de COVID-19, aprobado por el Consejo de Ministros en su reunión e28 de abril de 2020, el Ministro de Sanidad, a propuesta, en su caso, de las comunidades autónomas y de las ciudades de Ceuta y Melilla, y a la vista de la evolución de los indicadores sanitarios, epidemiológicos, sociales, económicos y de movilidad, podrá acordar, en el ámbito de su competencia, la progresión de las medidas aplicables en un determinado ámbito territorial, sin perjuicio de las habilitaciones conferidas al resto de autoridades delegadas competentes. La regresión de las medidas hasta las previstas en el Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, se hará, en su caso, siguiendo el mismo procedimiento. (...)".*

A Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da Fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.

Mediante resolución de alcaldía de data 13 de maio de 2020, ínstase no seu apartado primeiro, á Concellería Ddas. de Seguridade a analizar si cesaron as circunstancias ou medidas que determinaron a imposibilidade de execución que determinaron a suspensión do contrato, e, de ser o caso, proceder a adopción das medidas correspondentes.

A Orde SND/414/2020, de 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restriccións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 2 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.

Orde SND/440/2020, de 23 de maio, no apartado 12 do seu anexo, entre outros aspectos, determina a aplicación da fase 2 a provincia de Pontevedra.

Á vista da normativa citada, agora que a Comunidade Autónoma de Galicia dende o día 25 de maio atópase na fase II da desescalada de cara a unha nova normalidade, e polo tanto se ten ampliado tanto a liberdade de movementos dos cidadáns como a actividade industrial e comercial, circunstancias que supoñen un incremento de posibles usuarios do servizo, resulta preciso revisar o acordo da XGL de 9 de abril.

O servizo xestor informa que, ao abeiro do cambio operado nas circunstancias que imposibilitaban a prestación do servizo, por mor da entrada en vigor de novas disposicións de flexibilización das restricións impostas á cidadanía en virtude do Plan para a transición cara unha nova normalidade, cómpre informar que resulta procedente a reanudación total do contrato e que se practiquen as actuacións procedentes para proceder á reanudación da prestación obxecto do contrato.

En consecuencia, e de conformidade cos informes obrantes no expediente procede acordar a reanudación da execución do contrato de concesión de servizo público dos servizos de

estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros o luns, 1 de xuño de 2020.

**-III-**

**COMPETENCIA**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

> *"Comunicar ó contratista o fin da suspensión da execución do contrato concesión de servizo público dos servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (expediente 90.514-210) procediendo á reanudación do servizo o luns 1 de xuño de 2020."*

**Acordo**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(385).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE CAMPAMENTOS DE VERÁN. EXPTE. 9058/336.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 26/05/2020 e o informe de fiscalización do 26/05/2020, dáse conta do informe-proposta do 25/05/2020, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude, o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.-

A Xunta de Goberno Local, na **sesión extraordinaria e urxente do 16 de maio de 2019 acordou:**

*1.- Adxudicar á UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA o lote 6 "Verán con temáticas ecolóxicas/medio ambientais" do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8752-336) coas seguintes condicións:*

a) *O prezo total do lote é de 16.912,40 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.537,49 euros.*
b) *Propón a realización de 1 saída e excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco.*
c) *Propón 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.*

*2.- Adxudicar a BARAFUNDA, S.L. o lote 7 "Verán* con temáticas artísticas" *do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8752-336) coas seguintes condicións:*

a) *O prezo total do lote é de 17.590 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.599,09 euros.*
b) *Propón a realización de 3 saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco.*
c) *Propón 4 persoas con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.*

*3- Adxudicar a MR. PICWICK SCHOOL, S.L. o lote 9 "Verán en inglés" do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8752-336) coas seguintes condicións:*

a) *O prezo total do lote é de 11.588,14 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.053,47 euros.*
b) *Propón a realización de 2 saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco.*
c) *Propón 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.*

*4.- Adxudicar a XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. o lote 10 "Campamento con pernocta en Vigozoo" do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8752-336) coas seguintes condicións:*

a) *O prezo total do lote é de 36.997,06 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.363,37 euros.*
b) *Propón a realización de 1 saída e excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco.*
c) *Propón 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas.*

*5.-A Xunta de Goberno Local, na* ***sesión ordinaria do 23 de maio de 2019 acordou:***
*"Adxudicar a DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAIS) os lotes 4 e 5 do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) coas seguintes condicións:*

***Lote 4 Verán na praia I****:*
*a) O prezo total do lote é de 18.568,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.688,00 euros.*

***Lote 5 Verán na praia II:***
*a) O prezo total do lote é de 18.568,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.688,00 euros.*

*6.- Con data 14/06/2019 foi asinado o contrato con UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA para o lote 6.*

*7.- Con data 27/06/2019 foi asinado o contrato con BARAFUNDA, S.L. para o lote 7.*

*8.- Con data 28/06/2019 foron asinados os contratos con DANIELA ALVITE WAISMAN, para os lotes 4 e 5.*

*11.- Con data 04 de xullo de 2019,a Xunta de Goberno Local acordou desestimar o recurso interposto por AVENTEIRA SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA XUVENIL contra a adxudicación do lote 4 a do contrato de servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019.*

*12.- Segundo o Prego de Cláusulas Administrativas, no punto 7C. establece que a prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.*

*13.- Segundo as FOLLAS DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (FEC) 4. PRAZO C PRÓRROGA DO CONTRATO E, EN CASO AFIRMATIVO, DURACIÓN: si, catro prórrogas dun ano de duración cada unha.*

*14.- Ante a situación de crise sanitaria provocada polo COVID19, o contrato correspondente ao lote 10 "Campamento con pernocta en Vigozoo" é necesario modificar algunhas das súas prestacións así como o horario; razón pola que non se inclúe a prórroga do mesmo no presente expediente, estando tramitándose a modificación do mesmo polo Servizo de Contratación (expediente 6480-241).*

*Ante a necesidade de prorrogar os contratos correspondentes aos Lotes 4,5,6,7 e 9 , para a prestación de servizos de campamentos de verán para o ano 2020 ( expediente 8752-336) unha vez rematado o primeiro ano de contrato toda vez que os traballos desenvolvéronse satisfactoriamente polas adxudicatarias, e por tratarse de servizos que favorecen a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das familias viguesas con fillos/as de idades comprendidas entre os 4 e 17 anos, procede a prórroga dos mesmos nas mesmas condicións en que foron adxudicados. De:*

- *Lote 4 Verán na Praia I, adxudicado a DANIELA ALVITE WAISMAN por un importe de 18.568,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.688,00 euros.*
- *Lote 5 Verán na Praia II, adxudicado a DANIELA ALVITE WAISMAN por un importe de 18.568,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.688,00*
- *Lote 6 "Verán con temáticas ecolóxicas/medio ambientais", adxudicado a UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA por un prezo total do lote de 16.912,40 euros,sendo a cota correspondente ao IVE de 1.537,49 euros.*
- *Lote 7 "Verán* con temáticas artísticas"a*dxudicado a BARAFUNDA, S.L por un prezo total do lote é de 17.590 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.599,09 euros.*
- *Lote 9 "Verán en inglés", adxudicado a MR. PICWICK SCHOOL, S.L, por un prezo de 11.588,14 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.053,47 euros.*

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

*En base ao que antecede,* ***proponse á Xunta de Goberno local*** *como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente,* ***a adopción do seguinte acordo:***

***PRIMEIRO.-"*** *Prorrogar coas mesmas características e duración, para o ano 2020 os contratos de:*

- ***Lote 4 "Verán na Praia I",*** *adxudicado a DANIELA ALVITE WAISMAN por un importe de 18.568,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.688,00 euros.*
- ***Lote 5 "Verán na Praia II"****, adxudicado a DANIELA ALVITE WAISMAN por un importe de 18.568,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.688,00*
- **Lote 6** "**Verán con temáticas ecolóxicas/medio ambientais**"*, adxudicado a UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA por un prezo total do lote de 16.912,40 euros,sendo a cota correspondente ao IVE de 1.537,49 euros.*
- ***Lote 7 "Verán*** **con temáticas artísticas"** *adxudicado a BARAFUNDA, S.L por un prezo total do lote é de 17.590 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.599,09 euros.*
- ***Lote 9 "Verán en inglés"****, adxudicado a MR. PICWICK SCHOOL, S.L, por un prezo de 11.588,14 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.053,47 euros.*

***TERCEIRO.*** *Aprobar o gasto correspondente ao Lote 4 “Verán na Praia I”, adxudicado a DANIELA ALVITE WAISMAN por un importe de 18.568,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.688,00 euros.*

***CUARTO.-*** *Aprobar o gasto correspondente ao Lote 5 “Verán na Praia II”, adxudicado a DANIELA ALVITE WAISMAN por un importe de 18.568,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.688,00.*

***QUINTO.-****Aprobar o gasto correspondente ao Lote 6* “Verán con temáticas ecolóxicas/medio ambientais*” adxudicado á UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA,por importe de de 16.912,40 euros,sendo a cota correspondente ao IVE de 1.537,49 euros.*

***SEXTO.-*** *Aprobar o gasto correspondente ao Lote 7 “Verán* con temáticas artísticas” *adxudicado a BARAFUNDA, S.L por un prezo total do lote é de 17.590 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.599,09 euros.*

***SÉTIMO.-****Aprobar o gasto correspondente ao Lote 9 “Verán en inglés”, adxudicado a MR. PICWICK SCHOOL, S.L, por un prezo de 11.588,14 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.053,47 euros.*

***OITAVO.-****Aprobar o gasto total de 83.226,54 € correspondente á prórroga dos contratos de Campamentos de Verán, para o ano 2020 dos lotes 4,5,6,7,9* con cargo á partida *3370.2279912 e a súa bolsa de vinculación.*

***DÉCIMO****.- Notificar o presente acordo ás adxudicatarias e publicar o mesmo no perfil do contratante do Concello de Vigo”.*

**<u>Acordo</u>**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(386).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

ME

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez